

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### BANCO DE ESPAÑA

- 1352** *Circular 1/2021, do 28 de xaneiro, do Banco de España, pola que se modifican a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos, e a Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.*

#### I

O obxectivo principal da presente circular é adaptar a Circular 1/2013, do 24 de maio, do Banco de España, sobre a Central de Información de Riscos (en diante, «Circular 1/2013»), e a Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos (en diante, «Circular 5/2012»), aos cambios introducidos na regulación da Central de Información de Riscos (CIR) e dos tipos oficiais de referencia pola Orde ETD/699/2020, do 24 de xullo, de regulación do crédito revolvente e pola que se modifican a Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos, a Orde EHA/1718/2010, do 11 de xuño, de regulación e control da publicidade dos servizos e produtos bancarios, e a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios (en diante, «OM de crédito revolvente»).

#### II

Esta circular consta de dúas normas, unha disposición derradeira única e tres anexos. A norma primeira actualiza a Circular 1/2013, e a norma segunda, a Circular 5/2012. Na disposición derradeira única establécese a entrada en vigor da presente circular, e os anexos actualizan os anexos 1 e 2 da Circular 1/2013 e o anexo 8 da Circular 5/2012.

O 27 de xullo publicouse no «Boletín Oficial del Estado» (BOE) a OM de crédito revolvente, pola que, entre outras normas, se modifica a Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos (en diante, «OM da CIR»). Entre os obxectivos desta orde está o de mellorar a información de que dispoñen os prestamistas para realizar a análise de solvencia dos potenciais prestameiros, de forma que se poidan evitar posicións de sobreendebemento que leven os prestameiros a non poderen facer fronte ás súas obrigacións financeiras. Dispor da información adecuada que permita facer unha avaliación sólida da solvencia para previr situacións de endebemento excesivo cobra especial relevancia no contexto do impacto económico e social provocado pola crise sanitaria motivada pola COVID-19.

Esta OM de crédito revolvente introduce cambios na OM da CIR que afectan distintos aspectos do funcionamento da CIR. En concreto, supón unha revisión e adaptación da normativa regulamentaria da CIR, orientada ao fornecemento dunha información máis completa aos suxeitos declarantes e á mellora das súas capacidades en termos de información dispoñible para unha análise de solvencia cada vez máis precisa. Para iso, amplía o perímetro das entidades que deben declarar os seus datos á CIR, rebaixa o limiar dos datos facilitados polo Banco de España ás entidades declarantes e aos intermediarios de crédito inmobiliario no exercicio da súa actividade, amplía o volume de información que as entidades deben declarar ao Banco de España e adianta as datas da declaración dos datos que se porán á disposición das entidades. O proceso de revisión da normativa da CIR irase implementando progresivamente e culminará cunha valoración do seu funcionamento. Con este fin, a OM de crédito revolvente establece que, un ano despois da súa entrada en vigor, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital

valorará, logo de informe do Banco de España, a conveniencia de promover cambios no funcionamento da CIR que melloren a súa función de servizo público, tal como establece o artigo 59 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

Por outra parte, a situación excepcional creada pola COVID-19 fixo necesario habilitar distintas medidas de índole financeira para mitigar o impacto económico da pandemia. Estas medidas articuláronse en catro reais decretos leis e facilitan as condicións de financiamento de persoas físicas, empresas e autónomos mediante a instrumentación de moratorias e avais públicos, e a través de moratorias privadas promovidas por asociacións de entidades. Para dar cumprimento ás obrigacións de información que impoñían eses reais decretos leis aos prestamistas e apoiar os labores de supervisión e inspección do Banco de España, solicitóuselles ás entidades declarantes o envío á CIR de determinada información relativa ás características dos préstamos afectados polas mencionadas medidas.

A actualización da Circular 1/2013 realízase na norma primeira coa tripla finalidade que se detalla a continuación.

Por un lado, é necesario incorporar na Circular 1/2013 os cambios introducidos pola OM de crédito revolvente na OM da CIR. Nesta circular abórdanse aqueles cambios cuxa entrada en vigor se producirá, de acordo co previsto na OM de crédito revolvente, en 2021. Neste sentido, cabe sinalar, en primeiro lugar, a modificación das normas terceira e décimo sexta para rebaixar de 9.000 a 1.000 euros o importe do risco acumulado dun titular nunha entidade, que se incluírá na información que o Banco de España retornará ás entidades para a avaliación da solvencia dos seus clientes. En segundo lugar, a inclusión, tamén na norma décimo sexta, do límite temporal máximo para a posta á disposición da información de retorno para as entidades declarantes e os intermediarios de crédito inmobiliario, que será de vinte e un días naturais a partir da data a que se refira a última información declarada. En terceiro lugar, a modificación da norma primeira con obxecto de engadir como entidades declarantes á CIR as entidades de pagamento, incluídas as que operen en España, no exercicio do dereito de liberdade de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos, que realicen a actividade de crédito sinalada no artigo 20.3 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, e as entidades de diñeiro electrónico, incluídas as que operen en España, no exercicio do dereito de liberdade de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos, que realicen a actividade de crédito sinalada no artigo 8.1.b) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico, tal como determina, en ambos os casos, a disposición adicional primeira da OM de crédito revolvente. Finalmente, modifícanse as normas cuarta, quinta e décimo terceira para determinar o ámbito da información que deberán remitir á CIR as novas entidades declarantes, que coincidirá co modelo de declaración reducida que se aplica xa aos prestamistas inmobiliarios e ás entidades de crédito que operan en réxime de libre prestación de servizos. Así mesmo, actualízase na norma vixésima a mención ao dereito de cancelación, que pasa a denominarse «dereito de supresión» para aliñar a terminoloxía coa normativa vixente en materia de protección de datos.

Por outro lado, no marco de reporte xeral á CIR que establece a Circular 1/2013, procede incorporar a nova información solicitada ás entidades declarantes como consecuencia da crise provocada pola COVID-19. Esta nova información tradúcese na creación de seis dimensións e a adición de novos valores noutras dúas dimensións do anexo 2 da Circular 1/2013.

Por último, co obxectivo de actualizar a norma introducíronse algunhas aclaracións no citado anexo 2 para mellorar a declaración e a xestión técnica da información, que redundarán nunha mellora da calidade da información que se solicita ás entidades declarantes.

Adicionalmente, a presente circular introduce, na súa norma segunda, unha modificación de determinados aspectos da Circular 5/2012, no que se refire aos tipos de xuro oficiais, debido a que a OM de crédito revolvente tamén modificou a Orde

EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios (en diante, «OM de transparencia»). Con este cambio perséguese, entre outros obxectivos, aumentar as alternativas de tipos de xuro oficiais que teñen as entidades, tanto para utilizalos na concesión de préstamos como para incluílos como substitutivos nos ditos contratos. Para iso, revísase a relación de tipos de xuro que terán a consideración de tipos oficiais de referencia, se cambia a denominación dalgún dos existentes e se amplía o seu número. A OM de transparencia habilita o Banco de España para establecer a definición e o proceso de determinación dos tipos de xuro oficiais relacionados nesta.

En particular, aos tipos de referencia oficiais actualmente existentes engádenselles catro índices baseados en diferentes prazos do euríbor (a unha semana, a un mes, a tres meses e a seis meses), outro baseado no «Euro short-term rate» (€STR) e calquera outro índice que se estableza para o efecto expresamente mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional. Xunto con isto, suprímese o mibor da relación de tipos de xuro oficiais, aínda que mantén este carácter para as operacións formalizadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2000, e o Banco de España continuará publicándoo mensualmente na súa sede electrónica e no BOE.

Así, como obxectivo principal, actualízase a relación dos tipos oficiais prevista na OM de transparencia e establécense a definición e o procedemento de determinación dos novos índices.

Para cada un dos prazos do euríbor, o índice defínese como a media aritmética simple mensual dos valores diarios do índice de referencia Euríbor®, que figura no anexo do Regulamento de execución (UE) 2016/1368 da Comisión, do 11 de agosto de 2016, polo que se establece unha lista dos índices de referencia cruciais utilizados nos mercados financeiros, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos fondos de investimento, e polo que se modifican as directivas 2008/48/CE e 2014/17/UE e o Regulamento UE/596/2014 (en diante, o «Regulamento (UE) 2016/1011»).

En canto ao tipo de xuro de referencia baseado no €STR, debe precisarse que o €STR é un índice que reflicte o custo de financiamento no mercado grosista financeiro a un día e sen garantías das entidades tomadoras de depósitos localizadas na zona do euro. Este índice elaboráoo e publícao o Banco Central Europeo (BCE) diariamente, seguindo a metodoloxía que establece a Orientación BCE/2019/19, do 10 de xullo de 2019, que traspón os principios aplicables aos índices de referencia financeiros da Organización Internacional de Comisións de Valores. O BCE, na súa condición de administrador deste índice, está finalizando a elaboración dun índice a distintos prazos baseado no €STR, que prevé publicar. Este índice é o que adquirirá a consideración de tipo oficial de referencia baseado no €STR cando o BCE finalice os traballos en marcha e comece a súa publicación.

Adicionalmente, para adaptar o proceso de determinación dos tipos de referencia oficiais xa existentes á operativa actual dos diferentes mercados financeiros, a circular actualiza o de catro destes índices.

No tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito en España, elimínase a referencia á non inclusión no cálculo do índice dos tipos de xuro comunicados polas caixas de aforros que non exerzan directamente a actividade financeira. Esta referencia tiña sentido cando o Banco de España publicaba, conforme o disposto na disposición transitoria segunda da Circular 5/2012, os índices tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polos bancos e tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas caixas de aforros, en cuxo método de cálculo se fai referencia aos tipos declarados polas caixas de aforros que non exerzan directamente a actividade financeira, figura inexistente na actualidade. A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, estableceu setembro de 2013 como derradeira data de publicación destes índices.

Para a referencia interbancaria a un ano (euríbor) que, conforme o disposto na OM de crédito revolvente, pasa a denominarse «euríbor a un ano», substitúese a fonte utilizada para a súa determinación, de maneira que o Banco de España deixará de realizar os cálculos simples para a obtención da media mensual, e pasará a publicar e replicar a información elaborada polo administrador do dito índice, o *European Money Markets Institute* (EMMI), que xa calcula esa media. Con carácter subsidiario, soamente na falta da dita publicación por parte do EMMI o Banco de España calculará e publicará as medias mensuais.

A modificación do tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos está motivada tamén polo cambio na fonte utilizada para a súa determinación e por que o Banco de España deixará de realizar os cálculos que viña efectuando e publicará o dato calculado por Sociedad de Bolsas, S.A., pertencente ao grupo Bolsas y Mercados Españoles. Sociedad de Bolsas, S.A. é administrador autorizado de índices de referencia e está en trámite de obter da Comisión Nacional do Mercado de Valores a correspondente autorización en relación con este índice de débeda para os efectos do Regulamento (UE) 2016/1011 sobre índices de referencia. Ata a publicación do índice calculado por Sociedad de Bolsas, S.A., o Banco de España continuará calculando o tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos conforme a disposición transitoria que se introduce na Circular 5/2012 para eses efectos.

A nova redacción do tipo «Permuta de xuros/*interest rate swap* (IRS) ao prazo de cinco anos» reflicte o cambio da fonte para obter os datos e o cambio de administrador do índice subxacente de ISDA a ICE Benchmark Administration.

Por último, o mantemento da difusión do mibor polo Banco de España instruméntase mediante unha disposición transitoria na Circular 5/2012, en liña co sinalado na disposición transitoria única da OM de transparencia. A disposición transitoria equipara o dato diario que se debe considerar no cálculo deste índice ao do euríbor a un ano, tal como, con carácter subsidiario, se prevía na normativa anterior, como consecuencia da inactividade do mercado interbancario español ao prazo dun ano.

As modificacións da Circular 1/2013 e da Circular 5/2012 entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOE, sen prexuízo do previsto na disposición derradeira segunda da OM de crédito revolvente.

### III

Nesta circular cúmprense os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica e eficiencia regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto que con ela se conseguen os fins perseguidos sen impor cargas innecesarias ou accesorias, e regúlanse de forma coherente co resto do ordenamento exclusivamente os aspectos imprescindibles.

Así mesmo, en aplicación do principio de transparencia establecido na mesma norma, a circular, na parte correspondente á modificación da Circular 1/2013, someteuse aos procedementos de consulta, audiencia e información públicas regulados no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En relación coa modificación da Circular 5/2012, observouse o trámite de audiencia e información públicas, pero, tal como permite este último artigo, prescindíuse do trámite de consulta pública previa porque as modificacións que se introducen non impoñen obrigacións relevantes aos destinatarios e límitanse a regular aspectos parciais desta materia.

A habilitación do Banco de España para modificar a Circular 1/2013 provén da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e da OM da CIR, que desenvolve a citada Lei 44/2002. Pola súa parte, a OM de crédito revolvente modifica a disposición derradeira terceira da OM de transparencia e habilita o Banco de España para establecer a definición e o proceso de determinación dos tipos de xuro oficiais.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes

### Normas

**Norma primeira.** *Modificación da Circular 1/2013, do 24 de maio, do Banco de España, sobre a Central de Información de Riscos.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Circular 1/2013, do 24 de maio:

a) Na norma primeira, «Entidades declarantes», modifícanse os puntos 1 e 2, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1 A obrigaón de declarar ao servizo público da CIR acada as seguintes entidades e os prestamistas inmobiliarios (en diante, «entidades declarantes»):

a) Entidades de crédito (Instituto de Crédito Oficial, bancos, caixas de aforros e cooperativas de crédito), incluídas as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras e as que operen en España en réxime de libre prestación de servizos.

b) Establecementos financeiros de crédito.

c) Entidades de pagamento, incluídas as que operen en España, no exercicio do dereito de liberdade de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos, que realicen a actividade de crédito sinalada no artigo 20.3 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.

d) Entidades de diñeiro electrónico, incluídas as que operen en España, no exercicio do dereito de liberdade de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos, que realicen a actividade de crédito sinalada no artigo 8.1.b) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico.

e) Sociedades de garantía recíproca e sociedades de reafianzamento.

f) Sociedad de Gestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria, S.A. (Sareb).

g) Banco de España.

h) Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

i) Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA).

j) Os prestamistas inmobiliarios a que se refire a Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario, non incluídos en categorías anteriores.

2. A obrigaón recollida no punto 1 alcanza, no caso das entidades españolas, a totalidade do seu negocio, incluído o realizado polas súas sucursais no estranxeiro, e o das sociedades instrumentais integradas no seu grupo consolidable cando sexan residentes en España, e o seu negocio, prolongación da actividade do dito grupo.

As sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras, así como as entidades de pagamento e as de diñeiro electrónico que operen en España en exercicio do dereito de liberdade de establecemento, só declararán á CIR a operativa das súas oficinas en España.

As entidades de crédito, as entidades de pagamento e as entidades de diñeiro electrónico que operen en España en réxime de libre prestación de servizos só declararán á CIR a operativa realizada con residentes en España.

Para efectos desta circular, e con obxecto de determinar as obrigaóns de remisión da información, entenderase como entidades suxeitas a declaración reducida as seguintes entidades declarantes: as entidades de crédito que operen en España en réxime de libre prestación de servizos incluídas na letra a) do punto 1, as entidades de pagamento a que se refire a letra c) do punto 1, as entidades de diñeiro electrónico a que se refire a letra d) do punto 1 e os prestamistas inmobiliarios a que se refire a letra j) do punto 1.



Cando as entidades declarantes non poidan facilitar de forma individualizada todos ou parte dos datos que se deben declarar das operacións rexistradas nunha sucursal no estranxeiro por estar radicada nun país cuxa lexislación o impida, deberán enviar ao Banco de España unha declaración xurada en que se xustifique suficientemente esta circunstancia, detallando de maneira específica que datos afecta a imposibilidade legal de remisión á CIR e a normativa en que se basea, da cal se enviará unha copia xunto coa referida declaración xurada. A declaración xurada deberase actualizar ao menos cada dous anos se se mantén o impedimento legal para facilitar os datos de forma individualizada. De cesar a causa que impedía o envío de datos, as entidades declarantes deberán comunicalo ao Banco de España e, a partir dese momento, comezar a declaralos de forma individualizada.»

b) Na norma terceira, «Titulares e outras persoas declarables», modifícanse o punto 3 e o punto 5, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. As entidades declarantes deben asignar a cada titular exclusivamente o risco, directo ou indirecto, que lle corresponda das operacións en que interveña. En consecuencia:

a) As operacións subvencionadas e as que teñan titulares de riscos directos mancomunados dividíranse e decláranse á CIR con tantos códigos de operación diferentes como sexan necesarios para poder asignar a cada titular, ou grupo de titulares mancomunados que actúan solidariamente entre si, o importe que lle corresponda.

b) As operacións que teñan varios titulares de riscos indirectos decláranse mensualmente, tantas veces como sexa necesario, no módulo C.2, Datos dinámicos dos riscos indirectos, para poder imputar a cada titular o importe que lle corresponda.

O disposto neste punto non é de aplicación ás entidades suxeitas a declaración reducida, cuxa declaración se axustará aos criterios establecidos para a declaración do módulo I, Datos sobre a actividade das entidades suxeitas a declaración reducida.»

«5. Os titulares de riscos, directos e indirectos, decláranse de forma individualizada á CIR, calquera que sexa o importe do seu risco na entidade declarante, excepto cando as súas operacións non sexan declarables, conforme o disposto na norma segunda, punto 3. Excepcionalmente, poderanse excluír da declaración do risco indirecto a nome dun titular os efectos en que comprométese a súa sinatura, sempre que o seu importe sexa inferior a 6.000 euros e formen parte dunha operación de crédito comercial con recurso. Así mesmo, as entidades suxeitas a declaración reducida non decláranse os titulares de risco indirecto que interveñan na operación en calidade de contraparte dun derivado de crédito comprado, de garante sen coñecemento do titular ou de terceiro comprometido a pagar importes nunha operación de arrendamento financeiro.

Os datos dos titulares, incluídos os das súas operacións, cuxo risco acumulado na entidade declarante sexa inferior a 1.000 euros, decláranse exclusivamente coa finalidade prevista no artigo 60, punto cuarto, letra a), da Lei 44/2002. Para estes efectos, o risco acumulado é o importe das operacións en que a persoa interveña como titular de risco, directo ou indirecto, coas seguintes precisións:

a) Non se inclúen no cálculo do risco acumulado os importes das operacións que se declaren como:

1. Garantías financeiras instrumentadas como derivados de crédito ou compromisos de risco de crédito de arrendamentos financeiros para o arrendador.

2. Outros compromisos con risco de crédito instrumentados como compromisos de risco de crédito de arrendamentos operativos para o arrendador.

3. Outros arrendamentos, segundo a definición doutros arrendamentos establecida na dimensión «Tipo de produto» do módulo B.2 do anexo 2.

b) O importe do risco directo asumido nas operacións é a suma dos importes dispostos (principal, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles) pendentes de cobramento máis os importes dispoñibles (con dispoñibilidade inmediata e condicionada).

c) O importe do risco indirecto que computa como risco acumulado é o risco máximo que garante o titular das operacións en que intervén exclusivamente como garante ou porque comprometeu a súa sinatura en operacións de carteira comercial ou efectos financeiros. Cando o titular comprometeuse a súa sinatura en efectos que forman parte de operacións de carteira comercial con recurso que non se declaren á CIR conforme o disposto no primeiro parágrafo deste punto, o risco non declarado por este motivo non se computará para estes efectos.

d) Nos préstamos sindicados e demais préstamos en que varios prestamistas participan de forma mancomunada, cada entidade declarante computará como risco acumulado exclusivamente o importe do risco que asuma das operacións. Nos diferentes módulos declararase exclusivamente o importe do risco que a entidade asuma nestes préstamos, sen prexuízo do tratamento específico para as garantías con que, de ser o caso, contén, que se declararán conforme o sinalado na norma oitava, puntos 3, 8 e 11.

e) Nas garantías financeiras, e avais e caucións non financeiros prestados concedidos solidariamente por varias entidades, cada entidade declarante computará como risco acumulado o importe total da operación.

f) No risco acumulado, ademais dos importes que asume directamente a entidade declarante co titular, inclúiranse os que transferise a terceiros das operacións en que continúa coa súa xestión fronte ao titular, aínda que os dese de baixa do activo, así como os que teña rexistrados nos libros das súas sociedades instrumentais residentes en España.

g) No risco acumulado das entidades que adquirisen operacións que continúe declarando á CIR outra entidade, tamén se inclúen os importes que asumisen nas ditas operacións, aínda que, conforme o disposto na norma décimo cuarta, letra B), non os declaren á CIR como datos dinámicos dos riscos directos e indirectos.

h) No risco acumulado non se incluírán os importes das operacións a que se refire a norma segunda, punto 1 bis.»

c) Na norma cuarta, «Módulos de datos e disposicións xerais», modifícanse os puntos 1 e 2, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. As entidades declarantes estarán obrigadas a remitir ao Banco de España os seguintes módulos de datos, mentres lles sexan aplicables, conforme o disposto nas normas deste capítulo:

Módulo	Denominación	Periodicidade	Prazo máximo de presentación
A	Datos de persoas e solicitude de código.		
A.1	Datos que identifican as persoas.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.
A.2	Solicitude de código de identificación de persoas non residentes en España.	Non periódico.	
B	Datos básicos das operacións e das relacións coas persoas.		
B.1	Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.
B.2	Datos básicos das operacións.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.
B.3	Datos básicos complementarios dos préstamos a persoas xurídicas.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.

Módulo	Denominación	Periodicidade	Prazo máximo de presentación
C	Datos dinámicos das operacións.		
C.1	Datos dinámicos dos riscos directos.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
C.2	Datos dinámicos dos riscos indirectos.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
C.3	Datos dinámicos financeiros dos préstamos a persoas xurídicas.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
C.4	Datos dos préstamos a persoas xurídicas sobre as responsabilidades conxuntas.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
D	Datos sobre garantías recibidas.		
D.1	Datos básicos que relacionan as operacións coas garantías recibidas.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
D.1.1	Datos básicos das garantías recibidas.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
D.2	Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
D.3	Datos básicos dos activos financeiros recibidos en garantía.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
D.4	Datos dinámicos que relacionan as operacións coas garantías recibidas.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
D.5	Datos dinámicos dos edificios en construción e das promocións inmobiliarias recibidos en garantía.	Trimestral.	Día 10 do mes seguinte.
E	Datos sobre tipos de xuro dos préstamos.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
F	Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
G	Vinculación de códigos.		
G.1	Datos básicos que vinculan códigos.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
G.2	Datos básicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.
G.3	Datos dinámicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades.	Mensual.	Día 5 do mes seguinte.
H	Información prudencial complementaria.		
H.1	Datos contables dos préstamos a persoas xurídicas.	Trimestral.	Día 15 do segundo mes seguinte.
H.2	Datos sobre o risco dos titulares dos préstamos que sexan persoas xurídicas.	Trimestral.	Día 10 do mes seguinte.
H.3	Datos sobre a situación de falta de pagamento ( <i>default</i> ) dos titulares de risco dos préstamos que sexan persoas xurídicas.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
I	Datos dinámicos sobre a actividade das entidades suxeitas a declaración reducida.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.

Os módulos de datos inclúense como anexo 1 e as instrucións para a súa elaboración, no anexo 2. Adicionalmente, o Banco de España poderá elaborar aplicacións técnicas para facilitar a confección dos diferentes módulos. En todo caso, a declaración das dimensións da CIR que sexan coincidentes coas que figuran no Regulamento (UE) 867/2016, no non recollido expresamente nesta circular ou nas aplicacións técnicas, farase aplicando os criterios que, de ser o caso, publique o BCE.

Cando o día do prazo máximo de presentación dos módulos sexa festivo en Madrid, os datos poderanse enviar o primeiro día hábil na dita localidade posterior ao día máximo de presentación.

Os datos dinámicos (é dicir, os que teñen frecuencia mensual ou trimestral) serán os correspondentes á situación do último día do mes ou trimestre natural a que se refira a declaración.

Os importes declararanse en unidades de euros. Os importes denominados en moedas diferentes do euro declararanse polo seu contravalor en euros, utilizando



para os datos básicos o tipo de cambio aplicable na data de formalización das operacións e para os datos dinámicos o tipo de cambio de peche correspondente á data a que se refiran os datos, que coincidirá co tipo que se utilice para a elaboración dos estados financeiros.

2. As seguintes entidades declarantes non terán que declarar os módulos que se indican a continuación, aínda que teñan datos susceptibles de declarar neles:

a) As entidades de crédito españolas e as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras cuxa sede social non estea radicada noutro país do Espazo Económico Europeo non declararán o módulo I.

b) As sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras cuxa sede social estea radicada noutro Estado membro informador non declararán os módulos D, H e I. Non obstante, o Banco de España poderá requirir o envío dos módulos D e H cando a información destes módulos sexa necesaria para cumprir coas obrigacións establecidas polo Regulamento (UE) 867/2016. Neste caso, a información que se enviará sobre o módulo D será a mesma que se require para as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras cuxa sede social estea radicada noutro país do Espazo Económico Europeo que non sexa Estado membro informador. O requirimento efectuarase por escrito, cunha antelación mínima de tres meses antes do primeiro envío.

c) As sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras cuxa sede social estea radicada noutro país do Espazo Económico Europeo que non sexa Estado membro informador non declararán os módulos D.3, D.5 e I.

d) As sociedades de garantía recíproca non declararán os módulos B.3, C.3, C.4, E, F, G.2, G.3, H e I.

e) O Banco de España, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, as sociedades de reafianzamento e a Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) non declararán os módulos B.3, C.3, C.4, D, E, F, G, H e I.

f) A Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. (Sareb) e os establecementos financeiros de crédito non declararán os módulos B.3, C.3, C.4, H e I.

g) As entidades suxeitas a declaración reducida non declararán os módulos B, C, D, E, F, G e H.»

d) Na norma quinta, «Datos de persoas e solicitude de código», modifícase o punto 4, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. As entidades suxeitas a declaración reducida non declararán as partes 3 e 4 deste módulo.»

e) Modifícanse o título e o punto 1 da norma décimo terceira, «Datos sobre a actividade das entidades de crédito que operen en réxime de libre prestación de servizos e dos prestamistas inmobiliarios», que quedan redactados nos seguintes termos:

«Norma décimo terceira. *Datos dinámicos sobre a actividade das entidades suxeitas a declaración reducida.*

1. O módulo I, Datos dinámicos sobre a actividade das entidades suxeitas a declaración reducida, enviarase para declarar os riscos directos e indirectos das operacións declarables polas entidades de crédito que operen en España en réxime de libre prestación de servizos, as entidades de pagamento a que se refire a letra c) do punto 1 da norma primeira, as entidades de diñeiro electrónico a que se refire a letra d) do punto 1 da norma primeira e os prestamistas inmobiliarios. Os riscos directos e indirectos inclúen os riscos transferidos a que se refire o punto 4 da norma segunda.»

f) Na norma décimo sexta, «Uso da CIR polas entidades declarantes e polos intermediarios de crédito inmobiliario», modifícase o punto 1 e engádesse o punto 7, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A CIR facilitará ás entidades declarantes e aos intermediarios de crédito inmobiliario a que se refire o artigo 4.5) da Lei 5/2019 a seguinte información:

a) Mensualmente remitirá a cada entidade declarante información dos titulares con que a propia entidade declarante teña algún tipo de risco ao final do mes a que se refiran os datos.

Esta información conterá os datos que se inclúen como anexo 3, sen identificar as entidades que declarasen os datos, e incluírá a información consolidada de todas as entidades declarantes en que os titulares manteñan un risco acumulado ao final do mes a que se refiran os datos igual ou superior a 1.000 euros. Para estes efectos, entenderase como risco acumulado o que se define na norma terceira, punto 5.

As operacións agregaranse sempre que coincidan todos os valores das dimensións de que se informa, e indicárase a natureza en que intervéñ o titular nas diferentes operacións, así como os importes de que el responda. Estes facilitaranse en miles de euros arredondados, coa equidistancia á alza.

Con obxecto de imputar aos titulares exclusivamente o risco de crédito consolidado que efectivamente mantén todo o sistema con eles, na elaboración dos informes de riscos aplicáranse os seguintes criterios:

1. Non se incluírán as garantías financeiras nin os avais e caucións non financeiros prestados ante entidades declarantes.

2. Informárase só unha vez do importe das garantías financeiras e dos avais e caucións non financeiros prestados solidariamente por varias entidades declarantes.

3. Incluíranse como risco das empresas as operacións declaradas a nome das súas sucursais. Porén, nos informes de riscos das sucursais só se incluírán as operacións declaradas ao seu nome.

As operacións cuxo tipo de produto sexa «dereitos de cobramento sobre tarifas reguladas» non se incluírán na información que se facilita ás entidades declarantes.

b) Logo de solicitude en que consten o nome do titular e o seu código de identificación, o Banco de España proporcionará ás entidades declarantes información de todo titular que solicitase unha operación de risco ou que figure como obrigado ao pagamento ou garante nos documentos cambiarios ou de crédito cuxa adquisición ou negociación fose solicitada á entidade.

Igualmente, o Banco de España proporcionará aos intermediarios de crédito inmobiliario información dos titulares en cuxo nome estea realizando o labor de intermediación a que se refire o artigo 4.5) da Lei 5/2019.

As entidades declarantes e os intermediarios de crédito inmobiliario unicamente poderán tratar a información que lles facilite o Banco de España para a valoración do risco relacionado coas operacións que xustifican a solicitude do informe; non poderán empregar os datos para ningunha outra finalidade.

Os datos que se facilitarán serán os indicados na letra a) anterior correspondentes á última declaración mensual e á declaración referida a seis meses antes.

Cando sexa o titular quen solicite a operación de risco á entidade declarante, para que esta poida pedir á CIR os seus datos e, de ser o caso, os de calquera garante, será suficiente con que conste unha cláusula que informe do dereito da entidade a consultalos na solicitude –ou nun documento adicional– que asinen o solicitante e, cando proceda, o garante cuxos datos se queren solicitar.

Igualmente, o intermediario de crédito inmobiliario deberá solicitar a sinatura do titular (e, de ser o caso, do garante) nun documento en que informe da consulta que vai efectuar. Nese documento deberá comunicar o uso que dará aos datos e, de ser

o caso, obter do interesado o consentimento á súa cesión para o labor de intermediación.

Cando se ofrezca á entidade declarante a adquisición ou negociación de documentos cambiarios ou de crédito, para que esta poida pedir á CIR os datos dos obrigados ao pagamento ou garantes de tales documentos, serán suficientes a solicitude de cesión e a fotocopia daqueles.

Para estes efectos, a sinatura electrónica será admisible nos termos previstos na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, así como na restante normativa reguladora da súa eficacia.

De conformidade co disposto no artigo 30 do Código de comercio, as entidades declarantes e os intermediarios de crédito inmobiliario conservarán a documentación concernente ás operacións que xustifican a solicitude do informe de riscos durante un prazo de seis anos, incluídos os xustificantes das solicitudes de datos á CIR motivadas por operacións que fosen denegadas.

Co fin de asegurar o correcto cumprimento do disposto no parágrafo anterior, o Banco de España poderá solicitar ás entidades declarantes e aos intermediarios de crédito inmobiliario a remisión da citada documentación, así como requirirlles a implantación dos procedementos e controis necesarios para tal efecto, sen prexuízo das competencias de inspección e, de ser o caso, sanción da Axencia Española de Protección de Datos, como establece o artigo 67 da Lei 44/2002.

Nas solicitudes de informes sobre titulares non residentes en España, se a entidade peticionaria descoñece o seu código de identificación, deberá achegar, xunto coa solicitude, a información exixida no módulo A.2, Solicitude de código de identificación de persoas non residentes, para a identificación de titulares de riscos declarables á CIR.

c) Tan pronto como reciba declaracións complementarias con rectificacións ou cancelacións de datos previamente declarados, comunicará os datos corrixidos ás entidades ás que previamente lles cedese os erróneos.»

«7. A CIR porá á disposición das entidades declarantes e dos intermediarios de crédito inmobiliario a información a que se refiren as letras a) e b) do punto 1 desta norma, como máximo o vixésimo primeiro día natural do mes seguinte a aquel a que se refira a última información declarada ou, se este for inhábil, o día seguinte hábil.»

g) A norma vixésima, «Dereito de rectificación ou cancelación», substitúese pola seguinte:

«Norma vixésima. *Dereito de rectificación ou supresión.*

1. Se o titular considera que os datos declarados á CIR ao seu nome son inexactos ou incompletos, poderá dirixirse directamente á entidade ou entidades declarantes e requirir a súa rectificación ou supresión, ou solicitar ao Banco de España que tramite a súa reclamación, para o cal deberá identificar os datos que considera erróneos, así como xustificar por escrito as razóns e o alcance da súa petición, indicando na súa solicitude a que datos se refire e a corrección que se debe realizar; poderá achegar, de ser o caso, documentación xustificativa da inexactitude ou carácter incompleto dos datos obxecto de tratamento.

2. A solicitude de rectificación ou supresión ante o Banco de España pode realizarse telematicamente –a través da oficina virtual– ou persoalmente –na propia CIR ou en calquera sucursal do Banco de España–, ou enviarse por escrito á CIR. Os requisitos de identificación e sinatura de solicitude son os mencionados na norma décimo novena.

O Banco de España dará traslado inmediato das solicitudes de rectificación ou supresión á entidade ou entidades declarantes dos datos supostamente inexactos ou incompletos. Mentres as entidades declarantes dan resposta á solicitude de

rectificación ou supresión presentada a través do Banco de España, a CIR suspenderá a cesión a terceiros dos datos sobre os cales verse a solicitude, así como dos congruentes con eles que consten nos seus ficheiros como consecuencia de declaracións anteriores e posteriores.

3. As entidades deberán contestar ao titular e, de ser o caso, á CIR (cando a reclamación se tramitase a través do Banco de España) no prazo máximo de quince días hábiles, se o reclamante é unha persoa física, ou de vinte días hábiles se se trata dunha persoa xurídica. O prazo contará desde a recepción da reclamación en calquera das oficinas da entidade.

Se a entidade accede ao solicitado polo reclamante, esta deberá enviar de inmediato á CIR unha declaración complementaria coas rectificacións ou supresións de todos os datos declarados erroneamente. A CIR, pola súa vez, procesará as rectificacións comunicadas polas entidades, desbloqueará a cesión de datos e comunicará os datos corrixidos ás entidades ás cales previamente lles cedese os datos erróneos. Se, pola contra, a entidade se ratifica na súa declaración, deberá xustificar os motivos da súa decisión. Neste último caso, a CIR prorrogará a suspensión da cesión dos datos controvertidos durante dous meses máis, salvo que o titular admita a xustificación dada pola entidade, caso en que se desbloquearán inmediatamente.

4. As persoas físicas poderán formular contra as entidades declarantes a reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos a que se refire o artigo 63 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cando aquelas non accedan á rectificación ou supresión solicitada polo afectado, ou non fose contestada a súa solicitude dentro do prazo previsto para o efecto.

5. A suspensión da cesión de datos a terceiros tamén procederá, co mesmo alcance sinalado no segundo parágrafo do punto 2 desta norma, cando se acredite ante o Banco de España a admisión a trámite de calquera acción xudicial que se dirixa a declarar a inexactitude dos datos declarados ou cando a Axencia Española de Protección de Datos lle comunique que recibiu unha reclamación. En ambos os casos, o Banco de España informará da suspensión os terceiros aos cales, durante os seis meses anteriores á data daquela, se cederon os datos afectados e congruentes con eles. A suspensión da cesión dos datos sobre os cales verse a acción xudicial ou a reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos manterase ata que o Banco de España teña constancia da sentenza firme ou resolución acordada pola Axencia Española de Protección de Datos.

6. As decisións tomadas polas autoridades xudiciais e pola Axencia Española de Protección de Datos serán de obrigado cumprimento para as entidades declarantes, que deberán, de ser o caso, realizar inmediatamente declaracións complementarias á CIR coas rectificacións ou supresións dos datos en cuestión, así como dos congruentes con eles que se conteñan noutras declaracións realizadas á CIR, todo isto consonte o alcance da correspondente sentenza ou resolución. Tales sentenzas ou resolucións teranse en conta nas sucesivas declaracións que se remitan. A CIR, unha vez recibidos os datos correctos, procesará as rectificacións comunicadas polas entidades, desbloqueará a cesión dos datos e comunicará a nova situación ás entidades ás cales previamente lles cedese datos erróneos.»

h) Os anexos 1 e 2 da presente circular substitúen os correspondentes anexos da Circular 1/2013.

**Norma segunda.** *Modificación da Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Circular 5/2012, do 27 de xuño:

a) Modifícase a norma décimo cuarta, «Tipos de xuro oficiais», que queda redactada nos seguintes termos:

«Norma décimo cuarta. *Tipos de xuro oficiais.*

1. Para efectos do previsto no artigo 27 da orde, considéranse oficiais os seguintes tipos de referencia, cuxa definición e proceso de determinación se recollen no anexo 8:

- a) Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito en España.
- b) Tipo medio dos préstamos á vivenda entre un e cinco anos concedidos polas entidades de crédito na zona euro.
- c) Tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos.
- d) Euríbor a unha semana, a un mes, a tres meses, a seis meses e a un ano.
- e) Permuta de xuros/*interest rate swap* (IRS) ao prazo de cinco anos.
- f) Tipo de xuro de referencia baseado no *Euro short-term rate* (€STR).

Tamén terá a consideración de tipo de xuro oficial calquera outro índice establecido para o efecto expresamente mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

2. O Banco de España dará unha difusión adecuada a estes índices que, en todo caso, se publicarán mensualmente no seu sitio web e no BOE.»

b) Introdúcese a disposición transitoria terceira coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio para a publicación do tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos.*

Ata a publicación do índice calculado por Sociedad de Bolsas, S.A. a que se refire o punto 3 do anexo 8 desta circular, o Banco de España continuará elaborando o tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos conforme a definición do punto 3 do anexo 8 desta circular, aplicando as fórmulas seguintes:

a) Para calcular o rendemento interno efectivo de cada operación realizada:

$$P_i = (1 + R_i)^{-T} \left[ C \cdot \frac{1 - (1 + R_i)^{-N/M}}{1 - (1 + R_i)^{-1/M}} + A(1 + R_i)^{-(N-1)/M} \right]$$

b) O rendemento interno medio ponderado diario obtense ponderando os rendementos internos de cada operación polos seus respectivos volumes nominais de negociación:

$$R = \frac{\sum_{i=1}^{i=M} R_i \cdot P_i}{\sum_{i=1}^{i=M} P_i}$$



c) O índice efectivo defínese como a media simple dos rendementos internos medios ponderados diarios rexistrados nos seis meses precedentes ao da publicación:

$$I_e = \frac{\sum R}{t}$$

Onde:

$I_e$  é o índice efectivo.

$R$  é a media ponderada diaria, en tanto por cento, das taxas de rendemento interno das operacións realizadas con todos aqueles valores que reúnan os seguintes requisitos:

- i. Que sexan valores emitidos polo Estado e materializados en anotacións en conta, negociados en operacións simples ao contado no mercado entre titulares de contas en Iberclear.
- ii. Que sexan valores con tipo de xuro fixo.
- iii. Que sexan valores contratados a tipos de mercado, eliminando aqueles que, por calquera motivo, se cruzan a tipos moi diferentes.
- iv. Que o prazo residual do valor negociado estea comprendido entre dous e seis anos. Se existe cláusula de amortización anticipada, tomarase a primeira data de vencemento.

$P_i$  = prezo total da operación.

$R_i$  = tipo de rendemento interno de cada operación.

$C$  = importe bruto dun cupón.

$T$  = tempo en anos (365 días) entre a data de liquidación e o primeiro cupón.

$N$  = número de cupóns que se deben pagar ata a amortización.

$M$  = número de pagamentos de cupón por ano.

$A$  = valor de amortización.

$t$  = número de días con negociación no período considerado.»

c) Introdúcese a disposición transitoria cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio para a publicación do míbor.*

1. De acordo co establecido na disposición transitoria única da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, o míbor continuará sendo considerado tipo de xuro oficial exclusivamente para os efectos da súa aplicación nos préstamos hipotecarios formalizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2000, conforme o previsto no artigo 32 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introdución do euro.

2. O Banco de España publicará o míbor mensualmente na súa sede electrónica e no BOE.

3. Para a publicación do míbor utilizarase a definición establecida para o euríbor ao prazo dun ano no punto 4 do anexo 8 desta circular.»

d) Substitúese o anexo 8, «Tipos de referencia oficiais do mercado hipotecario: definición e forma de cálculo», polo que figura no anexo 3 da presente circular.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOE.

Madrid, 28 de xaneiro de 2021. O gobernador do Banco de España, Pablo Hernández de Cos.

## ANEXO 1

### Modificación do anexo 1 da Circular 1/2013

## ANEXO 1

### Módulos de datos

A. Datos de persoas e solicitude de código.

A.1 Datos que identifican as persoas.

#### Parte 1. Datos da persoa

- Código da persoa.
- Motivo polo cal se declara a persoa.
- Nome.
- Domicilio.
- Provincia da persoa.
- Sector institucional.
- Parte vinculada.
- Actividade económica.
- Estado do procedemento legal.
- Data de incoación do procedemento legal.

Datos adicionais para as persoas físicas.

- Data de nacemento.
- País de nacemento.
- Sexo.

Datos adicionais para as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.

- Forma xurídica.
- Código identificador de persoas xurídicas (código LEI).
- Sede central.
- Código da entidade matriz inmediata.
- Código da entidade matriz última.
- Vinculación con administracións públicas españolas.

Datos adicionais para empresas.

- Tamaño da empresa.
- Data do tamaño da empresa.
- Número de empregados.
- Balance total.
- Importe neto da cifra de negocio nos estados financeiros individuais.
- Data dos datos financeiros individuais.
- Importe neto da cifra de negocio nos estados financeiros consolidados.
- Data dos datos financeiros consolidados.

Datos adicionais para as persoas con varios códigos.

- Número de identificación fiscal (NIF).
- Número de identificación de estranxeiro (NIE).
- Código asignado polo Banco de España.

## Parte 2. Datos dos titulares colectivos

- Código da sociedade ou AIE.
- Código do socio colectivo ou integrante da AIE.

## Parte 3. Datos que relacionan os titulares coas entidades que integran o sector público español

- Código do titular.
- Código da entidade que integra o sector público español.

## Parte 4. Datos que vinculan os titulares cos grupos de clientes relacionados

- Código do titular.
- Código do grupo de clientes relacionados.

## A.2 Solicitud de código de identificación de persoas non residentes en España.

- Motivo polo cal se solicita un código para a persoa.
- Natureza da persoa.
- Nome.
- Domicilio.
- Sector institucional.
- País de residencia.

## Datos adicionais para as persoas físicas.

- Data de nacemento.
- País de nacemento.
- Sexo.
- Número de pasaporte ou de identidade válido no país de orixe da persoa.
- Código NIE ou NIF.
- Código asignado polo Banco de España.

## Datos adicionais para as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.

- Código identificador de persoas xurídicas (código LEI).
- Identificador nacional.
- Tipo de identificador.
- Forma xurídica (código).
- Forma xurídica (abreviatura).
- Código SWIFT.

## Datos adicionais para emisores de valores cotizados.

- Código ISIN.

## Outros datos.

- Información cualitativa.

## B. Datos básicos das operacións e das relacións coas persoas.

## B.1 Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións.

## Parte 1. Datos básicos que relacionan os titulares de riscos coas operacións

- Código da operación.
- Código da persoa.
- Natureza da intervención na operación.

Parte 2. Datos básicos que relacionan as persoas distintas dos titulares de riscos coas operacións

- Código da operación.
- Código da persoa.
- Natureza da intervención na operación.

B.2 Datos básicos das operacións.

- Código da operación.
- Relación entre contrato e operación.
- Código do valor.
- Código ISIN.
- Localización da actividade (país da operación).

Parte 1. Datos que deben declarar todas as entidades declarantes

- Tipo de produto.
- Subordinación do produto.
- Operación para o financiamento dun proxecto.
- Tipo de risco asociado aos derivados.
- Finalidade da operación.
- Trámites legais realizados para recuperar a operación.
- Principal ou nocial ao inicio da operación.
- Límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación.
- Data de formalización ou emisión.
- Data de vencemento.

Parte 2. Datos adicionais que deben declarar as entidades de crédito, as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras e os establecementos financeiros de crédito

- Orixe da operación.
- Estado de refinanciamentos e reestruturacións.
- Data do estado de refinanciamentos e reestruturacións.
- Canle de contratación.
- Provincia en que se realiza o investimento.
- Esquema de amortización.
- Porcentaxe de participación nos préstamos sindicados (%).
- Valores adquiridos temporalmente ou prestados. Nominal.
- Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Estado da construción.
- Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Licenza.
- Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Número de vivendas previstas.
- Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Código da promoción inmobiliaria.
- Subvención da operación.
- Moratoria COVID-19.
- Data de comezo da moratoria. COVID-19.
- Data de finalización da moratoria. COVID-19.
- Modificación dos termos das operacións. Real decreto lei 34/2020.
- Data da modificación. Real decreto lei 34/2020.

B.3. Datos básicos complementarios dos préstamos a persoas xurídicas.

- Código da operación.
- Clasificación das operacións da norma segunda, 1 bis.
- Importe do compromiso ao inicio.

- Identificador de contrato sindicado.
- Instrumento fiduciario.
- Recurso.
- Dereitos de reembolso.
- Data de liquidación.
- Frecuencia de pagamento.
- Cambios no valor razoable debidos a cambios no risco crediticio antes da adquisición.

C. Datos dinámicos das operacións.

C.1 Datos dinámicos dos riscos directos.

- Código da operación.

Parte 1. Datos de todos os riscos directos

- Moeda.
- Prazo residual.
- Garantía real principal. Tipo de garantía real principal.
- Garantía real principal. Cobertura da garantía real principal.
- Garantía persoal principal. Tipo de garantía persoal principal.
- Garantía persoal principal. Cobertura da garantía persoal principal.
- Situación da operación.
- Data do primeiro incumprimento.
- Pro memoria: data do primeiro incumprimento antes do refinanciamento ou reestruturación.
- Pro memoria: data do primeiro incumprimento excluindo falidos parciais.
- Data do último incumprimento.

Parte 2. Datos dos riscos directos asumidos pola entidade declarante

- Principal asumido pola entidade. Importe non vencido.
- Principal asumido pola entidade. Importe vencido.
- Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo.
- Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde.
- Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo.
- Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde.
- Gastos exixibles asumidos pola entidade.
- Límite actual do risco asumido pola entidade.
- Risco dispoñible asumido pola entidade. Dispoñibilidade inmediata.
- Risco dispoñible asumido pola entidade. Dispoñibilidade condicionada.
- Pro memoria: importe vencido antes do refinanciamento ou reestruturación asumido pola entidade.
- Pro memoria: importe dos falidos parciais.

Parte 3. Datos que deben declarar as entidades de crédito, as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras, os establecementos financeiros de crédito e a Sareb para os préstamos

- Principal vencido cobrado en efectivo.
- Principal vencido subvencionado.
- Amortización anticipada. Importe polo cal se reduce o principal.
- Condonación ou prescrición do dereito de cobramento. Importe polo cal se reduce a débeda.
- Activos adxudicados ou recibidos en pagamento. Tipo de activo.



- Activos adxudicados ou recibidos en pagamento. Importe polo cal se reduce a débeda.
- Operación subrogada ou segregada. Tipo de subrogación ou segregación.
- Operación subrogada ou segregada. Importe polo cal se reduce a débeda.
- Refinanciamento ou renovación. Tipo de refinanciamento ou renovación.
- Refinanciamento ou renovación. Importe polo cal se reduce a débeda.
- Operación transferida, incluída a xestión. Importe polo cal se reduce a débeda.
- Data da última liquidación de xuros.
- Data da próxima liquidación de xuros.
- Data da última liquidación de principal.
- Data da próxima liquidación de principal.
- Número de cotas non pagadas.
- Tipo efectivo de definición restrinxida (TEDR).
- Signo do tipo efectivo de definición restrinxida (TEDR).
- Data da próxima revisión do tipo de xuro.
- Clasificación das operacións en función do risco de crédito por insolvencia.

#### Parte 4. Datos dos riscos directos asumidos por terceiros

- Principal asumido por terceiros. Importe non vencido.
- Principal asumido por terceiros. Importe vencido.
- Xuros e comisións vencidos asumidos por terceiros.
- Xuros de demora asumidos por terceiros.
- Gastos exixibles asumidos por terceiros.
- Pro memoria: importe vencido antes do refinanciamento ou reestruturación asumido por terceiros.
- Límite actual do risco asumido por terceiros.
- Risco dispoñible asumido por terceiros. Dispoñibilidade inmediata.
- Risco dispoñible asumido por terceiros. Dispoñibilidade condicionada.

#### C.2. Datos dinámicos dos riscos indirectos.

- Código da operación.
- Código do titular do risco indirecto.

#### Parte 1. Datos dos riscos indirectos asumidos pola entidade declarante

- Risco máximo garantido asumido pola entidade.
- Risco disposto garantido asumido pola entidade. Importe total.
- Risco disposto garantido asumido pola entidade. Importe vencido.
- Risco disposto garantido asumido pola entidade. Xuros de demora e gastos exixibles.

#### Parte 2. Datos dos riscos indirectos asumidos por terceiros

- Risco máximo garantido asumido por terceiros.
- Risco disposto garantido asumido por terceiros. Importe total.
- Risco disposto garantido asumido por terceiros. Importe vencido.
- Risco disposto garantido asumido por terceiros. Xuros de demora e gastos exixibles.

#### C.3. Datos dinámicos financeiros dos préstamos a persoas xurídicas.

- Código da operación.
- Importe transferido.
- Situación de falta de pagamento (*default*) da operación.
- Data da situación de falta de pagamento (*default*) da operación.
- Importes vencidos da operación.

- Saldo vivo nominal.
- Saldo fóra de balance.
- Xuro devindicado.

C.4. Datos dos préstamos a persoas xurídicas sobre as responsabilidades conxuntas.

- Código da operación.
- Código da persoa.
- Importe da responsabilidade conxunta.

D. Datos sobre garantías recibidas.

D.1. Datos básicos que relacionan as operacións coas garantías recibidas.

- Código da operación.
- Código da garantía recibida.
- Garantía real principal asignada á operación.

D.1.1 Datos básicos das garantías recibidas.

- Código da garantía recibida.

Parte 1. Datos das garantías recibidas

- Tipo de garantía.
- Tipo de activo ou garantía financeira.
- Alcance da garantía real.
- Código da garantía real de máximo.
- Orde de prelación da garantía.

Parte 2. Datos adicionais das garantías recibidas para préstamos a persoas xurídicas

- Código do provedor da garantía.
- Valor da garantía.
- Tipo de valor da garantía.
- Método de valoración da garantía.
- Data do valor da garantía.
- Data de vencemento da garantía.
- Valor orixinal da garantía.
- Data da valoración orixinal da garantía.

D.2. Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía.

- Código da garantía recibida.
- Consideración do inmovible na normativa europea aplicable para o cálculo do coeficiente de recursos propios.
- Localización do inmovible. País.
- Localización do inmovible. Código postal.

Parte 1. Datos para os inmobles

- Inmovible integrado por varios predios.
- Identificador único rexistral (IDUFIR/CRU).
- Identificador rexistral.
- Referencia catastral.
- Importe das cargas previas comprometidas con terceiros.
- Importe da responsabilidade hipotecaria. Principal.
- Importe da responsabilidade hipotecaria. Xuros e custas.

- Activos en garantía de financiamentos de promocións inmobiliarias.
- Última taxación completa. Data da última taxación.
- Última taxación completa. Código da sociedade de taxación ou valoración.
- Última taxación completa. Número de taxación.
- Última taxación completa. Conforme a Lei do mercado hipotecario.
- Última taxación completa. Método de valoración (valor).
- Última taxación completa. Condicionantes.
- Última taxación completa. Advertencias.
- Última taxación completa. Visita ao interior do inmovible.
- Última taxación completa. Tipo de datos utilizados de inmoables comparables.
- Última taxación completa. Método residual dinámico. Tipo de actualización (%).
- Última taxación completa. Método residual dinámico. Taxa anualizada homoxénea (%).
- Última taxación completa. Método residual dinámico. Taxa anual media de variación do prezo de mercado do activo (%). Importe positivo.
- Última taxación completa. Método residual dinámico. Taxa anual media de variación do prezo de mercado do activo (%). Importe negativo.
- Última taxación completa. Método residual dinámico. Prazo máximo para finalizar a construción (meses).
- Última taxación completa. Método residual dinámico. Prazo máximo para finalizar a comercialización (meses).
- Última taxación completa. Método residual estático. Marxe de beneficio do promotor (%).
- Última taxación completa. Valor de taxación.
- Última taxación completa. Valor hipotecario.
- Última taxación completa. Valor en hipótese de edificio terminado.
- Última taxación completa. Valor do terreo.
- Última taxación por métodos estatísticos. Data da taxación.
- Última taxación por métodos estatísticos. Código da sociedade de taxación ou valoración.
- Última taxación por métodos estatísticos. Número de taxación.
- Última taxación por métodos estatísticos. Método de valoración.
- Última taxación por métodos estatísticos. Valor de taxación.

#### Parte 2. Datos adicionais para os edificios e elementos de edificios

- Data da construción.
- Data da última rehabilitación integral.
- Estado da construción.
- Licenza.
- Vivenda habitual do prestameiro.
- Valor do terreo axustado.
- Número de vivendas.

#### Parte 3. Datos adicionais para o solo urbano e urbanizable

- Tipo de solo.
- Desenvolvemento do planeamento.
- Sistema de xestión.
- Fase de xestión.
- Paralización da urbanización.
- Porcentaxe da urbanización executada (%).
- Porcentaxe do ámbito valorada (%).
- Proximidade respecto do núcleo urbano.
- Proxecto de obra.
- Superficie do terreo (m<sup>2</sup>).

- Aproveitamento (m<sup>2</sup>).
- Produto que se prevé desenvolver.

#### Parte 4. Datos adicionais para os predios rústicos

- Predio rústico con expectativas urbanísticas.

#### Parte 5. Datos do valor das garantías

- Valor da garantía para efectos do cálculo do *loan to value*. Importe da garantía.
- Valor da garantía para efectos do cálculo do *loan to value*. Forma de obtención.
- Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Importe da garantía.
- Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Porcentaxe de desconto (%).

#### D.3. Datos básicos dos activos financeiros recibidos en garantía.

- Código da garantía recibida.
- Código do emisor dos activos financeiros recibidos en garantía.
- Código do valor.
- Cotización.
- Nominal.

#### D.4. Datos dinámicos que relacionan as operacións coas garantías recibidas.

- Código da operación.
- Código da garantía recibida.

#### Parte 1. Datos para as operacións garantidas con inmobles e activos financeiros

- Importe da garantía para efectos do cálculo do *loan to value* atribuído á operación.

#### Parte 2. Datos adicionais sobre as garantías dos préstamos a persoas xurídicas

- Valor asignado á garantía.
- Dereitos de cobramento preferentes de terceiros contra a garantía.

#### D.5. Datos dinámicos dos edificios en construción e das promocións inmobiliarias recibidos en garantía.

- Código da garantía recibida.
- Edificios en construción ou rehabilitación. Data do último grao de avance estimado.
- Edificios en construción ou rehabilitación. Código da sociedade de taxación ou valoración que estimou o grao de avance.
  - Edificios en construción ou rehabilitación. Porcentaxe construída (%).
  - Edificios en construción ou rehabilitación. Importe dos gastos de desenvolvemento.
  - Promocións inmobiliarias. Porcentaxe de vendas formalizadas (%).
  - Promocións inmobiliarias. Porcentaxe de subrogacións ou cancelacións por entrega de vivenda a comprador final (%).

#### E. Datos sobre tipos de xuro dos préstamos.

- Código da operación.
- Modalidade de tipo de xuro.
- Frecuencia de revisión do tipo de xuro.
- Tipo de referencia.
- Tipo de referencia. Vencemento.
- Tipo de referencia substitutivo.

- Diferencial/marxe do tipo de xuro.
- Signo do diferencial/marxe do tipo de xuro.
- Tipo de xuro máximo.
- Tipo de xuro mínimo.
- Data final do período de só xuro.

F. Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros.

Parte 1. Datos que identifican as transferencias e titulizacións sintéticas

- Código da transferencia.
- Código do cesionario ou vendedor de protección.
- Data da transferencia.
- Tipo de transferencia.
- Forma xurídica da transferencia.
- Operacións transferidas. Tratamento contable.
- Operacións transferidas. Tratamento para efectos de recursos propios.

Parte 2. Datos que vinculan as transferencias e titulizacións sintéticas coas operacións

- Código da transferencia.
- Código da operación transferida.
- Porcentaxe transferida da operación (%).

G. Vinculación de códigos.

G.1 Datos básicos que vinculan códigos.

- Tipo de código que se vincula.
- Código que se vincula.
- Tipo de vinculación.
- Código REN da entidade declarante do código vinculado.
- Código vinculado.

G.2 Datos básicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades.

- Código REN da entidade con que se vincula a operación.
- Tipo de vinculación.
- Código da contraparte directa.
- Nome da contraparte directa.
- Código da operación.
- Tipo de produto.
- Data de formalización ou emisión.
- Data de vencemento.
- Principal ou nocional ao inicio da operación.
- Porcentaxe transferida da operación (%).

G.3 Datos dinámicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades.

- Código REN da entidade con que se vincula a operación.
- Código da operación.
- Principal garantido. Importe non vencido.
- Principal garantido. Importe vencido.
- Xuros e comisións vencidos garantidos.
- Xuros de demora garantidos.
- Gastos exixibles garantidos.
- Límite actual do risco garantido.
- Risco dispoñible garantido. Dispoñibilidade inmediata.



- Risco dispoñible garantido. Dispoñibilidade condicionada.
  - Data do primeiro incumprimento.
  - Data do último incumprimento.
- H. Información prudencial complementaria.
- H.1 Datos contables dos préstamos a persoas xurídicas.
- Código da operación.
  - Clasificación contable das operacións.
  - Activos non correntes en venda.
  - Recoñecemento no balance.
  - Falidos acumulados.
  - Deterioración do valor acumulado.
  - Tipo de deterioración do valor.
  - Método de avaliación da deterioración do valor.
  - Fontes de carga.
  - Cambios acumulados no valor razoable debidos ao risco crediticio.
  - Clasificación da operación en función do risco de crédito.
  - Data da clasificación da operación en función do risco de crédito.
  - Provisións asociadas a exposicións fóra de balance.
  - Estado de reestruturación ou refinanciamento e renegociación.
  - Data do estado de reestruturación ou refinanciamento e renegociación.
  - Importes recuperados acumulados desde a situación de falta de pagamento.
  - Carteira prudencial.
  - Importe en libros.
- H.2 Datos sobre o risco dos titulares dos préstamos que sexan persoas xurídicas.
- Código da persoa.
  - Probabilidade de falta de pagamento (*default*).
- H.3 Datos sobre a situación de falta de pagamento (*default*) dos titulares de risco dos préstamos que sexan persoas xurídicas.
- Código da persoa.
  - Situación de falta de pagamento (*default*) da persoa.
  - Data da situación de falta de pagamento (*default*) da persoa.
- I. Datos dinámicos sobre a actividade das entidades suxeitas a declaración reducida.

#### Parte 1. Datos dos riscos directos e indirectos

- Código da operación.
- Código do titular de risco.
- Natureza da intervención na operación.
- Tipo de produto.
- Moeda.
- Prazo residual.
- Garantía real principal. Tipo de garantía real principal.
- Garantía real principal. Cobertura da garantía real principal.
- Garantía persoal principal. Tipo de garantía persoal principal.
- Garantía persoal principal. Cobertura da garantía persoal principal.
- Situación da operación.
- Garantía do Estado. COVID-19.
- Modificación dos termos das operacións. Real decreto lei 34/2020.

## Parte 2. Datos dos riscos directos

- Risco disposto. Total.
- Risco disposto. Total. Do cal: importes vencidos.
- Risco disposto. Total. Do cal: xuros de demora e gastos exixibles.
- Risco dispoñible.

## Parte 3. Datos dos riscos indirectos

- Risco disposto. Total.
- Risco disposto. Total. Do cal: importes vencidos.
- Risco disposto. Total. Do cal: xuros de demora e gastos exixibles.
- Risco dispoñible.

## ANEXO 2

## Modificación do anexo 2 da Circular 1/2013

## ANEXO 2

## Instrucións para elaborar os módulos de datos

<b>A. DATOS DE PERSOAS E SOLICITUDE DE CÓDIGO</b>	
<b>A.1. DATOS QUE IDENTIFICAN AS PERSOAS</b>	
<b>PARTE 1. DATOS DA PERSOA</b>	
<b>Código da persoa</b>	<p>Código que identifica os titulares de riscos ou persoas declarables á CIR por outros motivos.</p> <p>Cando a persoa sexa residente en España, o código será:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Para as persoas físicas de nacionalidade española, o número de identificación fiscal (NIF) (Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo).</li> <li>- Para as persoas físicas que carezan da nacionalidade española, o número de identificación de estranxeiro (NIE) que se lles asigne (Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro) ou, cando non sexa obrigatorio este, o NIF que teñan asignado por realizar operacións de transcendencia tributaria.</li> <li>- Para as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica, incluídas as sucursais en España de empresas estranxeiras e as entidades declarantes á CIR, o NIF (Orde EHA/451/2008, do 20 de febreiro).</li> </ul> <p>Nos casos excepcionais en que unha entidade tivese que declarar máis dunha persoa residente en España co mesmo NIF, porá esta circunstancia en coñecemento do Banco de España.</p> <p>Cando a persoa sexa non residente en España, o código que lle asigne o Banco de España, logo de solicitude da entidade declarante.</p> <p>Cando as persoas sexan non residentes en España, neste módulo non se declararán os seguintes datos que se declaran no módulo A.2.: sector institucional, código LEI, domicilio, data de nacemento, país de nacemento, sexo e forma xurídica.</p>
<b>Motivo polo cal se declara a persoa</b>	<p>Motivo polo cal se declara a persoa á CIR:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoas declarables á CIR.</li> <li>- Sociedades emisoras e/ou tedoras de valores que non sexan titulares de riscos declarables á CIR.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoas declarables á CIR: titulares de riscos directos ou indirectos e outras persoas declarables á CIR.</li> <li>- Persoas xurídicas que emitisen e/ou sexan tedoras de valores para os cales se informen datos ao Banco de España, conforme a normativa contable, que non sexan titulares de riscos declarables á CIR.</li> </ul> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida declararán o valor «Non aplicable».</p>
<b>Nome</b>	<p>Nome e apelidos ou denominación social completa das persoas declarables, incluída a súa forma xurídica, utilizando en todo caso o alfabeto latino, sen empregar abreviaturas, excepto na forma xurídica, que si aparecerá abreviada.</p> <p>Os apelidos e o nome das persoas físicas declararanse de forma separada.</p> <p>As abreviaturas para indicar a forma xurídica serán, para as empresas españolas, as que estableza o Regulamento do Rexistro Mercantil ou a normativa específica que as regule e, para as empresas non residentes, as que se utilicen no seu país de residencia, empregando en todo caso o alfabeto latino.</p>
<b>Domicilio</b>	<p>Domicilio da persoa declarada.</p> <p>Para as persoas físicas residentes en España, o domicilio persoal, que coincidirá normalmente co que figura no documento nacional de identidade (DNI) ou número de identificación de estranxeiro (NIE).</p> <p>Para as persoas físicas non residentes en España, o domicilio que figure no pasaporte ou noutro documento de identificación válido no seu país de orixe ou de residencia.</p>

	<p>Para as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica, o domicilio da súa sede social ou onde radiquen efectivamente centralizadas a xestión e a dirección das súas ocupacións ou negocios.</p> <p>Os datos que declarar serán: país, municipio, poboación, tipo de vía, nome da vía, número da vía, bloque ou portal, andar, porta e código postal.</p> <p>Se a entidade declarante non dispón do domicilio por non ter relación directa co titular, como no caso de riscos indirectos por compromiso de sinatura, en efectos financeiros ou comerciais, titulares de operacións de <i>factoring</i> sen recurso ou titulares colectivos, poderá indicarse «Non dispoñible».</p>
<b>Provincia da persoa</b>	<p>Para os residentes en España que sexan declarables á CIR, código de dúas cifras correspondente á provincia onde estean efectivamente centralizadas a xestión e a dirección das ocupacións e negocios da persoa. Cando este criterio non sexa aplicable, ou se descoñeza o dato, porase a provincia onde estea situado o domicilio da persoa.</p>
<b>Sector institucional</b>	<p>Sector institucional a que pertenza a persoa declarada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Administración central <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estado</li> <li>• Organismos autónomos e similares</li> <li>• Empresas</li> </ul> </li> <li>- Administracións autonómicas ou rexionais <ul style="list-style-type: none"> <li>• Administración xeral</li> <li>• Organismos autónomos e similares</li> <li>• Empresas</li> </ul> </li> <li>- Administracións locais <ul style="list-style-type: none"> <li>• Administración xeral</li> <li>• Organismos autónomos e similares</li> <li>• Empresas</li> </ul> </li> <li>- Administracións da Seguridade Social</li> <li>- Organismos internacionais e supranacionais (excepto bancos multilaterais de desenvolvemento) <ul style="list-style-type: none"> <li>• Administracións públicas</li> <li>• Outros intermediarios financeiros</li> </ul> </li> <li>- Bancos multilaterais de desenvolvemento <ul style="list-style-type: none"> <li>• Institucións financeiras monetarias</li> <li>• Resto</li> </ul> </li> <li>- Bancos centrais (incluído o Banco Central Europeo) e autoridades monetarias nacionais</li> <li>- Entidades de crédito [artigo 4.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013]</li> <li>- Entidades tomadoras de depósitos, distintas de entidades de crédito <ul style="list-style-type: none"> <li>• Establecementos financeiros de crédito (EFC)</li> <li>• Entidades de diñeiro electrónico</li> <li>• Outras institucións financeiras monetarias</li> </ul> </li> <li>- Fondos do mercado monetario (FMM)</li> <li>- Fondos de investimento que non son FMM <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fondos de investimento mobiliario, excepto os FMM</li> <li>• Fondos de investimento inmobiliario</li> <li>• Fondos de investimento libre</li> <li>• Fondos de capital risco</li> <li>• Sociedades de investimento mobiliario</li> <li>• Sociedades de investimento inmobiliario</li> <li>• Sociedades de investimento libre</li> <li>• Resto das institucións de investimento colectivo</li> </ul> </li> <li>- Entidades de seguros</li> <li>- Fondos de pensións</li> <li>- Sociedades e fondos de titulización</li> <li>- Outros intermediarios financeiros, excepto sociedades e fondos de titulización <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sociedades de valores (ESI)</li> <li>• Sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario</li> <li>• Sociedades de capital risco</li> <li>• Entidades de contrapartida central</li> <li>• Sociedades de xestión de activos (Lei 9/2012)</li> <li>• Resto dos outros intermediarios financeiros</li> </ul> </li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Auxiliares financeiros <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entidades <i>holding</i> que xestionan filiais maioritariamente financeiras</li> <li>• Axencias de valores (ESI)</li> <li>• Sociedades xestoras de carteira (ESI)</li> <li>• Sociedades xestoras doutros intermediarios financeiros</li> <li>• Sociedades de garantía recíproca e reafianzamento</li> <li>• Sociedades de taxación</li> <li>• Entidades de pagamento</li> <li>• Establecementos de cambio de moeda</li> <li>• Entidades de asesoramento financeiro</li> <li>• Corretores e axentes de seguros</li> <li>• Resto dos auxiliares financeiros</li> </ul> </li> <li>- Institucións financeiras de ámbito limitado e prestamistas de diñeiro <ul style="list-style-type: none"> <li>• Filiais instrumentais emisoras de valores que se clasifican como sociedades financeiras</li> <li>• Empresas <i>holding</i> que non xestionan filiais</li> <li>• Outras entidades financeiras especializadas</li> <li>• Resto das institucións financeiras de ámbito limitado e prestamistas de diñeiro</li> </ul> </li> <li>- Sociedades non financeiras</li> <li>- Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF)</li> <li>- Fogares, excluídas ISFLSF <ul style="list-style-type: none"> <li>• Empresarios individuais</li> <li>• Persoas físicas</li> <li>• Comunidades de propietarios e de bens con natureza xurídica propia</li> <li>• Resto</li> </ul> </li> </ul> <p>A inclusión nos sectores anteriores farase conforme o disposto na Circular 4/2017.</p> <p>Cando unha persoa física realice actividades empresariais, declararase no sector «Fogares. Empresarios individuais», con independencia de que as operacións non teñan finalidade empresarial, sen prexuízo de que na dimensión «Finalidade da operación» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, se asignen á finalidade que lles corresponda.</p>
<p><b>Parte vinculada</b></p>	<p>Indica se a persoa é unha parte vinculada coa entidade declarante conforme o disposto na normativa contable:</p> <p>a) Partes vinculadas</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entidade ou persoa dominante</li> <li>- Entidade ou persoa que ten control conxunto da entidade declarante</li> <li>- Resto das entidades do grupo</li> <li>- Entidade asociada</li> <li>- Entidade multigrupo</li> <li>- Persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante</li> <li>- Familiares ou entidades vinculadas con persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante</li> <li>- Resto das partes vinculadas</li> </ul> <p>b) Partes non vinculadas</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Parte non vinculada. Entidade xestionada polo grupo da entidade declarante</li> <li>- Parte non vinculada. Entidade non residente en que a entidade declarante participa, directa ou indirectamente, polo menos nun 10 % do seu capital</li> <li>- Parte non vinculada. Entidade non residente que posúe, directa ou indirectamente, polo menos un 10 % do capital da entidade declarante</li> <li>- Parte non vinculada. Resto das persoas</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entidade ou persoa dominante: persoa física ou xurídica que ten, directa ou indirectamente, o control como dominante da entidade declarante. Inclúe, de ser o caso, a entidade dominante do grupo máis amplo a que pertenza a entidade dominante da entidade declarante.</li> <li>- Entidade ou persoa que ten o control conxunto da entidade declarante: persoa física ou xurídica que ten, directa ou indirectamente, o control conxunto con outras persoas físicas ou xurídicas da entidade declarante.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entidades do grupo, asociadas ou multigrupo: a asignación destes valores farase conforme a posición que teña o grupo económico a que pertenza a entidade declarante nas entidades, con independencia da participación, directa ou indirecta que, de ser o caso, teña esta no seu capital, de acordo coas definicións aplicables para cada unha delas para efectos da normativa contable. As sociedades e os fondos de titulización declararanse como entidades do grupo sempre que os activos financeiros que se lles transferisen se rexistren integramente no activo do balance do grupo.</li> <li>- Persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante: persoas que teñen autoridade e responsabilidade para planificar, dirixir e controlar as actividades da entidade, xa sexa directa, xa indirectamente, incluídos todos os membros do consello de administración, ou órgano equivalente, así como o persoal directivo, como son as persoas enumeradas no artigo 11.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.</li> <li>- Familiares ou entidades vinculadas con persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante: persoas físicas e xurídicas que teñan a consideración de partes vinculadas por seren familiares próximos ou entidades vinculadas con persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante.</li> <li>- Resto das partes vinculadas: persoas físicas ou xurídicas que, sendo partes vinculadas da entidade declarante segundo a normativa contable vixente, non teñen cabida nos valores anteriores desta dimensión. Inclúe as persoas que exerzan unha influencia significativa sobre a entidade ou sexan familiares próximos de, ou entidades vinculadas a, persoas que controlen ou exerzan unha influencia significativa ou control conxunto da entidade ou a súa entidade dominante.</li> <li>- Parte non vinculada. Entidade xestionada polo grupo da entidade declarante: fondos de pensións, fondos e sociedades de investimento, titulización e capital risco, e sociedades de capital variable xestionados polo grupo económico da entidade declarante que non cumpren a definición de parte vinculada. As sociedades e os fondos de titulización declararanse con este valor se os activos financeiros que se lles transferisen non están rexistrados no activo do balance do grupo.</li> <li>- Parte non vinculada. Entidade non residente en que a entidade declarante participa, directa ou indirectamente, ao menos nun 10 % do seu capital: entidade non residente que non cumpre a definición para incluíla entre as entidades que son partes vinculadas en que a entidade declarante participa, directa ou indirectamente, ao menos nun 10 % do seu capital.</li> <li>- Parte non vinculada. Entidade non residente que posúe, directa ou indirectamente, ao menos un 10 % do capital da entidade declarante: entidade non residente que non cumpre a definición para incluíla entre as entidades que son partes vinculadas, que posúe, directa ou indirectamente, ao menos un 10 % do capital da entidade declarante.</li> <li>- Parte non vinculada. Resto das persoas: persoas físicas e xurídicas que non estean incluídas nalgún dos supostos anteriores.</li> </ul> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida declararán o valor «Non aplicable».</p>
<b>Actividade económica</b>	<p>Para as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica, calquera que sexa o seu sector institucional, así como para os empresarios individuais, declararase a CNAE-2009 con catro díxitos correspondente á súa actividade principal.</p> <p>Para as persoas físicas clasificadas no sector «Fogares. Persoas físicas», indica a actividade que realizan conforme os seguintes valores:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcionario ou similar (militar, policía, notarios, rexistradores...).</li> <li>- Empregado da entidade.</li> <li>- Empregado doutra entidade do seu grupo económico.</li> <li>- Resto dos traballadores por conta allea.</li> <li>- Pensionista.</li> <li>- Rendista.</li> <li>- Parado.</li> <li>- Estudante.</li> <li>- Ama de casa ou similar.</li> <li>- Outro.</li> </ul>

<p><b>Estado do procedemento legal</b></p>	<p>Categoría que describe a condición xurídica da persoa polo que respecta á súa solvencia conforme o réxime xurídico nacional. Os valores que se deben declarar son:</p> <p>A) No caso de residentes que sexan titulares de riscos, provedores de garantías reais, sociedades emisoras e/ou tedoras de valores:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Suxeito a administración xudicial ou medidas análogas <ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitud de concurso</li> <li>• Concurso de acredores sen petición de liquidación</li> <li>• Concurso de acredores con petición de liquidación</li> <li>• Convenio de acredores sen incumprimento</li> <li>• Convenio de acredores con incumprimento</li> <li>• Acordo de refinanciamento homologado xudicialmente</li> <li>• Incumprimento do acordo de refinanciamento homologado</li> </ul> </li> <li>- Insolvencia <ul style="list-style-type: none"> <li>• Concurso de acredores en fase de liquidación</li> <li>• Disolución e concurso concluído por insuficiencia da masa activa do debedor</li> </ul> </li> <li>- Outras medidas legais <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunicación ao xulgado de negociacións cos acredores</li> <li>• Acordo de refinanciamento</li> <li>• Acordo extraxudicial de pagamentos</li> <li>• Outros procedementos xudiciais fóra da Lei concursal</li> </ul> </li> <li>- Sen procedementos legais incoados <ul style="list-style-type: none"> <li>• Disolución societaria voluntaria</li> <li>• Resto das situacións</li> </ul> </li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solicitud de concurso: cando, tendo presentado unha solicitud de concurso, non se emitise un auto en que se declare o concurso ou se desestime a solicitud.</li> <li>- Concurso de acredores sen petición de liquidación: cando se declarase concurso de acredores pero non se aprobase xudicialmente o convenio nin conste a petición da apertura da fase de liquidación.</li> <li>- Concurso de acredores con petición de liquidación: cando, estando declarado o concurso de acredores, conste que se solicitou a apertura da fase de liquidación pero non se ditase resolución que declare a dita apertura.</li> <li>- Convenio de acredores sen incumprimento: cando se aprobase xudicialmente o convenio de acredores e non conste o seu incumprimento polo debedor fronte á entidade ou terceiros.</li> <li>- Convenio de acredores con incumprimento: cando, téndose aprobado xudicialmente o convenio de acredores, conste o seu incumprimento polo debedor fronte á entidade ou terceiros.</li> <li>- Concurso de acredores en fase de liquidación: cando, estando declarado concurso de acredores, se dite resolución xudicial que declare a apertura da fase de liquidación.</li> <li>- Disolución e concurso concluído por insuficiencia da masa activa do debedor: cando se declarase a conclusión do concurso por liquidación ou insuficiencia da masa activa do debedor. Cando o debedor sexa unha persoa física, permanecerá nesta situación mentres continúe con débedas provenientes do concurso que se dese por concluído.</li> <li>- Comunicación ao xulgado de negociacións cos acredores: cando o debedor poña en coñecemento do xulgado que iniciou negociacións para acadar un acordo de refinanciamento ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio.</li> </ul>
--	--



- Acordo de refinanciamento: cando se acade un acordo que cumpra as condicións establecidas no artigo 71 bis da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal (Lei 22/2003).
- Acordo de refinanciamento homologado xudicialmente: cando o xuíz homologue o acordo de refinanciamento, conforme o establecido na disposición adicional cuarta da Lei 22/2003.
- Incumprimento do acordo de refinanciamento homologado: cando o xuíz declare o incumprimento do acordo de refinanciamento homologado, logo de solicitude de calquera acreedor, adherido ou non ao acordo.
- Acordo extraxudicial de pagamentos: cando unha persoa iniciase un procedemento para acadar un acordo extraxudicial de pagamentos cos seus acredores, de conformidade co artigo 231 da Lei 22/2003.
- Outros procedementos xudiciais fóra da Lei concursal: sentenzas favorables obtidas en procedementos xudiciais iniciados para a recuperación do crédito.
- Disolución societaria voluntaria: cando a persoa se encontra en proceso de disolución ou liquidación sen estar declarada en concurso de acredores.
- Resto das situacións: cando a persoa non se encontra en ningunha das situacións descritas nos valores anteriores.

Para os efectos da declaración á CIR, entenderase que un titular se encontra en concurso de acredores desde que o xuíz dite auto de declaración de concurso e até que se produza a resolución firme que acorde a conclusión do concurso, de conformidade co artigo 176 da Lei 22/2003.

As definicións dos procesos de refinanciamento e as situacións concursais españolas mencionadas anteriormente serán as que correspondan en cada caso, de acordo co establecido na Lei 22/2003.

Se para as sociedades tedoras de valores non se dispón desta información, indícarase «Non dispoñible».

B) No caso de non residentes en España que sexan titulares de riscos, provedores de garantías reais, sociedades emisoras e/ou tedoras de valores:

- Suxeito a administración xudicial ou medidas análogas.
- Insolvencia.
- Outras medidas legais.
- Sen procedementos legais incoados.

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Suxeito a administración xudicial ou medidas análogas: todo procedemento ante un órgano xudicial ou análogo dirixido a lograr un acordo de refinanciamento entre os acredores e que non sexa un procedemento de insolvencia.
- Insolvencia: procedemento colectivo e vinculante de insolvencia baixo dirección xudicial que comporta a desposesión parcial ou total da contraparte e o nomeamento dun liquidador.
- Outras medidas legais: medidas legais distintas das indicadas nos valores anteriores, incluídas as medidas legais bilaterais entre as entidades declarantes e o titular.
- Sen procedementos legais incoados: cando non se incoaron procedementos legais relativos á solvencia ou endebedamento do titular do risco.

Se para as sociedades tedoras de valores non se dispón desta información, indícarase «Non dispoñible».

C) Para o resto das persoas, se non se dispón da información, declararase «Non dispoñible».

As entidades suxeitas a declaración reducida declararán o valor «Non aplicable».

<b>Data de incoación do procedemento legal</b>	<p>Data en que se incoou o procedemento legal indicado na dimensión «Estado do procedemento legal». Esta data debe ser a máis recente desta clase anterior á data de presentación da información e só se debe declarar se a dimensión «Estado do procedemento legal» ten un valor distinto de «Sen procedementos legais incoados» nas alíneas A) e B).</p> <p>Debe cubrirse para as persoas xurídicas que sexan titulares de risco directo residentes nun Estado membro informador.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida non facilitarán este dato.</p>
<b>DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS FÍSICAS</b>	
<b>Data de nacemento</b>	<p>Para as persoas físicas, data de nacemento.</p> <p>Cando, excepcionalmente, a entidade non poida ter acceso a este dato, indicarse «Non dispoñible».</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>País de nacemento</b>	<p>Para as persoas físicas, código ISO alfabético do país en que nacesen, segundo conste en calquera documento de identificación.</p> <p>Cando, excepcionalmente, a entidade non poida ter acceso a este dato, indicarse «Non dispoñible».</p>
<b>Sexo</b>	<p>Para as persoas físicas, indicarse o seu sexo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Home.</li> <li>- Muller.</li> </ul>
<b>DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS XURÍDICAS E ENTIDADES SEN PERSONALIDADE XURÍDICA</b>	
<b>Forma xurídica</b>	<p>Para as entidades residentes en España, indicarse o valor que corresponda segundo a súa forma xurídica:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade anónima.</li> <li>- Sociedade anónima unipersonal.</li> <li>- Sociedade anónima laboral (Lei 4/1997).</li> <li>- Sociedade de responsabilidade limitada.</li> <li>- Sociedade de responsabilidade limitada unipersonal.</li> <li>- Sociedade limitada laboral (Lei 4/1997).</li> <li>- Sociedade limitada nova empresa.</li> <li>- Sociedade colectiva.</li> <li>- Sociedade comanditaria simple.</li> <li>- Sociedade comanditaria por accións.</li> <li>- Sociedade cooperativa.</li> <li>- Sociedade cooperativa europea.</li> <li>- Sociedade de garantía recíproca.</li> <li>- Sociedade agraria de transformación.</li> <li>- Sociedade anónima europea ou «sociedade europea».</li> <li>- Sociedade civil con personalidade xurídica.</li> <li>- Sociedade profesional.</li> <li>- Mutua.</li> <li>- Agrupación de interese económico.</li> <li>- Agrupación europea de interese económico.</li> <li>- Fundación.</li> <li>- Asociación e outras institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares.</li> <li>- Sucursal en país distinto ao da súa sede social.</li> <li>- Entidade de dereito público.</li> <li>- Patrimonio de investimento sen personalidade xurídica.</li> <li>- Resto das entidades sen personalidade xurídica.</li> <li>- Outra forma xurídica.</li> </ul> <p>Cando o titular sexa unha sucursal, calquera que sexa a súa residencia, indicarse o valor «Sucursal en país distinto ao da súa sede social». Nos fondos de investimento sen personalidade xurídica indicarse «Fondo de investimento sen personalidade xurídica». Cando a forma xurídica non coincida con algunha das incluídas nesta lista, asignaráselle o valor «Outra forma xurídica».</p>

<b>Código identificador de persoas xurídicas (código LEI)</b>	<p>Código identificador de persoa xurídica que, de ser o caso, teña asignado a persoa.</p> <p>Deberá indicarse sempre que a persoa teña asignado un código LEI. No resto dos casos indicarase «Non aplicable».</p>
<b>Sede central</b>	<p>Cando a persoa sexa unha sucursal en España ou no estranxeiro dunha persoa xurídica cuxa sede social radique noutro país, o código de identificación da entidade de que forme parte. Cando esta non resida en España, o código de identificación que lle asigne o Banco de España, logo de solicitude da entidade declarante.</p> <p>Cando a persoa sexa un fondo de investimento sen personalidade xurídica, cuxa sede social se localice nun Estado membro informador, cubrirase co código da sociedade xestora.</p> <p>Para o resto das persoas xurídicas, cubrirase repetindo o «Código da persoa».</p>
<b>Código da entidade matriz inmediata</b>	<p>Para os titulares de risco e provedores de garantías reais consignarase o código da persoa xurídica que sexa a entidade matriz inmediata.</p> <p>Non se declarará este código para os organismos autónomos ou similares ou empresas que pertencen aos sectores Administración central, autonómica ou local española, nin para as empresas que teñan a consideración de sector público por seren dependentes das ditas administracións.</p> <p>Non se indicará no caso de sucursais nun país distinto ao da súa sede social, nin para os fondos de investimento sen personalidade xurídica.</p> <p>Se o titular non tiver entidade matriz inmediata, deberá consignar o código da persoa do titular.</p> <p>Para os titulares de risco e os provedores de garantías reais que non pertencen a un Estado membro informador, se non se dispón deste dato, declararase «Non dispoñible».</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida declararán o valor «Non aplicable».</p>
<b>Código da entidade matriz última</b>	<p>Debe consignarse cando se trate de titulares de risco e provedores de garantías reais, co NIF ou código facilitado polo Banco de España para a entidade dominante do grupo económico máis amplo de que formen parte, segundo a definición do artigo 42 do Código de comercio, aínda que non se declaren riscos á CIR a nome da entidade dominante ou doutras persoas integrantes do grupo.</p> <p>As sociedades e fondos de titulización xestionados por entidades do grupo económico da entidade declarante declararanse como integrantes do grupo económico da entidade sempre que os activos financeiros que se lles transferisen se rexistren no activo do balance do grupo.</p> <p>Malia o sinalado nos parágrafos anteriores, non se declarará este código para os organismos autónomos ou similares ou empresas que pertencen aos sectores Administración central, autonómica ou local española, nin para as empresas que teñan a consideración de sector público por seren dependentes das ditas administracións.</p> <p>Non se indicará no caso de sucursais nun país distinto ao da súa sede social, nin para os fondos de investimento sen personalidade xurídica.</p> <p>Cando a entidade matriz última coincida coa entidade matriz inmediata, deberá consignarse o código da entidade matriz inmediata.</p> <p>Para os titulares de risco e os provedores de garantía que non pertencen a un Estado membro informador, se non se dispón deste dato, declararase «Non dispoñible».</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida declararán o valor «Non aplicable».</p>
<b>Vinculación con administracións públicas españolas</b>	<p>Para os titulares de risco que sexan empresas e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares, indica se son dependentes de, ou están participadas por, algunha Administración pública española:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dependente da Administración central española.</li> <li>- Dependente dunha Administración autonómica española.</li> <li>- Dependente dunha Administración local española.</li> <li>- Participada por administracións públicas españolas sen seren dependentes.</li> <li>- Resto.</li> </ul>

	<p>Para o resto das persoas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación nos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dependente de administracións públicas españolas (central, autonómica ou local): empresas que, non formando parte do sector administracións públicas, teñan a consideración de sector público conforme o disposto no artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa que a desenvolve. A asignación deste valor a unha empresa que non figure nas relacións informativas que publique o Banco de España no seu sitio web como dependente dunha Administración pública española requirirá consulta por escrito ao Banco de España (Dirección Xeral de Estabilidade Financeira, Regulación e Resolución).</li> <li>- Participada por administracións públicas españolas sen ser dependentes: empresas ou institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares que non forman parte do sector administracións públicas españolas nin sexan entidades dependentes dalgunha das ditas administracións en que unha ou máis administracións posúan dereitos de voto ou participen no seu capital, calquera que sexa a porcentaxe.</li> </ul> <p>Resto: empresas ou institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares que non cumpran ningún dos criterios dos parágrafos anteriores.</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida declararán o valor «Non aplicable».</p>
<b>DATOS ADICIONAIS PARA EMPRESAS</b>	
<b>Tamaño da empresa</b>	<p>Clasificación das empresas que sexan titulares de risco e sociedades emisoras de valores, calquera que sexa o seu sector institucional, polo seu tamaño. A asignación dos valores realizarase aplicando os criterios da Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Grande.</li> <li>- Mediana.</li> <li>- Pequena.</li> <li>- Microempresa.</li> </ul> <p>Para o resto das persoas declararase o valor «Non aplicable».</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida declararán o valor «Non aplicable».</p>
<b>Data do tamaño da empresa</b>	<p>Data dos últimos datos utilizados para clasificar ou revisar a clasificación da empresa na dimensión «Tamaño da empresa».</p> <p>Este dato indicarse no caso de empresas que sexan titulares de risco directo, cuxa sede social se encontre nun Estado membro informador.</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida non facilitarán este dato.</p> <p>Formato: AAAAMDD</p>
<b>Número de empregados</b>	<p>Número de empregados do titular consonte o artigo 5 do anexo da Recomendación 2003/361/CE.</p> <p>Este dato indicarse no caso de empresas que sexan titulares de risco directo, cuxa sede social se encontre nun Estado membro informador.</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida non facilitarán este dato.</p>
<b>Balance total</b>	<p>Importe en libros do activo total do balance individual da empresa.</p> <p>Este dato indicarse no caso de empresas que sexan titulares de risco directo, cuxa sede social se encontre nun Estado membro informador.</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida non facilitarán este dato.</p>

<b>Importe neto da cifra de negocio nos estados financeiros individuais</b>	<p>Volume de negocios anual, deducidos descontos e impostos da empresa nos seus estados financeiros anuais.</p> <p>O dato será o correspondente á data de peche dos últimos estados financeiros individuais que utilizase a entidade declarante para o estudo ou seguimento da sociedade, aínda que non sexan os depositados no Rexistro Mercantil, os incluídos no imposto sobre sociedades ou os auditados, sempre que estean asinados polo director financeiro ou outros altos cargos da sociedade.</p> <p>O dato corresponderá a un exercicio completo, excepto se os estados financeiros públicos se refiren a un período inferior a doce meses (porque se trate do primeiro exercicio, se cambiase a data de peche, etc.), caso en que se indicará o importe que corresponda á data de peche dos estados financeiros.</p> <p>Este dato consignarase para as sociedades non financeiras que sexan titulares de riscos. Ademais, deberán informar desta dimensión o resto das empresas que, sendo titulares de riscos directos, teñan a súa sede social nun Estado membro informador.</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida non facilitarán este dato.</p>
<b>Data dos datos financeiros individuais</b>	<p>Para as sociedades non financeiras, aínda que sexan entidades dominantes de grupos económicos, data a que se refire o importe neto da cifra de negocio nos seus estados financeiros individuais declarado no anterior dato deste módulo.</p> <p>No caso excepcional de que a entidade non utilizase os estados financeiros individuais da sociedade para o seu estudo ou seguimento, non se facilitará este dato.</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida non facilitarán este dato.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Importe neto da cifra de negocio nos estados financeiros consolidados</b>	<p>Para as sociedades non financeiras que sexan entidades dominantes de grupos económicos, importe neto da cifra de negocio nos seus estados financeiros consolidados correspondentes ao último exercicio dispoñible.</p> <p>O dato será o correspondente á data de peche dos últimos estados financeiros dispoñibles que a entidade declarante utilizase para o estudo ou seguimento da sociedade, aínda que non sexan os depositados no Rexistro Mercantil, os incluídos no imposto sobre sociedades ou os auditados, sempre que estean asinados polo director financeiro ou outros altos cargos da sociedade.</p> <p>O dato corresponderá a un exercicio completo, excepto se os estados financeiros públicos se refiren a un período inferior a doce meses (porque se trate do primeiro exercicio, se cambiase a data de peche, etc.), caso en que se indicará o importe que corresponda á data de peche dos estados financeiros.</p> <p>No caso excepcional de que a entidade non utilizase os estados financeiros consolidados da entidade dominante para o estudo ou seguimento da sociedade, non se facilitará este dato.</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida non facilitarán este dato.</p>
<b>Data dos datos financeiros consolidados</b>	<p>Para as sociedades non financeiras que sexan entidades dominantes de grupos económicos, data a que se refire o importe neto da cifra de negocio nos seus estados financeiros consolidados declarado no seguinte dato deste módulo.</p> <p>No caso excepcional de que a entidade non utilizase os estados financeiros consolidados da entidade dominante para o estudo ou seguimento da sociedade, non se facilitará este dato.</p> <p>As entidades suxeitas a declaración reducida non facilitarán este dato.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS CON VARIOS CÓDIGOS</b>	
<b>Número de identificación fiscal (NIF)</b>	<p>NIF que tivese asignado previamente a persoa.</p>

<b>Número de identificación de estranxeiro (NIE)</b>	NIE que tivese asignado previamente a persoa.
<b>Código asignado polo Banco de España</b>	Código asignado polo Banco de España cando era non residente en España.
<b>PARTE 2. DATOS DOS TITULARES COLECTIVOS</b>	
<b>Código da sociedade ou AIE</b>	Código da sociedade colectiva, sociedade comanditaria, agrupación de interese económico (AIE) ou agrupación europea de interese económico (AEIE).
<b>Código do socio colectivo ou integrante da AIE</b>	Código de cada un dos socios colectivos ou dos compoñentes das AIE e das AEIE.
<b>PARTE 3. DATOS QUE RELACIONAN OS TITULARES COAS ENTIDADES QUE INTEGRAN O SECTOR PÚBLICO ESPAÑOL</b>	
<b>Código do titular</b>	Código que identifica o titular que se relaciona coas entidades que integran o sector público español.
<b>Código da entidade que integra o sector público español</b>	NIF de cada unha das entidades que integran o sector público español que posúe dereitos de voto ou participa no capital do titular.
<b>PARTE 4. DATOS QUE VINCULAN OS TITULARES COS GRUPOS DE CLIENTES RELACIONADOS</b>	
<b>Código do titular</b>	Código que identifica o titular que pertence a un grupo de clientes relacionados.
<b>Código do grupo de clientes relacionados</b>	Código que identifica a persoa que a entidade declarante considere como cabeceira do grupo de clientes relacionados, sempre que non se declarase como «Código da entidade matriz última».

<b>A.2. SOLICITUDE DE CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN DE PERSOAS NON RESIDENTES EN ESPAÑA</b>	
<b>Motivo polo cal se solicita un código para a persoa</b>	<p>Motivo polo cal se solicita un código de identificación para a persoa:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoas declarables á CIR.</li> <li>- Sociedades emisoras e/ou tedoras de valores que non sexan titulares de riscos declarables á CIR.</li> <li>- Resto das persoas declarables.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoas declarables á CIR: titulares de riscos directos ou indirectos non residentes e outras persoas declarables á CIR, excepto emisores de valores cotizados.</li> <li>- Persoas xurídicas que emitisen e/ou sexan tedoras de valores para os cales se indiquen datos ao Banco de España, conforme a normativa contable, que non sexan titulares de riscos declarables á CIR.</li> <li>- Resto das persoas declarables: persoas non incluídas nos motivos anteriores, tales como os accionistas da entidade declarante.</li> </ul> <p>Os datos mínimos obrigatorios neste módulo son: «Natureza da persoa», «Nome», «Domicilio», «País de residencia» e «Sector institucional».</p> <p>Ademais, cando os titulares sexan persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica, será obrigatorio declarar a «Forma xurídica». Adicionalmente, tamén serán obrigatorios os seguintes datos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Para as persoas declarables á CIR: «Código LEI» ou, na súa falta, «Identificador nacional» e «Tipo de identificador».</li> <li>- As sociedades emisoras e/ou tedoras de valores: «Código LEI» ou, na súa falta, «Identificador nacional» e «Tipo de identificador». No caso de valores cotizados, ademais será necesario informar do «Código ISIN».</li> </ul> <p>Cando os titulares sexan persoas físicas, ademais dos datos mínimos, serán obrigatorios os seguintes: «Data de nacemento», «País de nacemento», «Sexo», «Código NIE ou NIF» ou «Número de pasaporte ou de identidade válido no país de orixe da persoa».</p> <p>Cando non se dispoña dalgún dos datos das dimensións cunha lista cerrada de valores, indícarase «Non dispoñible».</p> <p>En todo caso, proporcionaranse cantos datos de identificación posúa a entidade, independentemente da súa obrigatoriedade.</p>
<b>Natureza da persoa</b>	<p>Indica se se trata de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoa física.</li> <li>- Persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica.</li> </ul>
<b>Nome</b>	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo A.1. Datos que identifican as persoas.
<b>Domicilio</b>	<p>Mesma definición que no dato de igual nome do módulo A.1. Datos que identifican as persoas.</p> <p>Ademais, cando non se declare o código postal, deberá informarse sobre a división administrativa no caso de persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica declarables á CIR residentes nun país da Unión Europea de acordo coa «Nomenclatura das unidades territoriais estatísticas» (NUTS), nivel 3, do Regulamento (CE) n.º 1059/2003, do 26 de maio de 2003, polo que se establece unha nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas (NUTS).</p>
<b>Sector institucional</b>	<p>Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo A.1. Datos que identifican as persoas.</p> <p>A entidade asignará o sector institucional coa maior precisión posible. Só nos casos en que non se poida identificar o sector adecuado, poderán utilizarse os sectores residuais indicados na lista de valores incluída na dimensión «Sector institucional» do módulo A.1.</p> <p>Cando o motivo da declaración sexa «Resto das persoas declarables» e a entidade non dispoña desta información, consígnarase como «Non dispoñible».</p>
<b>País de residencia</b>	Código ISO alfabético do país de residencia da persoa.



<b>DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS FÍSICAS</b>	
<b>Data de nacemento</b>	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo A.1. Datos que identifican as persoas. Cando o motivo da declaración sexa «Resto das persoas declarables» e a entidade non dispoña desta información, consignarase como «Non dispoñible». Formato: AAAAMMDD
<b>País de nacemento</b>	Mesma definición que na dimensión de igual nome do módulo A.1. Datos que identifican as persoas. Cando o motivo da declaración sexa «Resto das persoas declarables» e a entidade non dispoña desta información, consignarase como «Non dispoñible».
<b>Sexo</b>	Mesma definición que na dimensión de igual nome do módulo A.1. Datos que identifican as persoas.
<b>Número de pasaporte ou de identidade válido no país de orixe da persoa</b>	Cando unha persoa física non teña asignado un NIE ou NIF en España, número de pasaporte ou doutro documento de identidade válido no país de orixe ou residencia.
<b>Código NIE ou NIF</b>	Número de identificación de estranxeiro (NIE) ou número de identificación fiscal (NIF) que, de ser o caso, teña asignado en España.
<b>Código asignado polo Banco de España</b>	Código asignado polo Banco de España ao titular se foi declarado previamente pola entidade con outro país de residencia.
<b>DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS XURÍDICAS E ENTIDADES SEN PERSONALIDADE XURÍDICA</b>	
<b>Código identificador de persoas xurídicas (código LEI)</b>	Código identificador de persoas xurídicas que, de ser o caso, teña asignado a persoa. Deberá informarse sempre que a persoa teña asignado un código LEI. No resto dos casos, consignarase «Non aplicable».
<b>Identificador nacional</b>	Código de identificación comunmente utilizado que permite identificar a persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica no seu país de residencia. Para cada persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica, debe indicarse o identificador nacional asociado ao correspondente «Tipo de identificador».  Dimensión obrigatoria cando a persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica non teña asignado un código LEI.
<b>Tipo de identificador</b>	Tipo de identificador utilizado na dimensión «Identificador nacional» conforme a lista de identificadores nacionais que publique o Banco de España.  Dimensión obrigatoria cando a persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica non teña asignado un código LEI.  Cando o tipo de identificador non estea incluído na lista, consignarase como «Outros», especificándose mediante un texto libre na dimensión «Información cualitativa».
<b>Forma xurídica (código)</b>	Código que identifique a forma xurídica da sociedade segundo a lista que publique o Banco de España.  Non obstante o anterior, todas as sucursais de sociedades cuxa sede social radique noutro país se identificarán como «SUC».
<b>Forma xurídica (abreviatura)</b>	Para as formas xurídicas non incluídas na lista que publique o Banco de España, abreviatura que se utilice no país de residencia, empregando en todo caso o alfabeto latino.
<b>Código SWIFT</b>	Código SWIFT que, de ser o caso, teña asignado a persoa.
<b>DATOS ADICIONAIS PARA EMISORES DE VALORES COTIZADOS</b>	
<b>Código ISIN</b>	Cando a persoa emitise valores cotizados, código alfanumérico ISIN dalgunha das súas emisións de valores con saldo vivo.
<b>OUTROS DATOS</b>	
<b>Información cualitativa</b>	Información adicional en forma de texto, diferente da incluída nos datos anteriores, que axude na identificación da persoa para a cal se solicita o código e do sector institucional a que pertence.

<b>B. DATOS DAS OPERACIÓNS E DAS RELACIÓNS COAS PERSOAS</b>	
<b>B.1. DATOS BÁSICOS QUE RELACIONAN AS PERSOAS COAS OPERACIÓNS</b>	
<b>PARTE 1. DATOS BÁSICOS QUE RELACIONAN OS TITULARES DE RISCOS COAS OPERACIÓNS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Código da persoa</b>	Código do titular de risco que intervéen na operación declarado no módulo A.1. Datos que identifican as persoas.
<b>Natureza da intervención na operación</b>	<p>Natureza en que intervéen a persoa na operación:</p> <p>a) <i>Titulares de riscos directos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Titular de risco directo único.</li> <li>- Titular de risco directo solidario ao 100 %.</li> <li>- Titular de risco directo solidario distinto do 100 %.</li> <li>- Titular de risco directo mancomunado non solidario con outros titulares mancomunados.</li> <li>- Titular de risco directo mancomunado solidario ao 100 % con outros titulares directos mancomunados.</li> <li>- Titular de risco directo mancomunado solidario distinto do 100 % con outros titulares directos mancomunados.</li> <li>- Titular de risco por subvencionar o principal.</li> <li>- Titular de risco por subvencionar exclusivamente xuros.</li> <li>- Titular de risco por subvencionar principal e xuros.</li> </ul> <p>b) <i>Titulares de riscos indirectos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garante solidario.</li> <li>- Garante non solidario.</li> <li>- Compromiso de sinatura en efectos.</li> <li>- Contraparte nun derivado de crédito comprado.</li> <li>- Garante sen cofecemento do titular.</li> <li>- Terceiro comprometido a pagar importes nunha operación de arrendamento financeiro.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Titular de risco directo (único, solidario ou mancomunado): titulares de operacións que sexan prestameiros, avalados ou contrapartes directas da entidade declarante ou emisores de valores propiedade desta. Indicarase que o titular é único cando a operación teña un só titular; que é solidario ao 100 % cando a operación teña dous ou máis titulares que respondan solidariamente da totalidade do risco; solidario distinto do 100 % cando os titulares solidarios respondan de importes diferentes, e mancomunado cando a operación teña dous ou máis titulares que respondan mancomunadamente do risco. Para os titulares mancomunados, indicarase que son solidarios con outros titulares mancomunados cando actúen de forma solidaria entre si (por exemplo, matrimonios que son titulares de forma solidaria dun determinado importe do risco), e titulares mancomunados non solidarios con outros titulares mancomunados, nos demais casos.</li> <li>- Titular de risco por subvencionar principal, xuros ou ambos: persoas que subvencionan unha operación, distinguindo en función de se subvencionan só o principal, só os xuros ou o principal e os xuros.</li> <li>- Garante (solidario ou non solidario): persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de riscos indirectos porque avalaron, afianzaron ou contraavalon a operación no propio contrato garantido, salvo que a operación consista en efectos financeiros ou comerciais, ou noutros contratos, sempre que, neste último caso, a garantía a paguen directamente aos garantes os titulares dos riscos directos, ou a entidade declarante a contratase con cofecemento de tales titulares (por exemplo, todas as garantías recibidas de sociedades de garantía recíproca, CESCE ou outras empresas públicas cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito, con independencia de como se instrumenten). Indicarase que o garante é solidario cando avale solidariamente con outra ou outras persoas a totalidade ou parte do risco, e non solidario cando responda de forma individual de todo ou parte do risco. Unha mesma operación pode ter, asemade, varios garantes non solidarios e mesmo garantes que sexan solidarios entre si.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Compromiso de sinatura en efectos: titulares de risco indirecto que comprometesen a súa sinatura nos efectos financeiros ou comerciais en que se instrumente a operación.</li> <li>- Contraparte nun derivado de crédito comprado: titulares de risco indirecto que vendesen protección nun derivado de crédito que non forme parte dunha titulización sintética.</li> <li>- Garante sen coñecemento do titular: persoas que sexan titulares de riscos indirectos porque garanten ou reavalan as operacións sen que os titulares de riscos directos teñan obrigatoriamente que ter coñecemento das garantías recibidas pola entidade declarante; por tanto, con este valor decláranse as garantías compradas pola entidade declarante para mitigar o risco de crédito, sen que teñan que ter coñecemento da súa existencia os titulares de risco directo, salvo que se teñan que declarar co valor «contraparte dun derivado de crédito comprado» (inclúe, entre outras, as garantías instrumentadas como seguros de crédito ou caución contratadas sen coñecemento dos titulares de risco directo), así como as recibidas pola entidade declarante en esquemas de protección de activos ou figuras similares e as instrumentadas como pólizas de crédito para cobertura de non pagados.</li> <li>- Terceiro comprometido a pagar importes nunha operación de arrendamento financeiro: persoas diferentes dos arrendatarios que se comprometen a adquirir o activo cedido en operacións cualificadas contablemente como arrendamentos financeiros se non o fan os arrendatarios.</li> </ul>
<b>PARTE 2. DATOS BÁSICOS QUE RELACIONAN AS PERSOAS DISTINTAS DOS TITULARES DE RISCOS COAS OPERACIÓNS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Código da persoa</b>	Código da persoa distinta do titular de risco que intervéñ na operación declarado no módulo A.1. Datos que identifican as persoas.
<b>Natureza da intervención na operación</b>	<p>Natureza en que intervéñ a persoa na operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acredor.</li> <li>- Administrador.</li> <li>- Orixinador.</li> <li>- Código da contraparte directa.</li> <li>- Entidade axente do préstamo sindicado.</li> <li>- Sociedade instrumental tedora.</li> <li>- Entidade declarante que concede de forma solidaria a operación.</li> <li>- Entidade emisora dos valores adquiridos temporalmente.</li> <li>- Entidade emisora dos valores prestados.</li> <li>- Entidade emisora de activos financeiros recibidos en garantía.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acredor: persoa que asume o risco de crédito dunha operación distinta das persoas que conceden garantías. Indicarase o seu «Código da persoa» declarado no módulo A.1. Datos que identifican as persoas. Este valor só se facilitará para os préstamos e unicamente cando o acredor sexa unha persoa diferente das seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>• No caso das operacións rexistradas contablemente en España, a entidade declarante.</li> <li>• No caso das operacións rexistradas contablemente nunha sucursal no estranxeiro, a sucursal.</li> <li>• No caso das operacións declaradas de sociedades instrumentais, a sociedade instrumental.</li> </ul> </li> <li>- Administrador: persoa encargada da xestión administrativa e financeira da operación. Indicarase o seu «Código da persoa» declarado no módulo A.1. Datos que identifican as persoas. Este valor só se facilitará para os préstamos e unicamente cando o administrador sexa unha persoa diferente das seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>• No caso de operacións rexistradas contablemente en España, a entidade declarante.</li> <li>• No caso de operacións rexistradas contablemente nunha sucursal no estranxeiro, a sucursal.</li> <li>• No caso de operacións declaradas de sociedades instrumentais, a sociedade instrumental.</li> </ul> </li> <li>- Orixinador: cedente da operación ou do seu risco de crédito a unha estrutura de titulización (tradicional ou sintética). Este valor só se facilitará para os préstamos titulizados, tanto se o préstamo o cedeu a entidade declarante como se se encarga exclusivamente da súa xestión.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Código da contraparte directa: titular do risco directo que a entidade considera como contraparte directa da operación para efectos contables. Este valor só se declarará cando a operación teña varios titulares de risco directo solidarios. Neste caso, declararase como contraparte directa a persoa que a entidade considerase como determinante ou máis relevante para a concesión da operación.</li> <li>- Entidade axente do préstamo sindicado: entidade que actúa como axente en operacións sindicadas, mesmo cando o axente sexa a propia entidade declarante.</li> <li>- Sociedade instrumental tedora: sociedade instrumental española da entidade declarante que ten contabilizada a operación nos seus libros. Este valor declararase cando a operación se declare co valor 11 na dimensión «Localización da actividade (país da operación)» do módulo B.2. Datos básicos das operacións.</li> <li>- Entidade declarante que concede de forma solidaria a operación: entidade declarante que concede unha garantía financeira ou outro aval ou caución non financeiro de forma solidaria coa entidade declarante do módulo.</li> <li>- Entidade emisora dos valores adquiridos temporalmente: entidade emisora dos valores que a entidade declarante adquire temporalmente.</li> <li>- Entidade emisora dos valores prestados: entidade emisora dos valores que a entidade declarante prestou.</li> <li>- Entidade emisora de activos financeiros recibidos en garantía: entidade emisora dos activos financeiros que a entidade declarante recibiu como garantía da operación.</li> </ul> <p>As operacións titulizadas sinteticamente vincúlanse coas contrapartes que venden a protección crediticia no módulo F. Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros.</p>
<b>B.2. DATOS BÁSICOS DAS OPERACIÓNS</b>	
<b>Código da operación</b>	<p>Código alfanumérico que identifica na CIR a operación.</p> <p>Este código é único para cada operación e non se pode reutilizar para outras operacións, aínda que a operación previa se dese de baixa da CIR. O código débese manter invariable durante a vida da operación, salvo que, por razóns administrativas, for necesario modificalo, caso en que se relacionará o código orixinal co novo código no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.</p> <p>O código da operación será normalmente o que a entidade declarante utilice para efectos de xestión na súa base de datos, salvo que, como consecuencia das precisións que se fan a continuación, unha operación se teña que declarar como se fosen varias operacións diferentes. Neste caso, a entidade poderá utilizar calquera criterio para conseguir o dito obxectivo (como engadir un número secuencial ou unha data ao código que se utilice para efectos de xestión, ou simplemente darlle un código totalmente novo).</p> <p>As operacións declararanse individualmente, coas seguintes precisións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Crédito comercial con recurso: nas operacións de desconto comercial e <i>factoring</i> con recurso, decláranse como operacións independentes cada unha das liñas comprometidas ou contratos diferentes cos cedentes, e non cada unha das remesas, letras ou documentos.</li> <li>- Crédito comercial sen recurso: nas operacións sen recurso, declárase cada unha das liñas diferentes que teña aberta a entidade para os obrigados ao pagamento por este tipo de operacións para cada un dos diferentes contratos cos cedentes, e non cada unha das remesas, letras ou documentos.</li> <li>- Contas de crédito: cando se renova unha conta de crédito asinando unha nova póliza, a nova operación declararase á CIR cun código diferente á operación que substitúa, aínda que a entidade lle asigne o mesmo número de conta para efectos de xestión. Os códigos de ambas as contas relacionarase no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos. Non se considerarán novas operacións as renovadas automaticamente, sen intervención activa do debedor, que só implican unha prolongación do contrato no tempo.</li> <li>- Tarxetas de crédito: utilizarase o mesmo código de operación cando se renove a tarxeta, salvo que o titular asine un novo contrato.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valores representativos de débeda: os valores representativos de débeda correspondentes á mesma emisión decláranse sempre co mesmo código de operación (que pode ser o seu código ISIN), incluso cando xa se declarasen importes para a mesma emisión con anterioridade e se desen de baixa da CIR por non ter saldo a final de mes.  Non obstante, se a entidade ten que declarar asemade o mesmo valor máis dunha vez como consecuencia de telo rexistrado contablemente en máis dun país, deberánse utilizar códigos de operación diferentes para cada un dos países en que estea rexistrado contablemente (este código poderá ser, por exemplo, o código ISIN máis o código ISO correspondente ao país da sucursal onde estea rexistrado contablemente).</li> <li>- Operacións con titulares mancomunados: estas operacións declararanse con tantos códigos diferentes como titulares mancomunados interveñan na operación, salvo para aqueles titulares que sexan solidarios entre si, caso en que o código da operación será o mesmo para os ditos titulares. Os diferentes códigos de operación asignados para a mesma operación relacionaranse no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.</li> <li>- Operacións subvencionadas: estas operacións teñen que declararse cun código de operación para informar sobre todos os datos que correspondan ao financiamento outorgado. Este código é o que se utiliza para declarar no módulo B.1. Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións, as persoas ás cales se lles concedeu o financiamento como titulares de riscos directos. Os datos que se deben declarar para este código son os mesmos que se terían que declarar para a operación se non estivese subvencionada, incluídos os importes mentres os titulares poidan seguir sendo responsables da súa devolución. A información sobre o tipo de subvención recibida indicárase na dimensión «Subvención da operación».  Adicionalmente, as subvencións imputadas a unha persoa por unha ou varias operacións formalizadas pola entidade declararanse cun só código de operación para vincular os seus datos no módulo B.1. cos da dita persoa, salvo que a entidade, por razóns administrativas, utilice máis dun código para xestionar as subvencións imputadas á dita persoa, caso en que se poderán declarar os diferentes códigos de operación. O «tipo de produto» que se debe declarar para estes códigos é «Dereitos de cobramento por subvencións».  Cando se subvencione o principal, o importe subvencionado indicárase na dimensión «Límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación» sempre que o seu pagamento estea condicionado a que as persoas que reciben a subvención teñan que cumprir coas súas obrigacións. Para estas operacións, no resto das dimensións indicárase os valores que correspondan por defecto (non aplicable, resto das situacións, sen dato, etc.).</li> <li>- Operacións procedentes dunha subrogación do debedor: estas operacións declararanse cun código diferente do código da operación subrogada, aínda que a entidade manteña o mesmo código para efectos de xestión. Os códigos de ambas as operacións relacionaranse no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.</li> </ul> <p>Cando unha operación a declaren á CIR dúas entidades diferentes (por exemplo, unha como prestamista e outra como garante), cada entidade declararáa co seu propio código.</p>
<b>Relación entre contrato e operación</b>	<p>Debe consignarse para indicar se o «Código da operación» declarado neste módulo coincide co código do contrato.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Verdadeiro.</li> <li>- Falso.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase aplicando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Verdadeiro: o código da operación é o mesmo que o código do contrato.</li> <li>- Falso: o código da operación é distinto do código do contrato. Neste caso, haberá que vincular no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos, o código da operación co seu código de contrato.</li> </ul> <p>Este campo debe permanecer invariable durante a vida da operación.</p>
<b>Código do valor</b>	<p>Para os valores representativos de débeda propiedade da entidade e para os valores representativos de débeda e instrumentos de patrimonio prestados a terceiros ou recibidos en préstamos de recompra inversa, salvo que para estes últimos o «Tipo de produto» sexa «Garantías en efectivo entregadas en permutas de valores», código público que teña asignado o valor (ISIN, CUSIP, SEDOL, etc.) ou, se non ten asignado o dito valor, o código que utilice a entidade para identificalo na restante información sobre valores que se reporte ao Banco de España.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este dato.</p>

<b>Código ISIN</b>	<p>Para as operacións en que se declare algún dato na dimensión «Código do valor», indica se é un código ISIN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>Localización da actividade (país da operación)</b>	<p>Código ISO alfabético do país en que estea radicada a sucursal en que estea rexistrada contablemente a operación.</p> <p>Cando a operación estea rexistrada en España nos libros da entidade declarante, declárase ES.</p> <p>Cando o préstamo estea rexistrado nos libros dunha sociedade instrumental española, declárase 11. Neste caso, será necesario declarar o código de identificación da entidade tedora no módulo B.1. Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións.</p>
<b>PARTE 1. DATOS QUE DEBEN DECLARAR TODAS AS ENTIDADES DECLARANTES</b>	
<b>Tipo de produto</b>	<p>Tipo de produto a que pertence a operación:</p> <p>a) <i>Para os préstamos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Crédito comercial <ul style="list-style-type: none"> <li>• Crédito comercial con recurso <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desconto de papel comercial</li> <li>- Resto das operacións</li> </ul> </li> <li>• Crédito comercial sen recurso <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pagamento a provedores con investimento</li> <li>- Pagamento a provedores sen investimento</li> <li>- <i>Factoring</i> con investimento</li> <li>- <i>Factoring</i> sen investimento</li> <li>- Dereitos de cobramento sobre tarifas reguladas</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>- Crédito financeiro <ul style="list-style-type: none"> <li>• Depósitos distintos de préstamos de recompra inversa <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contas correntes ou de aforro</li> <li>- Contas mutuas</li> <li>- Resto das contas de correspondencia</li> <li>- Descubertos en institucións financeiras monetarias</li> <li>- Resto de depósitos distintos de préstamos de recompra inversa</li> </ul> </li> <li>• Descubertos <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubertos</li> </ul> </li> <li>• Tarxetas de crédito <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tarxetas de crédito</li> </ul> </li> <li>• Préstamos renovables distintos de descubertos e de tarxetas de crédito <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contas de crédito con disposicións por etapas</li> <li>- Resto das contas de crédito</li> </ul> </li> <li>• Liñas de crédito distintas de préstamos renovables <ul style="list-style-type: none"> <li>- Préstamos con disposicións por etapas</li> <li>- Hipotecas inversas</li> <li>- Outros préstamos con entregas aprazadas de principal</li> </ul> </li> <li>• Outros préstamos <ul style="list-style-type: none"> <li>- Efectos financeiros</li> <li>- Préstamos híbridos</li> <li>- Dereitos de cobramento por subvencións</li> <li>- Anticipos de pensión ou nómina de administracións públicas</li> <li>- Activos procedentes de operacións fóra de balance</li> <li>- Derivados non pagados</li> <li>- Resto dos préstamos á vista</li> <li>- Resto dos préstamos a prazo distintos de depósitos</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>- Arrendamento financeiro <ul style="list-style-type: none"> <li>• Arrendamento financeiro para o arrendatario</li> <li>• Outros arrendamentos</li> </ul> </li> <li>- Préstamos de recompra inversa <ul style="list-style-type: none"> <li>• Garantías en efectivo entregadas en permutas de valores</li> <li>• Resto dos préstamos de recompra inversa</li> </ul> </li> </ul> <p>b) <i>Para os valores representativos de débeda:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valores representativos de débeda</li> </ul>

c) *Para as garantías financeiras:*

- Aval financeiro
  - Ante entidade declarante
  - Solidario con outras entidades declarantes
  - Resto
- Compromisos de risco de crédito de arrendamentos financeiros para o arrendador
- Derivado de crédito (protección vendida)
  - Ante entidade declarante
  - Resto

d) *Para os compromisos de préstamo*

- Depósitos a futuro

e) *Para os outros compromisos con risco de crédito:*

- Avais e caucións non financeiros prestados
  - Avais por cantidades anticipadas na construción e venda de vivendas
  - Compromisos de risco de crédito de arrendamentos operativos para o arrendador
  - Resto de garantías non financeiras concedidas
    - Ante entidade declarante
    - Solidarios con outras entidades declarantes
    - Resto
- Créditos documentarios irrevogables
- Disponibles noutros compromisos
  - Pólizas de risco global-multiuso
  - Liña de avais
  - Liña de créditos documentarios
  - Crédito por disposicións

f) *Para os préstamos de valores:*

- Valores prestados

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

a) *Préstamos:*

Crédito comercial: créditos concedidos sobre a base da compra de dereitos de cobramento (efectos ou outros documentos) que xorden ao adiar o cobramento de operacións de compravenda de bens ou prestación de servizos. Estas operacións inclúen o desconto de papel comercial, o *factoring* e o pagamento a provedores.

O crédito comercial clasifícase como «con recurso», e considérase como titular do risco directo o cedente cando este retén substancialmente todos os riscos e beneficios dos dereitos de cobramento ou cando, sen transferilos nin retelos substancialmente, a entidade declarante non adquire o control dos seus fluxos de efectivo, con independencia de como se denomine a operación no contrato. Entre as operacións con recurso inclúense o desconto de papel comercial e as operacións de *factoring* en que o cedente debe devolver o importe cobrado ou pagar xuros de demora en caso de falta de pagamento no vencemento polo obrigado ao pagamento.

O crédito comercial clasifícase como «sen recurso», e considérase como titular do risco directo o obrigado ao pagamento da débeda cando o cedente dos dereitos de cobramento transfere substancialmente todos os riscos e beneficios ou cando, sen transferilos nin retelos substancialmente, a entidade declarante adquire o control dos seus fluxos de efectivo. Entre as operacións sen recurso inclúense as operacións de *factoring* en que o cedente non debe devolver o principal nin pagar xuros de demora en caso de falta de pagamento no vencemento polo obrigado ao pagamento.

As operacións sen recurso clasifícanse como «pagamento a provedores» cando a entidade declarante entra na operación como consecuencia dun contrato asinado co obrigado ao pagamento polo que este se compromete a pagar á entidade as súas débedas cos provedores no seu vencemento, ou como *factoring* nos demais casos.

Pola súa vez, as operacións sen recurso clasifícanse como «con investimento» cando a entidade declarante pode desembolsar o importe da débeda aos cedentes antes do seu vencemento, ou como «sen investimento» cando unicamente se obriga ao seu pagamento no día do seu vencemento.



Nas operacións de crédito comercial, calquera que sexa o produto, só se debe declarar límite cando a entidade teña unha liña comprometida co cliente. Para estes efectos, enténdese por liña comprometida de crédito comercial cando a entidade asinase cos cedentes ou obrigados finais ao pagamento un contrato polo cal se compromete a aceptar operacións até un límite durante un prazo determinado.

- Dereitos de cobramento sobre tarifas reguladas: dereitos de cobramento adquiridos en firme sobre tarifas reguladas, tales como as que se cobran con cargo ao sistema eléctrico e gasista. Dadas as características especiais destas operacións, solicitaráselle ao Banco de España o criterio para declarar cada unha delas.
- Contas correntes ou de aforro: saldos debedores de depósitos á vista instrumentados como contas correntes (contas mobilizables mediante cheque e depósitos con vencemento inicial dun día e os que estean suxeitos a un aviso previo de 24 horas ou un día laborable) ou contas de aforro (depósitos instrumentados en libretas de aforro non mobilizables mediante cheque).
- Contas mutuas: saldos debedores de operacións de correspondencia con outras entidades de crédito en que ambas as entidades poden realizar cargos e aboamentos, e que, xeralmente, teñen unha aplicación de xuros simétrica.
- Resto das contas de correspondencia: saldos debedores de operacións de correspondencia que non cumplan os requisitos para cualificalas como contas mutuas.
- Descubertos en institucións financeiras monetarias: descubertos en que o titular sexa unha institución financeira monetaria.
- Resto dos depósitos distintos de préstamos de recompra inversa: depósitos distintos de «contas correntes ou de aforro», «contas mutuas», «resto das contas de correspondencia» e «préstamos de recompra inversa».
- Descubertos: descubertos en depósitos á vista. Consideraranse tamén descubertos aqueles que se produzan en contas correntes cun límite de crédito autorizado para o cliente e comprometido pola entidade declarante. Enténdese que este límite de crédito se produce ao abeiro dun contrato en que se especifican as condicións en que este límite pode ser usado, tanto se se establecen no contrato orixinal de conta corrente como se se incorporan posteriormente como unha addenda a este. Non obstante, os descubertos en que o titular sexa unha institución financeira monetaria clasificaranse como «Depósitos distintos de préstamos de recompra inversa».
- Tarxetas de crédito: tarxetas de débito diferido ou tarxetas de crédito, con independencia de que o titular non solicitase o pagamento aprazado.
- Contas de crédito con disposicións por etapas: operacións que funcionan como contas correntes en que a entidade pon á disposición do cliente un límite máximo de endebedamento, do cal unha parte só se entrega ao titular cando se cumpren determinados requisitos (como é a entrega de certificacións de obra) ou se produce a subrogación, parcial ou total, da débeda por un terceiro, como ocorre nas operacións coñecidas como «contas de crédito a promotor».
- Resto das contas de crédito: operacións que funcionan como contas correntes en que a entidade pon á disposición do cliente un límite máximo de endebedamento sen restricións desde o inicio da operación.
- Préstamos con disposicións por etapas: préstamos que non cumpren os criterios para clasificalos como contas de crédito con entrega aprazada de principal ao prestameiro, en que unha parte do importe só se entrega ao titular cando se cumpren determinados requisitos (como é a entrega de certificacións de obra) ou se produce a subrogación, parcial ou total, da débeda por un terceiro, como ocorre cos coñecidos como «préstamos promotor».
- Hipotecas inversas: préstamos con garantía hipotecaria dun ben inmovible en que o titular realiza disposicións, periódicas ou únicas, até un importe máximo determinado por unha porcentaxe do valor de taxación do inmovible no momento da formalización da operación e que se cancelan cando falece o titular ou os seus beneficiarios. En España son as operacións reguladas pola disposición primeira da Lei 41/2007.
- Outros préstamos con entrega aprazada de principal: préstamos en que o prestameiro non dispón do importe total do principal no inicio da operación e non cumpren os criterios para clasificalos como «contas de crédito», «préstamos con disposicións por etapas» ou «hipotecas inversas».

- Efectos financeiros: letras e notas promisorias singulares que serven de instrumentación de créditos distintos dos comerciais.
- Préstamos híbridos: préstamos que teñen incorporado un derivado implícito con características e riscos económicos distintos aos do contrato principal.
- Dereitos de cobramento por subvencións: nas operacións subvencionadas, importe dos dereitos de cobramento imputables ás persoas que as subvencionan.
- Anticipos de pensión ou nómina das administracións públicas: anticipos sobre pensións e nóminas correspondentes ao mes seguinte, sempre que a entidade pagadora sexa unha Administración pública e aquelas estean domiciliadas na entidade declarante.
- Activos procedentes de operacións fóra de balance: importes rexistrados no activo do balance como consecuencia de incumprimentos polos titulares de operacións fóra de balance, tales como activos que xurdan como consecuencia de préstamos de valores incumpridos ou pagamentos aos beneficiarios ou importes exixidos por estes de garantías financeiras ou avais e caucións non financeiros por incumprimento das persoas cuxos riscos estaban garantidos, ou falta de pagamento das comisións vencidas que cobre a entidade por este tipo de operacións. O código destas operacións débese vincular co das operacións de que proceden no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.
- Derivados non pagados: importe vencido e pendente de cobramento de derivados con saldo favorable para a entidade declarante no seu vencemento.
- Resto dos préstamos á vista: operacións á vista con natureza de préstamos para efectos dos requirimentos estatísticos da Unión Europea non incluídas nos valores anteriores.
- Resto dos préstamos a prazo distintos de depósitos: préstamos en que o prestameiro dispón da totalidade do principal no inicio da operación e que non cumpren os criterios para clasificalos como «depósitos», «hipotecas inversas» ou «préstamos híbridos».
- Arrendamentos financeiros: operacións de arrendamento que a entidade declarante rexistra contablemente como préstamos porque transferiu substancialmente todos os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Este concepto recolle as cotas que debe pagar o arrendatario.  
  
Os arrendamentos financeiros clasifícanse como «Arrendamento financeiro para o arrendatario» cando este adquire substancialmente todos os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo, ou como «Outros arrendamentos» cando a entidade declarante registre contablemente a operación como arrendamento financeiro exclusivamente porque hai terceiros distintos dos arrendatarios que se comprometeron a efectuar determinados pagamentos.
- Préstamos de recompra inversa: financiamento concedido a cambio de valores ou ouro adquiridos mediante pactos de recompra con retrocesión non opcional, ou recibidos en contratos de préstamo de valores. Estas operacións clasifícanse como «Garantías en efectivo entregadas en permutas de valores» cando corresponden ao importe das garantías en efectivo entregadas en permutas de valores, e como «Resto dos préstamos de recompra inversa» nos demais casos.

*b) Valores representativos de débeda:*

Os valores representativos de débeda son as obrigacións e os demais valores que creen ou recoñezan unha débeda para o seu emisor, mesmo os efectos negociables emitidos para a súa negociación entre un colectivo aberto de investidores, que devindiquen unha remuneración consistente nun xuro, implícito ou explícito, cuxo tipo, fixo ou definido por referencia a outros, se estableza contractualmente, ou incorporen un derivado implícito con características e riscos económicos distintos aos do contrato principal e se instrumenten en títulos ou en anotacións en conta, calquera que sexa o suxeito emisor, excepto se pertence ao sector Fogares.

As tenzas de valores representativos de débeda emitidos pola propia entidade declarante non se declaran á CIR.

*c) Garantías financeiras:*

As garantías financeiras son contratos que exixen que o emisor efectúe pagamentos específicos para reembolsar ao acredor pola perda en que incorre cando un debedor específico incumple a súa obrigación de pagamento de acordo coas condicións, orixinais ou modificadas, dun

instrumento de débeda (valor representativo de débeda, préstamo ou saldo debedor, calquera que sexa a orixe da débeda), con independencia da súa forma xurídica. Inclúe as operacións que garanten, pola súa vez, operacións que cumpren a definición de garantías financeiras. En función da forma en que se instrumenten, clasifícanse en:

- Avais financeiros: operacións en que a garantía financeira a contrata o emisor ou obrigado ao pagamento dos instrumentos de débeda que se garanten.
- Compromisos de risco de crédito de arrendamentos financeiros para o arrendador: compromisos en que se asegura o risco de crédito dun arrendamento financeiro para o arrendador.
- Derivados de crédito (protección vendida): operacións en que a garantía financeira a contrata quen compra a protección, é dicir, o beneficiario da garantía.

As garantías financeiras divídense en «Ante entidade declarante», «Solidarias con outras entidades declarantes» e «Resto». As primeiras inclúen os contratos en que os beneficiarios da garantía son entidades declarantes á CIR; as segundas, aqueles en que a entidade declarante garante de forma solidaria xunto con outra ou outras entidades declarantes; e as terceiras, o resto das garantías.

*d) Compromisos de préstamo:*

- Depósitos a futuro: operacións en que a entidade se compromete a dar nunha determinada data un préstamo (ou a efectuar un depósito) a un tipo e prazo especificados.

*e) Outros compromisos con risco de crédito:*

- Avais por cantidades anticipadas na construción e venda de vivendas: avais regulados pola Lei 57/1968, do 27 de xullo, sobre percepción de cantidades anticipadas na construción e venda de vivendas, e equivalentes.
- Compromisos de risco de crédito de arrendamentos operativos para o arrendador: compromisos en que se asegura o risco de crédito dun arrendamento operativo para o arrendador.
- Resto de garantías non financeiras concedidas: toda clase de garantías distintas das garantías financeiras concedidas e os avais por cantidades anticipadas na construción e venda de vivendas en que a entidade se obriga a compensar un beneficiario en caso de incumprimento dunha obriga específica. Inclúe operacións tales como as fianzas dadas para asegurar a participación en poxas e concursos ou o bo fin dunha obra ou operación, calquera outra clase de avais técnicos, os avais de importación e exportación de bens e servizos, as promesas de aval formalizadas irrevogables, as cartas de garantía en canto poidan ser exixibles por dereito e os afianzamentos de calquera tipo. Estas garantías divídense en «Ante entidade declarante», «Solidarios con outras entidades declarantes» e «Resto».
- Créditos documentarios irrevogables: os compromisos irrevogables de pagamento adquiridos contra entrega de documentos.
- Pólizas de risco global-multiuso: pólizas globais de risco coñecidas como «multiuso» porque, segundo o seu condicionado, os titulares poden dispoñer do seu importe para formalizar diferentes tipos de produtos. As diferentes disposicións téñense que relacionar coa operación de que proceden no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.
- Liñas de avais: liñas formalizadas para a concesión de garantías financeiras ou avais e caucións non financeiros. As diferentes disposicións teñen que relacionarse coa operación de que proceden no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.
- Liñas de créditos documentarios: liñas formalizadas para a concesión de créditos documentarios. As diferentes disposicións teñen que relacionarse coa operación de que proceden no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.
- Crédito por disposicións: operacións en que o titular pode realizar unha ou máis disposicións en forma de préstamo até o límite dispoñible en cada momento. Conforme se van realizando as disposicións, cada unha delas declárase como unha operación diferente. As operacións que se orixinen como consecuencia das diferentes disposicións teñen que se relacionar coa operación de que proceden no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.

	<p><i>f) Préstamos de valores:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valores prestados: operacións en que a entidade declarante cede ao prestameiro a plena titularidade duns valores co compromiso de devolver outros da mesma clase que os recibidos, sen que este efectúe ningún desembolso, salvo o pagamento de comisións. Cando nunha operación de préstamo de valores ambas as entidades intercambien valores, considerarase entidade prestamista a que cobre as comisións. Esta tratará como activos recibidos en garantía da operación os valores que recibise da contraparte (que normalmente terán un valor razoable maior que o dos valores prestados).</li> </ul> <p>A cada operación asígnaselle un só tipo de produto durante a súa vida, con independencia de que teña importes vencidos pendentes de cobramento, sen prexuízo do tratamento específico para os activos procedentes de operacións fóra de balance; por tanto, o valor «Resto dos préstamos á vista» incluirá operacións distintas de importes vencidos doutros produtos.</p>
<b>Subordinación do produto</b>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, indica se se trata dunha operación subordinada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Subordinado.</li> <li>- Non subordinado.</li> </ul> <p>Para o resto das operacións, declararase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Subordinado: operacións, calquera que sexa a forma en que se instrumenten que, para efectos de prelación de créditos, se sitúen detrás dos acredores ordinarios.</li> <li>- Non subordinado: préstamos e valores representativos de débeda que non cumpran a definición para seren cualificados como subordinados.</li> </ul>
<b>Operación para o financiamento dun proxecto</b>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, indícase se se trata dunha operación para o financiamento dun proxecto segundo se define no anexo V do Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014, polo que se establecen normas técnicas de execución en relación coa comunicación de información con fins de supervisión por parte das entidades, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación para o financiamento dun proxecto.</li> <li>- Non é operación para o financiamento dun proxecto.</li> </ul> <p>Para o resto das operacións, declararase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non aplicable.</li> </ul>
<b>Tipo de risco asociado aos derivados</b>	<p>Para os derivados non pagados e os préstamos híbridos e valores representativos de débeda híbridos, tipo de risco que se asume nos derivados non pagados ou nos derivados implícitos con características e riscos económicos distintos aos do contrato principal:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Risco de tipo de xuro.</li> <li>- Risco de cambio.</li> <li>- Risco de crédito (protección vendida).</li> <li>- Risco de accións.</li> <li>- Risco de materias primas.</li> <li>- Outro risco.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os criterios para clasificar os derivados en función do risco que se asume, conforme o disposto na normativa contable aplicable.</p> <p>Para o resto das operacións, declararase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non aplicable.</li> </ul>
<b>Finalidade da operación</b>	<p>Finalidade a que se destina a operación, con independencia da actividade económica que, de ser o caso, realice o titular.</p> <p>Esta dimensión facilitarana exclusivamente as entidades de crédito, as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras e os establecementos financeiros de crédito, as sociedades de garantía recíproca, as sociedades de reafianzamento e a Sareb; as restantes entidades non declararán este dato.</p>

Os valores segundo o tipo de instrumento son:

a) Para os préstamos a fogares (empresarios individuais e resto), sempre que non se destinen a actividades empresariais:

- Consumo
  - Adquisición de bens de consumo duradeiro
  - Adquisición doutros bens e servizos correntes
- Vivenda
  - Adquisición por primeira vez de vivenda habitual (vivenda protexida)
  - Adquisición por primeira vez de vivenda habitual (vivenda libre)
  - Resto das adquisicións de vivendas habituais
  - Adquisición de vivendas para o seu alugamento a terceiros
  - Resto das adquisicións
  - Rehabilitación
- Outros fins
  - Adquisición de terreos
  - Adquisición de garaxes e rochos non asociados á adquisición da vivenda
  - Adquisición de valores
  - Reunificación de débedas
  - Financiamento a arrendatarios. COVID-19
  - Resto

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Vivenda: financiamento destinado á compra de vivendas terminadas ou en construción, incluída a autopromoción da vivenda polo propio fogar, así como á rehabilitación de vivendas. Estas operacións clasificaranse, pola súa vez, en:
  - Adquisición por primeira vez de vivenda habitual (vivenda protexida ou libre): inclúe exclusivamente aquelas adquisicións en que o fogar accede por primeira vez á posesión dunha vivenda como residencia habitual.
  - Resto das adquisicións de vivendas habituais: inclúe as adquisicións de vivenda habitual cando o titular xa dispoñía previamente dunha vivenda habitual en propiedade.
  - Resto das adquisicións: operacións que teñan como finalidade a adquisición de vivendas distintas da habitual ou das que se destinen ao alugamento.
  - Rehabilitación: operacións que teñan como finalidade a rehabilitación das vivendas.
- Outros fins. Adquisición de valores: financiamento destinado á adquisición de valores representativos de débeda ou de instrumentos de patrimonio.
- Outros fins. Reunificación de débedas: operacións que se formalizasen para refinarciarse máis dunha operación concedida pola propia entidade, ou unha ou máis operacións concedidas por outra ou outras entidades. Cando se refinance exclusivamente unha operación da propia entidade, a nova operación continuarase declarando coa finalidade da cancelada.
- Outros fins. Financiamento a arrendatarios. COVID-19: finalidade que se debe utilizar exclusivamente para os avais habilitados polo artigo 9 do RDL 11/2020.
- Outros fins. Resto: operacións que non teñen cabida noutras finalidades. Inclúe, entre outras, as operacións clasificadas como «crédito comercial sen recurso».

b) Para o resto dos préstamos:

- Adquisición de bens inmoables residenciais
- Adquisición de bens inmoables comerciais
  - Adquisición de edificios ou parte de edificios comerciais para uso propio
  - Adquisición de activos inmobiliarios comerciais para cesión en arrendamento a terceiros
  - Adquisición de activos inmobiliarios comerciais adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas
  - Adquisición do resto dos terreos
  - Adquisición de activos inmobiliarios comerciais para outras finalidades

- Financiamento de garantías
  - Financiamento das garantías
- Financiamento da débeda
  - Financiamento da débeda
- Importación
  - Financiamento de importacións
- Exportación
  - Financiamento de exportacións
- Investimento en construción
  - Financiamento de construción para uso propio
  - Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria
    - Vivendas
      - Vivendas de protección oficial
      - Outras vivendas de primeira residencia
      - Resto das vivendas
    - Oficinas e locais comerciais
    - Naves polivalentes
    - Resto dos edificios
    - Actividade xeral
  - Financiamento de solo para promoción inmobiliaria
    - Solo urbano consolidado e urbanizable ordenado
      - Para uso predominantemente residencial
      - Para o resto dos usos
    - Resto de solo urbano e urbanizable
      - Para uso predominantemente residencial
      - Para o resto dos usos
    - Resto de solo con expectativas urbanísticas
  - Financiamento de construción de obra civil
  - Financiamento de enerxías renovables
  - Financiamento de construción de barcos e aeronaves
- Financiamento de circulante
  - Financiamento de circulante
- Outras finalidades
  - Financiamento de fusións e adquisicións de participacións en empresas
  - Financiamento de actividades agrícolas e gandeiras
  - Financiamento de activos distintos de inmobles que fosen adjudicados ou recibidos en pagamento de débedas
  - Financiamento doutros activos non correntes
  - Financiamento da internacionalización de empresas
  - Resto das finalidades

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Adquisición de bens inmobles residenciais: financiamento de propiedades residenciais segundo se definen no artigo 4, número 1, punto 75, do Regulamento (UE) n.º 575/2013; é dicir, de inmobles residenciais ocupados polos seus propietarios ou polo arrendatario do inmovble.
- Adquisición de edificios ou parte de edificios comerciais para uso propio: financiamento da adquisición de edificios ou parte de edificios distintos de propiedades residenciais para uso polo prestameiro.
- Adquisición de activos inmobiliarios comerciais para cesión en arrendamento a terceiros: financiamento da adquisición de inmobles distintos de propiedades residenciais que o prestameiro ten para a súa cesión en arrendamento.
- Adquisición de activos inmobiliarios comerciais adjudicados ou recibidos en pagamento de débedas: financiamento da adquisición de inmobles distintos das propiedades residenciais adjudicados ou recibidos en pagamento de débedas.
- Adquisición do resto dos terreos: asignarase ás adquisicións de terreos para os cales non se iniciasen ou se vaian iniciar construcións.
- Adquisición de activos inmobiliarios comerciais para outras finalidades: financiamento da adquisición de inmobles distintos das propiedades residenciais para finalidades diferentes das enumeradas nos guións anteriores.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Financiamento das garantías: préstamos relacionados coa compravenda, transferencia ou negociación de valores que están suxeitos a risco de contraparte no cálculo do coeficiente de recursos propios. Nesta finalidade non se inclúen outros préstamos garantidos por activos en forma de valores.</li> <li>- Financiamento da débeda: financiamento da débeda pendente ou próxima ao vencemento. Inclúe o refinanciamento da débeda.</li> <li>- Financiamento de importacións: financiamento de bens e servizos (adquisición, permuta ou doazón) de non residentes a residentes.</li> <li>- Financiamento de exportacións: financiamento de bens e servizos (adquisición, permuta ou doazón) de residentes a non residentes.</li> <li>- Financiamento de construción para uso propio: financiamento da construción de inmobles para uso polo prestameiro.</li> <li>- Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria (vivendas, oficinas, locais comerciais e naves polivalentes, e resto dos edificios): operacións cuxa finalidade sexa a promoción de vivendas ou edificios durante a súa fase de construción e até a súa efectiva venda ou alugamento. Non inclúe, por tanto, as autopromocións para uso propio. Os financiamentos distribúense en función do tipo de inmovible financiado. Pola súa vez, as vivendas desagreganse, en función da súa natureza, en vivendas de protección oficial, outras vivendas de primeira residencia (aquelas que predominantemente vaian ser adquiridas para destinalas a residencia habitual) e resto das vivendas. Os restantes edificios desagreganse segundo sexan ou non de uso polivalente. Para estes efectos, considéranse oficinas, locais e naves polivalentes aqueles, vinculados ou non a unha explotación económica, que non incorporan características ou elementos construtivos ou normativos que limiten ou dificulten o seu uso para diferentes actividades, sen grandes transformacións ou cambios, o que pode facilitar a súa fácil realización en efectivo.</li> <li>- Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria. Actividade xeral: financiamentos a empresas dedicadas á construción ou promoción inmobiliaria que se destinen á dita actividade sen estaren asignados a unha promoción ou construción concreta. Non inclúe as operacións destinadas ás industrias auxiliares da construción, tales como instalacións eléctricas, fontanaría, carpintería, pintura, etc.</li> <li>- Financiamento de solo para promoción inmobiliaria: operacións destinadas á compra ou urbanización de solo destinado á promoción inmobiliaria, polo que non inclúe os solos para autopromocións para uso propio. Estas operacións clasificaranse, en primeiro lugar, en función da clasificación urbanística do solo financiado (solo urbano ou urbanizable e non urbanizable con expectativas urbanísticas) e, adicionalmente, en función do seu uso predominante (residencial e resto dos usos). Os criterios para a clasificación urbanística e uso son os incluídos nas dimensións «Tipo de activo (inmobles)» e «Predio rústico con expectativas urbanísticas» do módulo D.2. Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía. Os financiamentos clasificaranse con esta finalidade mentres non se iniciase a construción de edificios.</li> <li>- Financiamento de construción de obra civil: inclúe as operacións destinadas a construción de obras civís, tales como estradas, pontes, canles, portos, etc.</li> <li>- Financiamento do circulante: financiamento da xestión do fluxo de caixa dunha organización.</li> <li>- Financiamento de fusións e adquisicións de participacións en empresas: operacións desta natureza, salvo que cumpran a definición de financiamento de garantías.</li> <li>- Financiamento doutros activos non correntes: financiamento de activos non correntes, segundo se definen no Plan xeral de contabilidade, non incluídos nos guións anteriores.</li> <li>- Resto das finalidades: asignarase aos financiamentos que non teñen cabida noutras finalidades.</li> </ul> <p>c) Para os valores representativos de débeda:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vivendas <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vivendas de protección oficial</li> <li>- Outras vivendas de primeira residencia</li> <li>- Resto das vivendas</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>
--	---



	<ul style="list-style-type: none"><li>• Oficinas e locais comerciais</li><li>• Naves polivalentes</li><li>• Resto dos edificios</li><li>• Actividade xeral</li></ul> <ul style="list-style-type: none"><li>- Financiamento de solo para promoción inmobiliaria<ul style="list-style-type: none"><li>• Solo urbano consolidado e urbanizable ordenado<ul style="list-style-type: none"><li>- Para uso predominantemente residencial</li><li>- Para o resto dos usos</li></ul></li><li>• Resto de solo urbano e urbanizable<ul style="list-style-type: none"><li>- Para uso predominantemente residencial</li><li>- Para o resto dos usos</li></ul></li><li>• Resto de solo con expectativas urbanísticas</li></ul></li><li>- Financiamento de construción de obra civil</li><li>- Financiamento de enerxías renovables</li><li>- Outra finalidade</li></ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os mesmos criterios que os sinalados na anterior letra b).</p> <p>d) Para as garantías financeiras a fogares (empresarios individuais e resto), sempre que non se destinen a actividades empresariais:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Garantía de crédito pecuniario para o resto das finalidades (fogares)</li><li>- Garantía de crédito de sinatura para o resto das finalidades (fogares)</li></ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Garantía de crédito pecuniario para o resto das finalidades (fogares): garantías financeiras directas de riscos pecuniarios, incluídos os adiamentos de pagamento de todo tipo de débedas cando os titulares pertencen ao sector fogares e non se destinen a actividades empresariais.</li><li>- Garantía de crédito de sinatura para o resto das finalidades (fogares): garantías financeiras indirectas de riscos pecuniarios (reavais de avais de créditos pecuniarios) cando os titulares pertencen ao sector fogares e non se destinen a actividades empresariais.</li></ul> <p>e) Para o resto das garantías financeiras:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Garantía de crédito pecuniario<ul style="list-style-type: none"><li>• Para financiar construcións ou promocións inmobiliarias</li><li>• Para financiar a construción de obra civil</li><li>• Para o resto das finalidades (resto)</li></ul></li><li>- Garantía de crédito de sinatura<ul style="list-style-type: none"><li>• Para financiar construcións ou promocións inmobiliarias</li><li>• Para financiar a construción de obra civil</li><li>• Para o resto das finalidades (resto)</li></ul></li><li>- Adiamento de pagamento en compravenda de bens no mercado interior</li></ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Garantía de crédito pecuniario para financiar construcións ou promocións inmobiliarias: garantías financeiras directas de riscos pecuniarios, incluídos os adiamentos de pagamento de todo tipo de débedas, que teñan como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria.</li><li>- Garantía de crédito pecuniario para financiar a construción de obra civil: garantías financeiras directas de riscos pecuniarios, incluídos os adiamentos de pagamento de todo tipo de débedas, que teñan como finalidade a construción de obra civil.</li><li>- Garantía de crédito pecuniario para o resto das finalidades (resto): garantías financeiras directas de riscos pecuniarios, incluídos os adiamentos de pagamento de todo tipo de débedas, salvo os correspondentes a compravendas de bens do mercado interior, que non teñan como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria ou a construción de obra civil, cando os titulares non pertencen ao sector fogares ou se destinen a actividades empresariais.</li><li>- Garantía de crédito de sinatura para financiar construcións ou promocións inmobiliarias: garantías financeiras indirectas de riscos pecuniarios (reavais de avais de créditos pecuniarios) que teñan como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria, incluído o solo.</li></ul>
--	---

- Garantía de crédito de sinatura para financiar a construción de obra civil: garantías financeiras indirectas de riscos pecuniarios (reavais de avais de créditos pecuniarios) que teñan como finalidade a construción de obra civil.
  - Garantía de crédito de sinatura para o resto das finalidades (resto): garantías financeiras indirectas de riscos pecuniarios (reavais de avais de créditos pecuniarios) que non teñan como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria ou a construción de obra civil, cando os titulares non pertencen ao sector fogares ou se destinen a actividades empresariais.
  - Adiamiento de pagamento en compravenda de bens no mercado interior: garantías financeiras do adiamiento de pagamento en compravendas de bens no mercado interior.
- f) Para as operacións declaradas como «Avais e caucións non financeiros prestados» a fogares (empresarios individuais e resto), sempre que non se destinen a actividades empresariais:
- Obrigacións ante Alfándegas, Facenda, tribunais e organismos públicos (fogares).
  - Outras obrigacións (fogares).

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Obrigacións ante Alfándegas, Facenda, tribunais e organismos públicos (fogares): inclúe as que teñan esa finalidade, salvo que consistan en garantías financeiras para o adiamiento do pagamento de débedas, cando os titulares pertencen ao sector fogares e non se destinen a actividades empresariais.
- g) Para as operacións declaradas como «Avais e outras caucións non financeiros prestados» a persoas xurídicas e fogares que realizan actividades empresariais:
- Exportación
  - Importación
  - Cantidades anticipadas na construción e venda de vivendas
  - Contratación de obras, servizos ou subministracións e concorrencias a poxas
    - Contratación de obras de construcións ou promocións inmobiliarias
    - Contratación de obras ou concorrancia a poxas de construción de obra civil
    - Contratación ou concorrancia a poxas de servizos ou subministracións
  - Obrigacións ante Alfándegas, Facenda, tribunais e organismos públicos (resto)
  - Outras obrigacións (resto)

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Obrigacións ante Alfándegas, Facenda, tribunais e organismos públicos (resto): inclúe as que teñan esa finalidade, salvo que consistan en garantías financeiras para o adiamiento do pagamento de débedas cando os titulares non pertencen ao sector fogares ou se destinen a actividades empresariais.
- h) Para os créditos documentarios:
- Exportación.
  - Importación.
- i) Para os depósitos a futuro, pólizas de risco global-multiuso, liñas de avais, liñas de créditos documentarios, créditos por disposicións e valores prestados:
- Non aplicable.

Cando unha operación poida ter varias finalidades, asignarase á que se destine o maior importe.

Cando unha operación clasificada inicialmente como «Financiamento de solo para promoción inmobiliaria» se teña que asignar a outra finalidade, comunicarse unha modificación polo motivo de «Reclasificación».

Para os activos procedentes de operacións fóra de balance, declararase a mesma finalidade da operación orixinaria que dea lugar ao activo. En particular, nos activos orixinados pola execución das garantías financeiras porase especial dilixencia en declarar a finalidade do financiamento que é obxecto da garantía.

	<p>En caso de non se poder concretar a finalidade dos activos procedentes de operacións fóra de balance, así como naquelas operacións que pola súa natureza intrínseca son transitorias, tales como descubertos, anticipo de pensión ou nómina, derivados non pagados e resto dos préstamos á vista, declararase como finalidade «Outros fins. Resto» cando os titulares directos pertencen ao sector «Fogares (empresarios individuais ou resto)» sempre que as operacións non se destinen a actividades empresariais, ou «Resto das finalidades» para o resto dos titulares.</p>
<p><b>Trámites legais realizados para recuperar a operación</b></p>	<p>Tipo de trámites legais que, de ser o caso, se realizasen para recuperar a operación.</p> <p>Esta dimensión facilitarana exclusivamente as entidades de crédito, as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras e os establecementos financeiros de crédito, as sociedades de garantía recíproca, as sociedades de reafianzamento e a Sareb; as restantes entidades deixarana en branco.</p> <p>Os valores son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedemento xudicial.</li> <li>- Rescisión de contrato para recuperar o ben.</li> <li>- Contencioso sen iniciar procedemento xudicial.</li> <li>- Resto das situacións.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedemento xudicial: existe un procedemento xudicial aberto para recuperar a operación.</li> <li>- Rescisión de contrato para recuperar o ben: operación de arrendamento financeiro en que se rescindiu o contrato para recuperar o ben.</li> <li>- Contencioso sen iniciar procedemento xudicial: cando a operación pasou a un departamento ou servizo especializado no seguimento, control e trámites para a recuperación da débeda sen que se iniciasen actuacións xudiciais.</li> <li>- Resto das situacións: cando a operación non estea en ningunha das situacións descritas nos valores anteriores.</li> </ul>
<p><b>Principal ou nocial ao inicio da operación</b></p>	<p>Para os «préstamos híbridos» e «resto de préstamos a prazo distintos de depósitos e resto dos depósitos distintos de préstamos de recompra inversa», o importe do principal ao inicio da operación.</p> <p>Para os efectos financeiros, o valor desembolsado na data de formalización.</p> <p>Para os arrendamentos financeiros, o valor actual na orixe da operación dos importes que se comprometesen a pagar os titulares.</p> <p>Para as garantías financeiras e os avais e caucións non financeiros prestados, o importe máximo de que responda a entidade fronte a terceiros na data de inicio da operación. Este importe coincide co importe polo cal se debe rexistrar a operación en contas de orde nos estados reservados na dita data.</p> <p>Para o resto das operacións non se declarará importe.</p> <p>Este importe non se modificará durante a vida da operación, aínda que se vaia amortizando.</p> <p>Cando as operacións estean denominadas en moedas diferentes do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data da súa formalización. Este importe non se actualizará con posterioridade como consecuencia da variación do tipo de cambio.</p>
<p><b>Límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación</b></p>	<p>Para os préstamos e outros compromisos con risco de crédito que teñan un límite de disposición comprometido cos titulares que poida ser superior ao importe disposto, límite máximo, na data de orixe da operación, do principal que se debe facilitar ao prestameiro, aínda que poida ser anulado pola entidade sen condicións en calquera momento e sen aviso previo, ou se prevexa a súa cancelación en caso de deterioración da solvencia do titular.</p> <p>O importe das clasificacións internas que realice a entidade para fixar límites á operativa cos clientes non se declara mentres estas non se formalicen como compromisos cos clientes.</p> <p>Nas contas de crédito e préstamos con disposicións por etapas, o límite é o importe máximo comprometido polos titulares do risco directo; por tanto, este importe non inclúe a contía que, de ser o caso, se lle entregue ao prestameiro exclusivamente cando se produza a subrogación total ou parcial da operación por terceiros.</p>

	<p>Nas operacións de crédito comercial, importe da liña comprometida formalmente cos titulares segundo se define na dimensión «Tipo de produto» deste módulo.</p> <p>Nos dereitos de cobramento por subvencións, cando se subvencione o principal, importe máximo do principal subvencionado sempre que o seu pagamento estea condicionado a que as persoas que reciben a subvención teñan que cumprir coas súas obrigacións.</p> <p>Nos dispoñibles noutros compromisos (pólizas de risco global-multiuso, liñas de avais, liñas de créditos documentarios e créditos por disposicións), o límite é o importe máximo do risco comprometido cos titulares na data de orixe da operación.</p> <p>Para o resto das operacións non se declarará este dato.</p> <p>Cando as operacións estean denominadas en moedas diferentes do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data da súa formalización. Este importe non se actualizará con posterioridade como consecuencia da variación do tipo de cambio.</p>
<b>Data de formalización ou emisión</b>	<p>Data de formalización da operación co titular, ou de emisión dos valores representativos de débeda, con independencia de que a entidade declarante adquirise a operación con posterioridade.</p> <p>A data de formalización fai referencia á data en que o contrato é vinculante para as partes.</p> <p>Este dato facilítase para todas as operacións.</p> <p>Para as operacións en que non se asinase un contrato específico, como pode ser o caso de «contas correntes e de aforro», «contas mutuas», «descubertos», «anticipos de pensións ou nóminas», «dereitos de cobramento por subvencións», «activos procedentes de operacións fóra de balance» e «resto dos préstamos á vista», indícarase a primeira data de disposición dos fondos.</p> <p>Para as operacións declaradas como crédito comercial, tamén será a primeira data en que dispuxese de fondos o debedor, salvo que se asinase unha liña comprometida de crédito comercial.</p> <p>Para os «derivados non pagados», é a data da liquidación non pagada.</p> <p>Nos préstamos que xorden como consecuencia de depósitos a futuro, é a data de formalización do depósito a futuro e non a de disposición do préstamo.</p> <p>En caso de que o préstamo fose adquirido, a data de formalización será a de formalización orixinal da operación.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Data de vencemento</b>	<p>Data do vencemento final da operación, incluso nas operacións con amortizacións periódicas.</p> <p>Este dato facilítase para as operacións con vencemento pactado contractualmente, excepto para os préstamos que teñan a natureza de crédito comercial, salvo que se trate dunha liña comprometida de crédito comercial, caso en que se declarará a data en que venza o compromiso de aceptar novos documentos.</p> <p>Para os depósitos a futuro, é a data en que a entidade se comprometeu a efectuar o préstamo ou depósito.</p> <p>Para os produtos sen vencemento pactado contractualmente (por exemplo, operacións de crédito comercial diferentes a liñas contractualmente comprometidas, «hipotecas inversas», «contas correntes e de aforro», «contas mutuas», «resto de contas de correspondencia», «descubertos», «anticipos de pensións ou nóminas», «tarxetas de crédito», «dereitos de cobramento por subvencións», «activos procedentes de operacións fóra de balance», «derivados non pagados» e «resto dos préstamos á vista», declararase o valor «Non aplicable».</p> <p>Este dato tense que modificar se varía a data de vencemento da operación.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>

**PARTE 2. DATOS ADICIONAIS QUE DEBEN DECLARAR AS ENTIDADES DE CRÉDITO, AS SUCURSAIS EN ESPAÑA DE ENTIDADES DE CRÉDITO ESTRANXEIRAS E OS ESTABLECEMENTOS FINANCIEROS DE CRÉDITO**

**Orixe da operación**

Indica como se orixinou a operación:

- Orixinada pola entidade
- Subrogación do debedor
- Subrogación do acredor
  - Procedente doutra entidade declarante do mesmo grupo económico
  - Procedente doutra entidade non declarante do mesmo grupo económico
  - Procedente doutra entidade declarante allea ao grupo económico
  - Procedente doutra entidade non declarante allea ao grupo económico
- Segregada doutra operación da entidade
- Adquisición mantendo a xestión outra entidade
- Adquisicións en firme
- Venda de activos da entidade declarante ou do seu grupo económico
- Activos procedentes de operacións fóra de balance
- Derivados non pagados
- Outro

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Orixinada pola entidade: operacións concedidas directamente pola entidade aos titulares, así como aquelas que se clasifiquen como crédito comercial sen recurso, salvo que cumpran os requisitos para clasificalas con outro valor. Inclúe os préstamos de recompra inversa, tanto os que se formalizan como simultáneas como os que se instrumentan como *repos*.
- Subrogación do debedor: operacións en que, por unha subrogación, se produza un cambio de titular. A nova operación débese vincular coa operación da cal procede no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.
- Subrogación do acredor (procedente de operacións doutra entidade, declarante ou non, pertencente ao mesmo grupo económico ou doutra entidade allea ao grupo económico): operacións en que a entidade declarante pasa a ser a entidade acreedora porque o debedor fixo unha subrogación do acredor doutra operación. Nas operacións procedentes doutras entidades declarantes do mesmo grupo económico, a nova operación débese vincular coa operación da cal procede no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.
- Segregada doutra operación da entidade: operación segregada doutra operación da entidade declarante. A operación segregada débese vincular coa operación da cal procede no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.
- Adquisición mantendo a xestión outra entidade: adquisición de préstamos mediante participacións hipotecarias, certificados de transmisión hipotecaria ou outro tipo de transferencias en que a entidade cedente non é entidade declarante, ou é unha entidade declarante que non ten que declarar de forma individualizada a operación á CIR, e continúa coa xestión dos riscos fronte ao titular.
- Adquisicións en firme: adquisicións no mercado primario ou secundario de valores representativos de débeda, así como adquisicións do resto das operacións, excepto as que se clasifiquen como crédito comercial sen recurso, sempre que non se trate do traspaso da actividade financeira doutra entidade de crédito ou dunha combinación de negocios.
- Venda de activos da entidade declarante ou do seu grupo económico: operacións utilizadas para financiar activos vendidos pola propia entidade declarante ou outra entidade do seu grupo económico, aínda que a entidade adquirente pertenza ao mesmo grupo económico que a entidade declarante.
- Activos procedentes de operacións fóra de balance: operacións declaradas como «Activos procedentes de operacións fóra de balance» na dimensión «Tipo de produto» deste módulo. Estas operacións débense vincular coas operacións das cales proceden no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.
- Derivados non pagados: operacións declaradas como «Derivados non pagados» na dimensión «Tipo de produto» deste módulo.
- Outro: este valor asignarase cando, excepcionalmente, o tipo de orixe non teña cabida en ningún dos valores anteriores.

Cando unha operación poida ter diferentes orixes, asignarase á de maior contía económica.

	<p>Cando a operación proceda do traspaso da actividade financeira doutra entidade ou dunha combinación de negocios (por exemplo, unha fusión ou a adquisición de todos ou parte dos negocios doutras entidades), como orixe da operación declararase a que declarase á CIR a entidade cedente (ou a que lle tería correspondido declarar).</p>
<p><b>Estado de refinanciamentos e reestruturacións</b></p>	<p>Indica se a operación foi novada, ou se foi refinanciada ou refina a outra ou outras operacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación de refinanciamento <ul style="list-style-type: none"> <li>• Doutras operacións da entidade</li> <li>• De operacións doutras entidades declarantes do mesmo grupo económico</li> <li>• De operacións doutras entidades non declarantes do mesmo grupo económico</li> </ul> </li> <li>- Operación refinanciada <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pola propia entidade</li> <li>• Por outras entidades declarantes do mesmo grupo económico</li> <li>• Por outras entidades non declarantes do mesmo grupo económico</li> </ul> </li> <li>- Operación reestruturada <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conforme o Real decreto lei 6/2012</li> <li>• Resto das operacións reestruturadas</li> </ul> </li> <li>- Operación de renovación</li> <li>- Operación renegociada</li> <li>- Resto das situacións</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación de refinanciamento (de operacións da entidade ou doutras entidades do mesmo grupo económico declarantes ou non): operación que, calquera que sexa o tipo de produto (incluídos descubertos), titular ou garantías, se concede ou se utiliza, por razóns económicas ou legais relacionadas con dificultades financeiras –actuais ou previsibles– do titular (ou titulares), para cancelar unha ou varias operacións concedidas, pola propia entidade ou por outras entidades do seu grupo, ao titular (ou titulares) ou a outra ou outras empresas do seu grupo económico, ou pola que se poñen as ditas operacións total ou parcialmente ao día de pagamentos, co fin de lles facilitar aos titulares das operacións canceladas ou refinanciadas o pagamento da súa débeda (principal e xuros) porque non poden, ou se prevé que non van poder, cumprir en tempo e forma coas súas condicións. As operacións de refinanciamento doutras operacións da entidade ou doutras entidades declarantes do seu mesmo grupo económico débense vincular coas operacións refinanciadas no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos.</li> <li>- Operación refinanciada (pola entidade ou outras entidades do mesmo grupo económico, declarantes ou non): operación que se pon total ou parcialmente ao día de pagamento como consecuencia dunha operación de refinanciamento realizada pola propia entidade ou outra entidade do seu grupo económico.</li> <li>- Operación reestruturada (conforme o Real decreto lei 6/2012 e o resto das operacións reestruturadas): operación en que, por razóns económicas ou legais relacionadas con dificultades financeiras, actuais ou previsibles, do titular (ou titulares), se modifican as súas condicións financeiras co fin de facilitar o pagamento da débeda (principal e xuros) porque o titular non pode, ou se prevé que non vai poder, cumprir en tempo e forma con tales condicións, mesmo cando a dita modificación estivese prevista no contrato. En todo caso, considéranse como reestruturadas as operacións en que se realiza unha quitación ou se reciben activos para reducir a débeda; ou aquelas en que se modifican as súas condicións para alongar o seu prazo de vencemento, variar o cadro de amortización para minorar o importe das cotas no curto prazo ou diminuír a súa frecuencia, ou establecer ou alongar o prazo de carencia de principal, xuros ou ambos, salvo cando se poida probar que as condicións se modifican por motivos diferentes da dificultade financeira dos titulares e sexan análogas ás que se apliquen no mercado, na data da súa modificación, ás operacións que se concedan a clientes con similar perfil de risco. Estas operacións declararanse co valor «Real decreto lei 6/2012» cando se executen de conformidade coa dita disposición.</li> <li>- Operación de renovación: operación formalizada para substituír outra concedida previamente pola propia entidade sen que o prestameiro teña, ou se prevexa que poida ter no futuro, dificultades financeiras; é dicir, é unha operación que se formaliza por motivos diferentes dos do refinanciamento. A nova operación débese vincular coa operación da cal procede no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos. Non se considerarán novas operacións as renovadas automaticamente, sen intervención activa do debedor, que só implican unha prolongación do contrato no tempo.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación renegociada: operación en que se modifican as súas condicións financeiras sen que o prestameiro teña, ou se prevexa que poida ter no futuro, dificultades financeiras; é dicir, é unha operación en que se modifican as condicións por motivos diferentes dos da reestruturación.</li> <li>- Resto das situacións: operacións en que non se dá ningunha das circunstancias descritas nos valores anteriores. Inclúe, entre outras, as operacións declaradas na dimensión «Tipo de produto» deste módulo como «Activos procedentes de operacións fóra de balance», «Derivados non pagados», «Outros compromisos con risco de crédito» e «Valores prestados».</li> </ul> <p>Cando para unha operación se declarase algún dos valores seguintes: «operación de refinanciamento», «operación refinanciada», «operación reestruturada», «operación de renovación» ou «operación renegociada», non se deberá declarar o valor «resto das situacións» en datas posteriores.</p>
<b>Data do estado de refinanciamentos e reestruturacións</b>	<p>Data en que se rexistra calquera dos valores declarados en «operación de refinanciamento», «operación refinanciada», «operación reestruturada», «operación de renovación» ou «operación renegociada».</p> <p>Cada vez que se rexistre un cambio no valor declarado, deberase indicar a data.</p> <p>En caso de que permaneza o valor declarado pero se volvese efectuar na operación outro dos procesos afectados nos valores declarados, indicárase a nova data (segundos ou posteriores refinanciamentos, reestruturacións, renovacións e renegociacións).</p> <p>Para o valor declarado «Resto das situacións» non se rexistrará data.</p>
<b>Canle de contratación</b>	<p>Para os préstamos, indica a canle pola cal se contrataron:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Rede de oficinas.</li> <li>- Oficina central.</li> <li>- Sitio web.</li> <li>- Aplicacións instaladas nos dispositivos móbiles.</li> <li>- Banca telefónica.</li> <li>- Preconcedido.</li> <li>- Axente.</li> <li>- Punto de venda.</li> <li>- Outros intermediarios.</li> <li>- Adquirido a terceiros.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adquirido a terceiros: cando a operación se declare como unha adquisición en firme ou manteña a xestión unha entidade non declarante na dimensión «Orixe da operación» deste módulo.</li> <li>- Non aplicable: este valor asignarase ás operacións declaradas cos valores «Activo procedente de operacións fóra de balance» e «Derivados non pagados» na dimensión «Tipo de produto» deste módulo.</li> </ul> <p>Cando a operación proceda do traspaso da actividade financeira doutra entidade ou dunha combinación de negocios (por exemplo, unha fusión ou a adquisición de todos ou parte dos negocios doutras entidades), como canle de contratación declararase o que declarase á CIR a entidade cedente (ou o que lle tería correspondido declarar).</p>
<b>Provincia en que se realiza o investimento</b>	<p>Para os préstamos investidos en España, código de dúas cifras correspondente á provincia en que teña lugar o investimento dos fondos, se este é identificable e se coñece e, na súa falta, da praza de pagamento ou concesión.</p> <p>Para os préstamos que teñan como finalidade o financiamento da construción ou promoción inmobiliaria ou de solo para promocións inmobiliarias, indicárase a provincia en que estea localizada a construción ou o solo.</p> <p>Para as operacións declaradas cos valores «Activo procedente de operacións fóra de balance» e «Derivados non pagados» na dimensión «Tipo de produto» deste módulo, indicárase a provincia onde teña o seu domicilio o titular.</p>



<b>Esquema de amortización</b>	<p>Para os préstamos, indica o esquema de amortización do principal e xuros da operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cotas de amortización (principal e xuros) constantes (francés).</li> <li>- Cotas de amortización de principal constantes.</li> <li>- Amortización única de principal no vencemento.</li> <li>- Cotas de amortización de principal variables.</li> <li>- Cotas de amortización segundo o método alemán.</li> <li>- Amortización de principal con progresión xeométrica.</li> <li>- Sen vencemento.</li> <li>- Sen dato.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase en función das características do esquema de amortización dos préstamos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cotas de amortización segundo o método alemán: amortización en que no primeiro prazo só se devolven xuros e os prazos restantes son constantes, incluídos a amortización do principal e os xuros.</li> <li>- Amortización de principal con progresión xeométrica: incremento progresivo da cota na porcentaxe (razón) que se debe realizar coa frecuencia pactada, manténdose constante a cota periódica até a súa actualización.</li> </ul> <p>Non obstante, o valor «Sen dato» utilizarase exclusivamente para os seguintes tipos de préstamos, que se declararán sempre co dito valor: as operacións con natureza de crédito comercial, hipotecas inversas, tarxetas de crédito, contas correntes ou de aforro, contas mutuas, descubertos, anticipo de pensión ou nómina, activos procedentes de operacións fóra de balance, derivados non pagados e resto dos préstamos á vista.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este dato.</p>
<b>Porcentaxe de participación nos préstamos sindicados (%)</b>	<p>Para os préstamos sindicados, porcentaxe en que participe a entidade declarante no importe total do préstamo.</p> <p>Os préstamos sindicados son aqueles en que participan varios prestamistas no propio contrato, calquera que sexa a súa denominación e tipo de produto. Inclúen, por tanto, as operacións en que varios prestamistas participan de forma mancomunada, aínda que non exista unha entidade que actúe como axente.</p> <p>Para o resto das operacións, declararase un 100 %.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
<b>Valores adquiridos temporalmente ou prestados. Nominal</b>	<p>Para os préstamos de recompra inversa e valores prestados, nominal dos valores adquiridos temporalmente ou prestados.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este dato.</p>
<b>Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Estado da construción</b>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda cuxa finalidade sexa o financiamento á construción ou promoción de edificios, indica a fase de construción en que se encontra o inmovible financiado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Rematado.</li> <li>- En construción: obra en marcha.</li> <li>- En construción: obra parada.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Rematado: o edificio está finalizado.</li> <li>- En construción. Obra en marcha: o edificio non está rematado e a obra non se paralizou. Inclúe os edificios en proceso de rehabilitación.</li> <li>- En construción. Obra parada: o edificio non está rematado e a obra paralizouse. Inclúe os edificios en proceso de rehabilitación.</li> </ul> <p>A clasificación anterior realizarase con independencia de que o inmovible conte con cédula de habitabilidade, licenza de funcionamento ou licenza de obra.</p> <p>Para o resto das operacións, declararase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non aplicable.</li> </ul>

<b>Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Licenza</b>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda cuxa finalidade sexa o financiamento á construción ou promoción de edificios, indica o tipo de licenza co que conta o inmovible financiado:</p> <p>a) Para as vivendas terminadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con cédula de habitabilidade ou licenza de primeira ocupación</li> <li>- Sen cédula de habitabilidade ou licenza de primeira ocupación</li> <li>- Sen licenza de obra</li> </ul> <p>b) Para o resto dos edificios rematados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con licenza de funcionamento</li> <li>- Sen licenza de funcionamento</li> <li>- Sen licenza de obra</li> </ul> <p>c) Para os edificios en construción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con licenza de obra non caducada</li> <li>- Con licenza de obra caducada</li> <li>- Sen licenza de obra</li> </ul> <p>Para o resto das operacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non aplicable.</li> </ul>
<b>Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Número de vivendas previstas</b>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda cuxa finalidade sexa o financiamento á construción ou promoción inmobiliaria, así como para o financiamento do solo para uso predominantemente residencial, número de vivendas que está previsto construír no inmovible financiado.</p> <p>Para aquelas operacións relacionadas a través do mesmo código de promoción inmobiliaria, o número de vivendas deberá coincidir.</p>
<b>Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Código da promoción inmobiliaria</b>	<p>Para todas as operacións, calquera que sexa o tipo de instrumento, que estean vinculadas cunha promoción inmobiliaria específica, código interno que utilice a entidade declarante para vincularlas. Por este motivo, sempre que correspondan á mesma promoción inmobiliaria, vincularanse os valores representativos de débeda e préstamos que se concedesen coa finalidade de financeira, as garantías financeiras que avalen financiamentos coa dita finalidade e as que avalen o pagamento aprazado na compra do solo, os avais á construción de vivendas e calquera outra operativa relacionada coa mesma promoción.</p> <p>Este código, que será diferente para cada promoción, repetirase en todas as operacións vinculadas á mesma promoción.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este código.</p>
<b>Subvención da operación</b>	<p>Indica se a operación está subvencionada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Subvención de principal.</li> <li>- Subvención de xuros.</li> <li>- Subvención de principal e xuros.</li> <li>- Sen subvención.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul>
<b>Moratoria COVID-19</b>	<p>Indica se a operación foi afectada por unha moratoria concedida aos seus debedores como consecuencia da crise sanitaria derivada da COVID-19:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Moratoria legal. COVID-19 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Operación sen medidas de reestruturación ou refinanciamento</li> <li>• Operación reestruturada ou refinanciada</li> </ul> </li> <li>- Moratoria asociación. COVID-19 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Operación sen medidas de reestruturación ou refinanciamento</li> <li>• Operación reestruturada ou refinanciada</li> </ul> </li> <li>- Moratoria individual. COVID-19 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Operación sen medidas de reestruturación ou refinanciamento</li> <li>• Operación reestruturada ou refinanciada</li> </ul> </li> <li>- Non aplicable</li> </ul>

	<p>Declararase o tipo de moratoria de acordo cos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Moratoria legal é a que se produce por ministerio da lei. Declararanse en calquera caso como moratoria legal as establecidas polo artigo 7 do RDL 8/2020, o artigo 21 do RDL 11/2020, o artigo 3 do RDL 25/2020 e o artigo 18 do RDL 26/2020.</li> <li>- Moratoria asociación é a pactada entre as partes e acollida ao previsto nos acordos marco sectoriais subscritos entre as entidades prestamistas, a través das súas asociacións representativas.</li> <li>- Moratoria individual é aquela diferente da «Moratoria legal» e da «Moratoria asociación» que, amparada no principio de liberdade de pactos do artigo 1255 do Código civil, é acordada polas partes.</li> </ul> <p>A distinción entre operacións reestruturadas ou refinanciadas e operacións sen medidas de reestruturación ou refinanciamento realizarase de acordo cos criterios para a consignación da dimensión «Estado de reestruturación ou refinanciamento e renegociación» do módulo H.1. sobre «Información prudencial complementaria» (definición EBA conforme o Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014).</p> <p>O valor «Non aplicable» declararase para as operacións que nunca foron afectadas por algunha das moratorias anteriores.</p> <p>Cando se produza un cambio no tipo de moratoria aplicado á operación, actualizarase este dato. Porén, cando unha operación deixe de estar afectada por unha moratoria, non se deberá declarar o valor «Non aplicable».</p>
<b>Data de comezo da moratoria. COVID-19</b>	<p>Para as moratorias legais: data en que a entidade comeza a aplicar a moratoria nos termos establecidos nas normas que as regulan.</p> <p>Para as moratorias asociación e as moratorias individuais: data en que vence a primeira cota cuxo pagamento se apraza.</p>
<b>Data de finalización da moratoria. COVID-19</b>	<p>Para as moratorias legais: data en que a entidade deixa de aplicar a moratoria nos termos establecidos nas normas que as regulan.</p> <p>Para as moratorias asociación e as moratorias individuais: data en que vence a primeira cota seguinte á última cuxo pagamento se apraza.</p>
<b>Modificación dos termos das operacións. Real decreto lei 34/2020</b>	<p>Para as operacións avaladas ao abeiro dos reais decretos leis 8/2020 e 25/2020, indica se á operación se lle aplicou a extensión do prazo de vencemento e/ou o aumento do prazo de carencia na amortización do principal, previstos no artigo 1 do Real decreto lei 34/2020:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación con aval RDL 8/2020.</li> <li>- Operación con aval RDL 25/2020.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación con aval RDL 8/2020: operación avalada ao abeiro do Real decreto lei 8/2020 á cal se lle aplicou a extensión do prazo de vencemento e/ou o aumento do prazo de carencia na amortización do principal.</li> <li>- Operación con aval RDL 25/2020: operación avalada ao abeiro do Real decreto lei 25/2020 á cal se lle aplicou o aumento do prazo de carencia na amortización do principal.</li> <li>- Non aplicable: resto das operacións distintas das anteriores.</li> </ul>
<b>Data da modificación. Real decreto lei 34/2020</b>	<p>Para as operacións avaladas ao abeiro dos reais decretos leis 8/2020 e 25/2020 ás cales se lles aplicou a extensión do prazo de vencemento e/ou o aumento do prazo de carencia na amortización do principal, previstos no artigo 1 do Real decreto lei 34/2020, data de aplicación das modificacións.</p>
<b>B.3. DATOS BÁSICOS COMPLEMENTARIOS DOS PRÉSTAMOS A PERSOAS XURÍDICAS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación.
<b>Clasificación das operacións da norma segunda, 1 bis</b>	<p>Indica se a operación se declara de acordo co establecido nas letras a) e b), punto 1 bis), da norma segunda da Circular 1/2013:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación entre axentes observados da mesma entidade.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación xestionada e non orixinada polo axente observado.</li> <li>- Resto das operacións.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación entre axentes observados da mesma entidade: operación a que se refire a letra a), punto 1 bis), da norma segunda.</li> <li>- Operación xestionada e non orixinada polo axente observado: operación a que se refire a letra b), punto 1 bis), da norma segunda.</li> <li>- Resto das operacións: operacións non clasificadas conforme os anteriores puntos. Neste punto inclúense todas as operacións das sociedades instrumentais.</li> </ul>
<b>Importe do compromiso ao inicio</b>	<p>Máxima exposición da entidade ao risco crediticio na data de formalización da operación comprometido cos titulares de risco directo.</p> <p>Cando se estableza un límite de crédito común para varias operacións, o importe do compromiso ao inicio terase que distribuír entre as diferentes operacións. A suma dos compromisos das operacións non poderá ser superior ao límite acordado.</p> <p>Para as contas de crédito e préstamos con disposicións por etapas, é o importe máximo comprometido ao inicio.</p> <p>Nas operacións de carteira comercial, o importe do compromiso ao inicio é o nocial das facturas adquiridas pola entidade.</p> <p>Para as operacións en que non se fixase un límite ao inicio da operación, declararase «Non aplicable».</p> <p>Cando as operacións estean denominadas en moedas diferentes do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data da súa formalización. Este importe non se actualizará con posterioridade como consecuencia da variación do tipo de cambio.</p>
<b>Identificador de contrato sindicado</b>	<p>Para os préstamos sindicados, identificador asignado polo axente dun préstamo sindicado para identificar o contrato de préstamo. Este identificador non cambia co tempo. Todas as entidades declarantes que participen no contrato sindicado utilizarán o mesmo código de préstamo sindicado acordado entre os participantes.</p> <p>Se a entidade declarante descoñece este identificador e o axente do préstamo sindicado non é unha entidade de crédito dun Estado membro informador, este código poderase construír como unha combinación do código BIC do axente do préstamo sindicado e a data de formalización, que deberá ser a mesma para todos os partícipes no mencionado préstamo sindicado.</p> <p>Se a operación declarada non é un préstamo sindicado, declararase «Non aplicable».</p>
<b>Instrumento fiduciario</b>	<p>Identifica as operacións en que a entidade actúa en nome propio, pero por conta e risco dun terceiro. Os valores que pode tomar son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación fiduciaria.</li> <li>- Operación non fiduciaria.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación fiduciaria: operación en que a entidade actúa como administrador fiduciario, é dicir, no seu propio nome, pero por conta e risco dun terceiro que asume o risco; e sempre que este terceiro sexa distinto dun axente observado residente nun Estado membro informador. Por tanto, no módulo B.1. destas operacións, a natureza da intervención da entidade e do terceiro será, respectivamente, a de administrador e a de acredor da operación.</li> <li>- Operación non fiduciaria: declararase no resto dos casos.</li> </ul>
<b>Recurso</b>	<p>Clasificación das operacións en función do dereito do acredor a executar activos do debedor distintos dos destinados a garantir a operación. No caso das operacións de crédito comercial, indica se son con recurso ou sen el, recurso ante o cedente dos recibos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con recurso.</li> <li>- Sen recurso.</li> </ul>

	<p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con recurso: operación en que o acredor ten o dereito de executar activos do debedor distintos dos destinados a garantir a operación ou, no caso do crédito comercial, o dereito a reclamar a débeda á persoa que lle vendeu a carteira ao acredor.</li> <li>- Sen recurso: operación en que o acredor non ten o dereito de executar activos do debedor distintos dos destinados a garantir a operación ou, no caso do crédito comercial, non ten o dereito a reclamar a débeda á entidade que lle vendeu a carteira ao acredor.</li> </ul>
<b>Dereitos de reembolso</b>	<p>Clasificación das operacións en función do dereito do acredor a pedir o reembolso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Á vista ou con breve aviso previo.</li> <li>- Outros.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Á vista ou con breve aviso: operacións á vista ou con breve prazo de aviso (ao peche do día seguinte a aquel en que se exige o desembolso). Inclúe operacións tales como contas correntes ou de aforro, contas mutuas, resto das contas de correspondencia, descubertos que non teñan aprobado un límite de crédito e saldos similares. Tamén inclúe os préstamos a un día, con independencia da súa forma legal.</li> <li>- Outros: declararase para o resto das operacións, incluídas as liñas de crédito, aínda que teñan excedidos exixibles á vista.</li> </ul>
<b>Data de liquidación</b>	<p>Data en que se dispuxeron os fondos por primeira vez tras a data de formalización da operación. En caso de que non houbese disposición de fondos, declararase «Non aplicable».</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Frecuencia de pagamento</b>	<p>Frecuencia con que vencen os pagamentos, sexan do principal ou de xuros, é dicir, número de meses entre pagamentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mensual.</li> <li>- Trimestral.</li> <li>- Semestral.</li> <li>- Anual.</li> <li>- Final.</li> <li>- Cupón cero.</li> <li>- Outra.</li> </ul> <p>A asignación dos valores farase conforme os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Final: o importe completo do principal reembólsase no último prazo, con independencia da frecuencia de pagamento de xuros.</li> <li>- Cupón cero: o importe completo do principal e os xuros reembólsase no último prazo.</li> </ul> <p>En caso de que a frecuencia de pagamento dos xuros sexa distinta da do principal, declararase a de maior frecuencia.</p>
<b>Cambios no valor razoable debidos a cambios no risco crediticio antes da adquisición</b>	<p>Para as operacións adquiridas a terceiros, diferenza entre o saldo vivo nominal e o prezo de adquisición das operacións na data de adquisición, cando se adquirisen por un importe inferior ao saldo vivo por mor da deterioración por risco crediticio.</p> <p>En caso de compra dun conxunto de operacións por un prezo único, os cambios no valor razoable debidos a cambios no risco crediticio antes da adquisición asignaranse a cada unha das operacións individualizadamente.</p> <p>Se a operación non foi adquirida ou, mesmo sendo adquirida, os cambios no valor razoable non se deben ao risco de crédito, declararase «Non aplicable».</p> <p>Cando as operacións estean denominadas en moedas diferentes do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data da súa formalización. Este importe non se actualizará con posterioridade como consecuencia da variación do tipo de cambio.</p>

<b>C. DATOS DINÁMICOS DAS OPERACIÓNS</b>	
<b>C.1. DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS DIRECTOS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>PARTE 1. DATOS DE TODOS OS RISCOS DIRECTOS</b>	
<b>Moeda</b>	Código ISO de tres letras da moeda en que está denominada a operación.  Para as operacións multdivisa, indicárase o código ISO da moeda en que se declaren os datos que, cando corresponda a importes dispostos, será aquela en que se teñan que devolver.
<b>Prazo residual</b>	Prazo entre a data a que se refire a declaración e a de vencemento da operación:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Á vista.</li> <li>- Até tres meses (excepto á vista).</li> <li>- Máis de tres meses e até seis meses.</li> <li>- Máis de seis meses e até un ano.</li> <li>- Máis dun ano e até dous anos.</li> <li>- Máis de dous anos e até cinco anos.</li> <li>- Máis de cinco anos.</li> <li>- Vencemento indeterminado.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Á vista: inclúe as operacións cuxo tipo de produto sexa «Contas correntes ou de aforro», «Contas mutuas», «Resto das contas de correspondencia», «Descubertos», «Activos procedentes de operacións fóra de balance», «Derivados non pagados» e «Resto dos préstamos á vista». Tamén se declararán con este valor as operacións cuxo importe estea totalmente vencido.</li> <li>- Tramos de prazo residual: cando as operacións teñan data de vencemento, incluíranse no tramo que lles corresponda.</li> <li>- Vencemento indeterminado: cando as operacións non teñan data de vencemento. Este valor tamén se asignará aos préstamos cuxo tipo de produto sexa «Crédito comercial», «Hipotecas inversas» ou «Dereitos de cobramento por subvencións».</li> </ul>
<b>Garantía real principal. Tipo de garantía real principal</b>	Tipo de garantía real adicional á do propio instrumento con que, de ser o caso, conte a operación, calquera que sexa o <i>loan to value</i> :  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen garantía real.</li> <li>- Hipoteca inmobiliaria (primeira hipoteca).</li> <li>- Hipoteca inmobiliaria (resto das hipotecas).</li> <li>- Outras garantías inmobiliarias.</li> <li>- Garantía pignoratícia (activos financeiros).</li> <li>- Hipoteca naval.</li> <li>- Operación inscrita no Rexistro de Vendas a Prazo de Bens Mobles.</li> <li>- Garantías reais distintas das anteriores.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen garantía real: operacións que non teñan garantía real.</li> <li>- Hipoteca inmobiliaria (primeira hipoteca): operacións con garantía hipotecaria, ordinaria ou de máximo, sobre activos inmobiliarios, sempre que sexa primeira carga e as garantías se encontren debidamente constituídas e rexistradas a nome da entidade. Inclúranse igualmente as segundas e sucesivas hipotecas, sempre que a entidade sexa titular de todas as hipotecas ou o risco vivo total destas sexa insignificante.</li> <li>- Hipoteca inmobiliaria (resto das hipotecas): operacións con garantía hipotecaria, ordinaria ou de máximo, sobre activos inmobiliarios cando non se poidan clasificar como primeira hipoteca.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Outras garantías inmobiliarias: garantías inmobiliarias distintas de hipotecas que dean dereito á recuperación do inmovible, tales como condicións resolutorias en contratos de compravenda.</li> <li>- Garantía pignoratícia (activos financeiros): operacións en que os activos recibidos en garantía sexan instrumentos de débeda, instrumentos de patrimonio ou outros activos financeiros. Inclúe os préstamos de valores en que a contraparte entrega valores en garantía dos recibidos.</li> <li>- Hipoteca naval: operacións con garantía hipotecaria de buques.</li> <li>- Operación inscrita no Rexistro de Vendas a Prazo de Bens Mobles: operacións inscritas no Rexistro de Vendas a Prazo de Bens Mobles.</li> <li>- Garantías reais distintas das anteriores: operacións que contén cunha garantía real diferente das mencionadas nos puntos anteriores, tales como aquelas en que o activo en garantía consista en metais preciosos, xoias, aeronaves, mercadorías, semoventes, maquinaria, etc.</li> </ul> <p>Cando se superpoñan diferentes tipos de garantías reais, declararase o valor que corresponda ao tipo de garantía que a entidade considere máis relevante para efectos da xestión do risco de crédito asumido.</p> <p>Para estes efectos, non se consideran activos recibidos en garantía da operación os adquiridos temporalmente nin os cedidos en arrendamento financeiro.</p>
<p><b>Garantía real principal. Cobertura da garantía real principal</b></p>	<p>Para o tipo de garantía declarado na dimensión «Tipo de garantía real principal» deste módulo, indica se a cobertura é:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Total.</li> <li>- Parcial.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Total: cando a garantía real cubra a totalidade do risco disposto e dispoñible.</li> <li>- Parcial: cando a garantía real cubra só parte do risco disposto e dispoñible.</li> <li>- Non aplicable: cando as operacións non teñan garantía real.</li> </ul>
<p><b>Garantía persoal principal. Tipo de garantía persoal principal</b></p>	<p>Tipo de garantía persoal con que conte a operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía de administracións públicas.</li> <li>- Garantía do Estado. COVID-19.</li> <li>- Garantía doutra Administración pública. COVID-19.</li> <li>- Garantía dun organismo supranacional. COVID-19.</li> <li>- Garantía CESCE.</li> <li>- Garantía de empresas públicas cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito.</li> <li>- Garantía de entidade de crédito residente en España, sucursal en España de entidades de crédito estranxeiras ou establecemento financeiro de crédito.</li> <li>- Garantía de entidade de crédito non residente en España.</li> <li>- Garantía de sociedade de garantía recíproca.</li> <li>- Garantía doutra entidade declarante á CIR.</li> <li>- Garantía do resto das persoas xurídicas.</li> <li>- Garantía de fogares.</li> <li>- Sen garantía persoal ou con garantía sen coñecemento do titular.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía de administracións públicas: cando a operación estea garantida ou reafianzada por administracións públicas e non deba ser incluída nalgunha das categorías correspondentes ás garantías COVID-19.</li> <li>- Garantía do Estado. COVID-19: garantía concedida polo Estado español como consecuencia da crise sanitaria derivada da COVID-19. Declararanse en calquera caso con este valor as garantías establecidas polo artigo 29 do RDL 8/2020, polo artigo 9 do RDL 11/2020 e polo artigo 1 do RDL 25/2020.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía doutra Administración pública. COVID-19: garantía concedida por outra Administración pública española como consecuencia da crise sanitaria derivada da COVID-19.</li> <li>- Garantía dun organismo supranacional. COVID-19: garantía concedida por un organismo supranacional, xa teña a consideración de Administración pública ou a doutros intermediarios financeiros, como consecuencia da crise sanitaria derivada da COVID-19.</li> <li>- Garantía de empresas públicas cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito: cando a operación estea asegurada, avalada ou reafianzada por organismos ou empresas públicas distintas de CESCE, cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito.</li> <li>- Sen garantía persoal ou con garantía sen coñecemento do titular: operacións que non contén con garantía persoal ou declaradas no módulo B.1., na dimensión «Natureza da intervención na operación», cos valores «contraparte nun derivado de crédito comprado», «garante sen coñecemento do titular» ou «terceiro comprometido a pagar importes nunha operación de arrendamento financeiro».</li> </ul> <p>A garantía persoal outorgada polas persoas físicas, entidades de crédito, sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras e establecementos financeiros de crédito, sociedades de garantía recíproca e resto das persoas xurídicas non enumeradas separadamente entre os posibles valores que declarar debe ser solidaria, explícita e incondicional, e débese poder reclamar en primeiro requirimento.</p> <p>Cando se superpoñan diferentes tipos de garantías persoais, declararase o valor que corresponda ao tipo de garantía que a entidade considere máis relevante para efectos da xestión do risco de crédito asumido.</p>
<b>Garantía persoal principal. Cobertura da garantía persoal principal</b>	<p>Para o tipo de garantía declarado na dimensión «Tipo de garantía persoal principal» deste módulo, indica se a cobertura é:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Total.</li> <li>- Parcial.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Total: cando a garantía persoal cubra a totalidade do risco disposto e dispoñible.</li> <li>- Parcial: cando a garantía persoal cubra só parte do risco disposto e dispoñible.</li> <li>- Non aplicable: cando as operacións non teñan garantía persoal adicional.</li> </ul>
<b>Situación da operación</b>	<p>Situación en que se encontra a operación na data da declaración:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación en suspenso.</li> <li>- Operación con incumprimentos de máis de catro anos.</li> <li>- Operación con incumprimentos de entre máis de 90 días e até catro anos.</li> <li>- Operación incluída nun convenio de acredores.</li> <li>- Operación reestruturada ou reunificada ao abeiro do Real decreto lei 6/2012.</li> <li>- Operación de refinanciamento, refinanciada ou reestruturada fóra do Real decreto lei 6/2012.</li> <li>- Resto das situacións.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores farase aplicando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación en suspenso: operación cualificada contablemente como falida por razón da insolvencia do cliente, sempre que teña importes non pagados ou incumpridos con máis de 90 días de antigüidade.</li> <li>- Operación con incumprimentos de máis de catro anos: operación que, non estando clasificada como en suspenso, ten importes non pagados ou incumpridos, sempre que desde a data da primeira falta de pagamento ou incumplimento pendente de cobramento ou resolución até a data a que se refiren os datos transcorresen máis de catro anos. Nas operacións incluídas nun convenio de acredores, así como nas operacións de</li> </ul>

	<p>refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas, este prazo contarase desde a data da primeira falta de pagamento ou incumprimento posterior ao refinanciamento ou reestruturación, ou á declaración do convenio de acredores.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación con incumprimentos de entre máis de 90 días e até catro anos: operación que, non estando clasificada como en suspenso, ten importes non pagados ou incumpridos, sempre que desde a data da primeira falta de pagamento ou incumprimento pendente de cobramento ou resolución até a data a que se refiren os datos transcorresen entre máis de 90 días e até catro anos. Nas operacións incluídas nun convenio de acredores, así como nas operacións de refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas, este prazo contarase desde a data da primeira falta de pagamento ou incumprimento posterior ao refinanciamento ou reestruturación, ou á declaración do convenio de acredores.</li> <li>- Operación incluída nun convenio de acredores: operación que, non estando clasificada como en suspenso, está incluída nun convenio de acredores e, ademais, non ten incumprimentos, ou ten importes non pagados con posterioridade á declaración do convenio cunha antigüidade igual ou inferior a 90 días desde a data da primeira falta de pagamento pendente de cobramento. Cando a operación estea incluída nun convenio de acredores e teña varios titulares directos ou indirectos, os titulares que non se encontren afectados polo convenio, para os cales os datos incluídos nalgunha das dimensións do anexo 3 non reflictan fielmente a súa situación real, identifícanse de acordo co procedemento establecido nas instrucións técnicas correspondentes, de modo que se poida advertir de tal circunstancia nos informes de riscos que facilita a CIR establecidos na norma décimo sexta.</li> <li>- Operación reestruturada ou reunificada ao abeiro do Real decreto lei 6/2012: operación que, non estando clasificada como en suspenso ou convenio de acredores, foi reestruturada ou reunificada ao abeiro do Real decreto lei 6/2012, e ademais: i) ten importes non pagados antes da reestruturación ou reunificación pendentes de cobramento na data a que se refiren os datos, e ii) con posterioridade á reestruturación ou reunificación, non ten importes non pagados, ou os importes non pagados pendentes de cobramento teñen unha antigüidade igual ou inferior a 90 días.</li> <li>- Operación de refinanciamento, refinanciada ou reestruturada fóra do Real decreto lei 6/2012: operación que, non estando clasificada como en suspenso ou convenio de acredores, se utilizou nun refinanciamento, ou foi refinanciada ou reestruturada (excepto que estea amparada no Real decreto lei 6/2012), e ademais: i) ten importes non pagados antes da reestruturación ou reunificación pendentes de cobramento na data a que se refiren os datos, e ii) con posterioridade ao refinanciamento ou reestruturación, non ten importes non pagados, ou os importes non pagados pendentes de cobramento teñen unha antigüidade igual ou inferior a 90 días.</li> <li>- Resto das situacións: operacións non incursas en ningunha das situacións descritas nos valores anteriores. Tamén se declararán con este valor as operacións cuxo tipo de produto sexa «Dereitos de cobramento por subvencións», con independencia da data do primeiro incumprimento, salvo que a operación estea clasificada como falida conforme a normativa contable vixente, caso en que se declarará co valor «operación en suspenso». As operacións de refinanciamento, refinanciadas e reestruturadas, cando se cobren todos os importes non pagados antes do refinanciamento ou reestruturación, declararanse como «resto das situacións», salvo que cumpran os criterios para declaralas con outro valor como se non estivesen incursas nesa situación.</li> </ul> <p>Para efectos da declaración deste atributo, os termos «incumprimento» ou «non pagado» son equivalentes e refírense a importes vencidos e non pagados.</p>
<p><b>Data do primeiro incumprimento</b></p>	<p>Data da falta de pagamento ou incumprimento máis antigo pendente de resolución na data dos datos.</p> <p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, data do importe vencido (principal, xuros ou gastos exixibles) máis antigo que permaneza non pagado na data dos datos, coas precisións que se indican a continuación.</p> <p>No crédito comercial, a data será a do vencemento do efecto ou documento non pagado con maior antigüidade pendente de cobramento.</p> <p>Nas contas correntes e de aforro, contas mutuas, descubertos e resto dos préstamos á vista, salvo cando se utilicen para refinar outras operacións, a data que declarar como primeira falta de pagamento será a máis antiga entre a data do primeiro requirimento de reembolso que efectúe a entidade e a primeira liquidación de xuros que estean non pagados total ou parcialmente.</p>

	<p>Nos dereitos de cobramento por subvencións, a data será a do importe reclamado máis antigo pendente de cobramento.</p> <p>Para os activos procedentes de operacións fóra de balance, data do primeiro incumprimento polo titular da operación que orixinou o rexistro de importes no activo (por exemplo, a data da primeira falta de pagamento dun préstamo garantido ou das comisións que pagar á entidade avalista) que estea pendente de resolución polo titular ou polos seus garantes na data a que se refira a declaración, con independencia de que a data de desembolso de efectivo pola entidade declarante sexa posterior.</p> <p>Para os derivados non pagados, data da primeira liquidación non pagada pendente de cobramento.</p> <p>Para as garantías financeiras, a data do primeiro incumprimento pendente de resolución é a que corresponde á primeira falta de pagamento do titular da operación garantida que estea pendente de pagamento polo titular ou polos seus garantes na data a que se refiren os datos, con independencia de que a entidade declarante o pagase ao beneficiario da garantía.</p> <p>Para os avais e caucións non financeiros prestados e os créditos documentarios irrevogables, data do incumprimento máis antigo pendente de resolución na data dos datos.</p> <p>Para os valores prestados, data en que se debían devolver os valores.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas na dimensión «Estado de refinanciamientos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, como de refinanciamento, data do primeiro incumprimento con posterioridade ao refinanciamento. Nas operacións cualificadas como refinanciadas ou reestruturadas, data do importe máis antigo vencido antes do refinanciamento ou reestruturación cando, despois de se producir este, continúen contractualmente non pagados importes vencidos con anterioridade.</p> <p>Para as operacións sen incumprimento, non se declarará este dato.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Pro memoria: data do primeiro incumprimento antes do refinanciamento ou reestruturación</b>	<p>Cando se trate de operacións cualificadas como de refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas na dimensión «Estado de refinanciamientos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, data do importe vencido máis antigo non pagado antes do refinanciamento ou reestruturación pendente de cobramento na data dos datos, con independencia de que, como consecuencia do refinanciamento, as operacións non teñan aparentemente importes non pagados. Cando nos refinanciamientos permanezan vivas as operacións refinanciadas, esta data indicárase tanto na operación de refinanciamento como na refinanciada.</p>
<b>Pro memoria: data do primeiro incumprimento excluídos falidos parciais</b>	<p>Cando se trate de operacións con falidos parciais, data da falta de pagamento ou incumprimento máis antigo pendente de resolución na data dos datos da parte remanente das operacións que permaneza rexistrada no activo.</p>
<b>Data do último incumprimento</b>	<p>Data do último incumprimento pendente de resolución na data dos datos.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas na dimensión «Estado de refinanciamientos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, como de refinanciamento, data do último incumprimento con posterioridade ao refinanciamento. Nas operacións cualificadas como refinanciadas ou reestruturadas, data do último importe vencido antes do refinanciamento ou reestruturación cando, despois de se producir este, continúen contractualmente non pagados importes vencidos con anterioridade e non se producise ningunha falta de pagamento con posterioridade.</p> <p>Para as operacións sen incumprimento, non se declarará este dato.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>PARTE 2. DATOS DOS RISCOS DIRECTOS ASUMIDOS POLA ENTIDADE DECLARANTE</b>	
<b>Principal asumido pola entidade. Importe non vencido</b>	<p>Para os préstamos, importe do principal disposto pendente de vencemento na data da declaración cuxo risco asume a entidade, coas precisións que se indican a continuación.</p>

	<p>Nas contas correntes e de aforro, contas mutuas, descubertos e resto dos préstamos á vista, os importes declararanse como non vencidos até a data do primeiro requirimento de reembolso que efectúe a entidade ou a primeira liquidación de xuros que resulte non pagada.</p> <p>Nos arrendamentos financeiros declárase a parte correspondente ao principal das cotas pendentes de cobramento, sen incluír o IVE nin o valor residual non garantido polo arrendatario.</p> <p>Nos préstamos de recompra inversa, importe efectivamente desembolsado.</p> <p>Para os valores representativos de débeda, excepto os emitidos ao desconto, nominal dos valores pendentes de vencemento na data dos datos.</p> <p>Para os préstamos e valores representativos de débeda ao desconto, o efectivo desembolsado máis os xuros devindicados.</p> <p>Nos dereitos de cobramento por subvencións, importe subvencionado (principal e xuros) das cotas dos préstamos subvencionados imputables á persoa que os subvenciona mentres non se lle reclamasen á dita persoa conforme o contrato ou convenio suscrito con ela.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas na dimensión «Estado de refinanciamientos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, como de refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas, importe do principal pendente de cobramento, excluídos os importes vencidos, conforme o disposto no campo «Principal asumido pola entidade. Importe vencido» deste módulo.</p> <p>Para as garantías financeiras, importe do principal non vencido da operación garantida de que responde fronte a terceiros a entidade declarante na data dos datos. Cando se garantan operacións de arrendamento financeiro, non se incluír o IVE.</p> <p>Para os depósitos a futuro, importe que a entidade se comprometese a desembolsar.</p> <p>Para os avais e caucións non financeiros prestados e os créditos documentarios irrevogables, importe máximo disposto de que responda a entidade fronte a terceiros na data da declaración mentres non se producisen incumprimentos. Este importe coincide co importe polo cal se debe rexistrar a operación en contas de orde nos estados reservados.</p> <p>Para os valores prestados, valor razoable dos valores prestados.</p>
<p><b>Principal asumido pola entidade. Importe vencido</b></p>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, importe do principal vencido, incluído o que dese por vencido a entidade declarante segundo o estipulado no contrato, que está pendente de cobramento na data da declaración cuxo risco asume a entidade, coas precisións que se indican a continuación.</p> <p>No crédito comercial, importe dos efectos vencidos pendente de cobramento.</p> <p>Nas contas correntes e de aforro, contas mutuas, descubertos e resto dos préstamos á vista, os importes declararanse como vencidos desde a data do primeiro requirimento de reembolso que efectúe a entidade ou a primeira liquidación de xuros que resulte non pagada.</p> <p>Nos dereitos de cobramento por subvencións, importe subvencionado (principal e xuros) reclamado á entidade que subvenciona as operacións conforme o contrato ou convenio suscrito con ela pendente de cobramento.</p> <p>Nas operacións declaradas como «Activos procedentes de operacións fóra de balance», importe pagado a terceiros pendente de cobramento.</p> <p>Para os «Derivados non pagados», importe pendente de cobramento.</p> <p>Nos arrendamentos financeiros declárase a parte correspondente ao principal das cotas vencidas pendentes de cobramento incluído o IVE pagado pola entidade declarante.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas na dimensión «Estado de refinanciamientos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, como de refinanciamento, importe vencido con posterioridade ao refinanciamento. Nas operacións cualificadas como refinanciadas ou reestruturadas, importe vencido na data dos datos conforme os termos pactados no refinanciamento ou reestruturación; por tanto, incluír os importes vencidos con anterioridade ao refinanciamento ou reestruturación cando, despois de se producir este, continúen contractualmente non pagados.</p>

	<p>Para as garantías financeiras, importe do principal vencido ou dado por vencido da operación garantida que está pendente de cobramento na data da declaración mentres non vencese o prazo que ten a entidade declarante para o seu pagamento ao beneficiario da garantía.</p> <p>Para os avais e caucións non financeiros prestados e os créditos documentarios irrevogables, importe máximo disposto de que responda a entidade fronte a terceiros na data da declaración cando se producisen incumprimentos. Este importe coincide co importe polo cal se debe rexistrar a operación en contas de orde nos estados reservados.</p> <p>Para os valores prestados vencidos, valor razoable dos valores mentres non se rexistre no activo un préstamo fronte á contraparte.</p>
<b>Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo</b>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, importe dos xuros ordinarios e comisións vencidos pendentes de cobramento na data da declaración rexistrados no activo do balance.</p> <p>Nas operacións declaradas como «Activos procedentes de operacións fóra de balance», importe das comisións vencidas pendentes de cobramento rexistrado no activo do balance.</p>
<b>Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde</b>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, importe dos xuros ordinarios e comisións vencidos pendentes de cobramento na data da declaración que non están rexistrados no activo.</p> <p>Nas operacións declaradas como «Activos procedentes de operacións fóra de balance», importe das comisións vencidas pendentes de cobramento rexistrado en contas de orde.</p> <p>Para as garantías financeiras, importe dos xuros vencidos da operación garantida que están pendentes de cobramento na data da declaración de que responde fronte a terceiros a entidade declarante.</p>
<b>Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo</b>	<p>Xuros de demora contractualmente exixibles aos titulares pendentes de cobramento na data dos datos, aínda que non se reclamasen, que están rexistrados no activo.</p>
<b>Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde</b>	<p>Xuros de demora contractualmente exixibles aos titulares pendentes de cobramento na data dos datos, aínda que non se reclamasen, que non estean rexistrados no activo e cuxo risco asume a entidade.</p> <p>Se unha resolución xudicial determinou a contía dos xuros de demora ou a súa forma de cálculo, o importe que declarar por este concepto deberá corresponder co que dispoña ao respecto esa resolución.</p>
<b>Gastos exixibles asumidos pola entidade</b>	<p>Importe dos gastos contractualmente exixibles reclamados aos titulares pendentes de cobramento na data dos datos.</p> <p>Se unha resolución xudicial determinou a contía dos gastos exixibles ou a súa forma de cálculo, o importe que declarar deberá corresponder co que dispoña ao respecto esa resolución.</p>
<b>Límite actual do risco asumido pola entidade</b>	<p>Para as operacións que teñan un límite de disposición comprometido cos titulares que poida ser superior ao importe disposto, importe da facilidade máxima comprometida (disposto máis dispoñible) na data dos datos, aínda que poida ser anulada pola entidade sen condicións en calquera momento e sen aviso previo, ou se prevexa a súa cancelación en caso de deterioración da solvencia do titular, cuxo risco asume a entidade. Para a declaración deste importe aplicaranse os criterios recollidos para o «Límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación» no módulo B.2. Datos básicos das operacións.</p> <p>Nos dereitos de cobramento por subvencións, cando se subvencione o principal, importe do principal asumido pola entidade que lle correspondería á persoa que subvenciona.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este dato.</p>
<b>Risco dispoñible asumido pola entidade. Disponibilidade inmediata</b>	<p>Para as operacións declaradas con límite na dimensión «Límite actual do risco asumido pola entidade» deste módulo, importe do límite da operación non disposto na data dos datos do cal se poida dispoñer inmediatamente.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este dato.</p>
<b>Risco dispoñible asumido pola entidade.</b>	<p>Para as operacións declaradas con límite na dimensión «Límite actual do risco asumido pola entidade» deste módulo, importe do límite da operación non disposto na data dos datos do cal</p>

<b>Dispoñibilidade condicionada</b>	<p>só se pode dispoñer se se cumpren determinadas condicións. Inclúe, entre outros, o risco dispoñible de contas de crédito e préstamos con disposicións por etapas do cal non poida dispoñer o titular porque non se cumpren determinados requisitos, como é a entrega de certificacións de obra.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este dato.</p>
<b>Pro memoria: importe vencido antes do refinanciamento ou reestruturación asumido pola entidade</b>	<p>Nas operacións cualificadas na dimensión «Estado de refinanciamientos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, como de refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas, importe rexistrado no campo «Importe non vencido» que corresponde a importes non pagados (principal, xuros, etc.) con anterioridade ao refinanciamento ou reestruturación. Este importe irase minorando conforme se vaia cobrando o principal das operacións. Cando nos refinanciamientos permanezan vivas as operacións refinanciadas, o importe vencido antes do refinanciamento minorarase cando se vaia cobrando o principal das operacións, con independencia de en cal delas se cobre.</p>
<b>Pro memoria: importe dos falidos parciais</b>	<p>Importe da parte do principal, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento dados de baixa do activo (baixa parcial) por considerarse irrecuperable sen que se produza a extinción dos dereitos de cobramento.</p>
<p><b>PARTE 3. DATOS QUE DEBEN DECLARAR AS ENTIDADES DE CRÉDITO, AS SUCURSAIS EN ESPAÑA DE ENTIDADES DE CRÉDITO ESTRANXEIRAS, OS ESTABLECEMENTOS FINANZEIROS DE CRÉDITO E A SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA, S.A. (SAREB), PARA OS PRÉSTAMOS</b></p>	
<b>Principal vencido cobrado en efectivo</b>	<p>Para os efectos financeiros, préstamos con disposicións por etapas, outros préstamos con entregas aprazadas de principal, préstamos híbridos, resto dos préstamos a prazo distintos de depósitos e resto dos depósitos distintos de préstamos de recompra inversa, arrendamentos financeiros e préstamos de recompra inversa, importe total do principal vencido no mes ou en meses anteriores cobrado en efectivo ou debido nun depósito no mes a que se refiren os datos.</p> <p>Para as hipotecas inversas, os activos procedentes de operacións fóra de balance e os derivados non pagados, rexístranse os importes no mes en que se cobran.</p> <p>Para o resto dos préstamos, non se declarará este dato.</p> <p>En ningún caso se declarará un importe maior que cero cando a diminución do risco se produza como consecuencia, directa ou indirecta, dunha subrogación, segregación, refinanciamento, renovación, recepción de activos ou transferencia de activos.</p>
<b>Principal vencido subvencionado</b>	<p>Importe do principal vencido que se imputa á persoa que subvenciona a operación.</p>
<b>Amortización anticipada. Importe polo cal se reduce o principal</b>	<p>Importe do principal cobrado en efectivo ou debido nun depósito no mes que corresponde a unha amortización anticipada con respecto ao esquema de amortización pactado contractualmente.</p> <p>En ningún caso se declarará un importe maior que cero cando a diminución do risco se produza como consecuencia, directa ou indirecta, dunha subrogación, segregación, refinanciamento, renovación, recepción de activos ou transferencia de activos.</p>
<b>Condonación ou prescrición do dereito de cobramento. Importe polo cal se reduce a débeda</b>	<p>Importe condonado ou prescrito da débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes a que corresponde a declaración.</p>



<p><b>Activos adjudicados ou recibidos en pagamento. Tipo de activo</b></p>	<p>Indica o tipo de activo, diferente do efectivo, recibido no mes para cancelar, total ou parcialmente, o importe da débeda:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non aplicable.</li> <li>- Instrumentos de patrimonio cotizados, valores representativos de débeda, activos materiais diferentes de inmoables ou unha combinación destes activos.</li> <li>- Inmoables, instrumentos de patrimonio non cotizados ou ambos.</li> <li>- Inmoables, instrumentos de patrimonio non cotizados ou ambos, e tamén instrumentos de patrimonio cotizados, valores representativos de débeda, activos materiais diferentes de inmoables ou unha combinación destes activos.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos de patrimonio cotizados, valores representativos de débeda, activos materiais diferentes de inmoables ou unha combinación destes activos: cando en pagamento total ou parcial da débeda se entreguen instrumentos de patrimonio cotizados, ou valores representativos de débeda, ou activos materiais diferentes de inmoables, ou unha combinación destes activos.</li> <li>- Inmoables, instrumentos de patrimonio non cotizados ou ambos: cando en pagamento total ou parcial da débeda se entreguen inmoables, ou instrumentos de patrimonio non cotizados, ou unha combinación destes activos.</li> <li>- Inmoables, instrumentos de patrimonio non cotizados ou ambos, e tamén instrumentos de patrimonio cotizados, valores representativos de débeda, activos materiais diferentes de inmoables ou unha combinación destes activos: cando en pagamento total ou parcial da débeda se entreguen inmoables, ou instrumentos de patrimonio non cotizados, ou unha combinación destes activos, e ademais no mesmo mes tamén se entreguen instrumentos de patrimonio cotizados, ou valores representativos de débeda, ou activos materiais diferentes de inmoables ou unha combinación destes activos.</li> </ul>
<p><b>Activos adjudicados ou recibidos en pagamento. Importe polo cal se reduce a débeda</b></p>	<p>Importe en que se reduce a débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes a que corresponda a declaración como consecuencia da adjudicación ou recepción de activos diferentes de efectivo.</p>
<p><b>Operación subrogada ou segregada. Tipo de subrogación ou segregación</b></p>	<p>Indica se a operación foi subrogada ou segregada no mes e, de ser o caso, por quen:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Subrogación do debedor</li> <li>- Subrogación do acredor <ul style="list-style-type: none"> <li>• Por outra entidade declarante do mesmo grupo económico</li> <li>• Por outra entidade non declarante do mesmo grupo económico</li> <li>• Por outra entidade allea ao grupo económico</li> </ul> </li> <li>- Operación segregada</li> <li>- Non aplicable</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores farase conforme as definicións incluídas na dimensión «Orixe da operación» do módulo B.2. Datos básicos das operacións. Naqueles casos excepcionais en que no mesmo mes se produza unha subrogación do debedor e unha subrogación do acredor, declararase o valor que lle corresponda á subrogación do acredor.</p>
<p><b>Operación subrogada ou segregada. Importe polo cal se reduce a débeda</b></p>	<p>Importe en que se reduce a débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes a que corresponde a declaración por subrogación ou segregación.</p>
<p><b>Refinanciamento ou renovación. Tipo de refinanciamento ou renovación</b></p>	<p>Indica se a operación foi renovada ou refinanciada no mes e, de ser o caso, por quen:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación refinanciada <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pola entidade declarante</li> <li>• Por outra entidade declarante do mesmo grupo económico</li> <li>• Por outra entidade non declarante do mesmo grupo económico</li> <li>• Pola entidade declarante e por outra entidade declarante do mesmo grupo económico</li> </ul> </li> <li>- Operación renovada</li> <li>- Non aplicable</li> </ul>



	<p>A asignación dos valores anteriores farase conforme as definicións de operación refinanciada e de renovación incluídas na dimensión «Estado de refinanciamentos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, mesmo cando se efectúe mediante un descuberto ou excedido en conta de crédito.</p> <p>Cando a operación a refinancien no mesmo mes entidades declarantes e non declarantes, indícase o valor que corresponda das entidades declarantes.</p>
<b>Refinanciamento ou renovación. Importe polo cal se reduce a débeda</b>	Importe en que se reduce a débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes a que corresponde a declaración por refinanciamento ou renovación.
<b>Operación transferida, incluída a xestión. Importe polo cal se reduce a débeda</b>	<p>Importe en que se reduce a débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes como consecuencia dunha transferencia en que, ademais do risco, se cede a xestión da operación fronte aos titulares.</p> <p>Neste dato tamén se informará do importe das operacións cedidas como consecuencia dunha combinación ou cesión de negocio, excepto que a entidade adquirente sexa outra entidade declarante.</p>
<b>Data da última liquidación de xuros</b>	<p>Data da última liquidación de xuros realizada á operación, con independencia de que se cobre.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Data da próxima liquidación de xuros</b>	<p>Data da próxima liquidación de xuros que realizar á operación.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Data da última liquidación de principal</b>	<p>Data da última liquidación de principal realizada, con independencia de que se cobre.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Data da próxima liquidación de principal</b>	<p>Data da próxima liquidación de principal que realizar á operación.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Número de cotas non pagadas</b>	<p>Para os préstamos con algún incumprimento que na dimensión «Esquema de amortización» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, se indique que se pagan con cotas, número de cotas non pagadas pendentes de cobramento.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este dato.</p>
<b>Tipo efectivo de definición restrinxida (TEDR)</b>	<p>Este tipo de xuro fai referencia ao tipo efectivo de definición restrinxida da operación calculado, en termos absolutos, conforme o disposto na Circular 1/2010, do 27 de xaneiro, sobre estatísticas dos tipos de xuro que se aplican aos depósitos e aos créditos fronte aos fogares e ás sociedades non financeiras.</p> <p>O tipo de xuro tense que declarar para todas as operacións, con independencia do sector institucional a que pertencen os titulares, incluídas aquelas para as cales só se teñan que declarar datos na parte 4 deste módulo porque a entidade non asuma risco.</p> <p>O tipo de xuro calcularase como media ponderada dos tipos de xuro aplicados nos distintos tramos do saldo vivo, incluídos os xuros aplicados aos importes excedidos e en mora.</p> <p>Se o saldo vivo nominal é cero, o tipo de xuro calcularase como unha media ponderada sobre o saldo máximo dispoñible.</p> <p><b>Para préstamos en</b> que non se apliquen xuros, declararase o valor «Non aplicable». Este valor declararase tamén nas operacións de crédito comercial sen recurso.</p> <p>Formato: porcentaxe con tres decimais</p>
<b>Signo do tipo efectivo de definición restrinxida (TEDR)</b>	<p>Indica se o tipo efectivo de definición restrinxida informado é positivo ou negativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Positivo.</li> <li>- Negativo.</li> </ul>

<b>Data da próxima revisión do tipo de xuro</b>	<p>Data en que terá lugar a próxima revisión do tipo de xuro.</p> <p>A data de revisión será a que se indique no contrato; se non se especifica nel, pero si se prevé unha revisión (por exemplo, con aviso previo), indicárase a data de referencia.</p> <p>Para as operacións que non estean suxeitas a revisión (como as que teñen tipo de xuro fixo durante a súa vida) ou cuxa última data de revisión sexa anterior á data de referencia, declararase o valor «Non aplicable».</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Clasificación das operacións en función do risco de crédito por insolvencia</b>	<p>Clasificación en función do risco de crédito por insolvencia, de acordo co establecido no anexo 9 da Circular 4/2017.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Risco normal <ul style="list-style-type: none"> <li>- Risco normal</li> </ul> </li> <li>b) Risco normal en vixilancia especial <ul style="list-style-type: none"> <li>- Risco normal en vixilancia especial</li> </ul> </li> <li>c) Risco dubidoso <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dubidoso non moroso</li> </ul> <p>Moroso (e arrastre de operacións)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con importes vencidos entre máis de 90 días e até 6 meses</li> <li>- Con importes vencidos entre máis de 6 meses e até 9 meses</li> <li>- Con importes vencidos entre máis de 9 meses e até 12 meses</li> <li>- Con importes vencidos entre máis de 12 meses e até 15 meses</li> <li>- Con importes vencidos entre máis de 15 meses e até 18 meses</li> <li>- Con importes vencidos entre máis de 18 meses e até 21 meses</li> <li>- Con importes vencidos de máis de 21 meses</li> </ul> </li> <li>d) Risco falido <ul style="list-style-type: none"> <li>- Risco falido</li> <li>- Non aplicable</li> </ul> </li> </ul> <p>A Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. (Sareb) e as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras cuxa sede central se encuentre nun Estado membro do Espazo Económico Europeo que, en aplicación do establecido na norma 2, punto 2, letra b), da Circular 4/2017, decidisen aplicar os criterios de valoración e cobertura do risco de crédito que utilice a súa sede central e así informasen o Banco de España, declararán o valor «Non aplicable».</p>
<b>PARTE 4. DATOS DOS RISCOS DIRECTOS ASUMIDOS POR TERCEIROS</b>	
<b>Principal asumido por terceiros. Importe non vencido</b>	<p>Importe do principal non vencido asumido por terceiros correspondente a operacións dadas de baixa do activo, total ou parcialmente, conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas como de refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas na dimensión «Estado de refinanciamientos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, importe vencido asumido por terceiros calculado aplicando o mesmo criterio que no campo «Principal asumido pola entidade. Importe non vencido».</p>
<b>Principal asumido por terceiros. Importe vencido</b>	<p>Importe do principal vencido asumido por terceiros correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas como de refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas na dimensión «Estado de refinanciamientos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, importe vencido asumido por terceiros calculado aplicando o mesmo criterio que no campo «Principal asumido pola entidade. Importe vencido».</p>
<b>Xuros e comisións vencidos asumidos por terceiros</b>	<p>Importe dos xuros e comisións pendentes de cobramento asumido por terceiros correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.</p>
<b>Xuros de demora asumidos por terceiros</b>	<p>Importe dos xuros de demora asumido por terceiros correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.</p>

<b>Gastos exixibles asumidos por terceiros</b>	Importe dos gastos exixibles asumido por terceiros correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
<b>Pro memoria: importe vencido antes do refinanciamento ou reestruturación asumido por terceiros</b>	Nas operacións cualificadas como de refinanciamento, refinanciadas ou reestruturadas na dimensión «Estado de refinanciamentos e reestruturacións» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, importe vencido con anterioridade ao refinanciamento ou reestruturación asumido por terceiros calculado aplicando o mesmo criterio que no campo «Pro memoria: importe vencido con anterioridade ao refinanciamento ou reestruturación asumido pola entidade».
<b>Límite actual do risco asumido por terceiros</b>	Importe do límite actual do risco asumido por terceiros correspondente a operacións dadas de baixa do activo, total ou parcialmente, conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
<b>Risco dispoñible asumido por terceiros. Dispoñibilidade inmediata</b>	Importe do risco dispoñible con dispoñibilidade inmediata asumido por terceiros correspondente a operacións dadas de baixa do activo, total ou parcialmente, conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
<b>Risco dispoñible asumido por terceiros. Dispoñibilidade condicionada</b>	Importe do risco dispoñible con dispoñibilidade condicionada asumido por terceiros correspondente a operacións dadas de baixa do activo, total ou parcialmente, conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.

<b>C.2. DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS INDIRECTOS</b>	
<b>Código da operación</b>	<p>Código con que se identifica a operación garantida polo titular do risco indirecto no módulo B.2, Datos básicos das operacións.</p> <p>Nas operacións mancomunadas, os riscos indirectos asignaranse a cada unha das operacións do mesmo contrato declaradas no módulo B.2., aínda que a garantía proporcionada por un titular de risco indirecto cubra todas as operacións declaradas do contrato.</p> <p>Nas pólizas de risco global-multiuso, liñas de avais, liñas de créditos documentarios e créditos por disposicións, os riscos indirectos asignaranse tanto a estas operacións como ás operacións procedentes delas coas cales se vinculasen no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos, aínda que a garantía proporcionada por un titular de risco indirecto cubra todas as operacións declaradas do contrato.</p>
<b>Código do titular do risco indirecto</b>	Código asignado ao titular dos riscos indirectos no módulo B.1. Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións.
<b>PARTE 1. DATOS DOS RISCOS INDIRECTOS ASUMIDOS POLA ENTIDADE DECLARANTE</b>	
<b>Risco máximo garantido asumido pola entidade</b>	Importe máximo da operación (principal, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento máis risco dispoñible con dispoñibilidade inmediata ou condicionada) declarado no módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos, garantido polo titular do risco indirecto que corresponde ao risco asumido pola entidade.
<b>Risco disposto garantido asumido pola entidade. Importe total</b>	Importe do risco disposto da operación (principal, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento) declarado no módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos, garantido polo titular do risco indirecto que corresponde ao risco asumido pola entidade.
<b>Risco disposto garantido asumido pola entidade. Importe vencido</b>	Importe do risco disposto vencido da operación (principal vencido, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento) declarado no módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos, garantido polo titular do risco indirecto que corresponde ao risco asumido pola entidade.
<b>Risco disposto garantido asumido pola entidade. Xuros de demora e gastos exixibles</b>	Importe dos xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento declarado no módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos, garantido polo titular do risco indirecto que corresponde ao risco asumido pola entidade.
<b>PARTE 2. DATOS DOS RISCOS INDIRECTOS ASUMIDOS POR TERCEIROS</b>	
<b>Risco máximo garantido asumido por terceiros</b>	Importe do risco máximo garantido polo titular do risco indirecto asumido por terceiros de operacións dadas de baixa do activo, total ou parcialmente, conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
<b>Risco disposto garantido asumido por terceiros. Importe total</b>	Importe total do risco disposto garantido polo titular do risco indirecto asumido por terceiros de operacións dadas de baixa do activo, total ou parcialmente, conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
<b>Risco disposto garantido asumido por terceiros. Importe vencido</b>	Importe vencido do risco disposto garantido polo titular do risco indirecto asumido por terceiros de operacións dadas de baixa do activo, total ou parcialmente, conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
<b>Risco disposto garantido asumido por terceiros. Xuros de demora e gastos exixibles</b>	Importe dos xuros de demora e gastos exixibles garantido polo titular do risco indirecto asumido por terceiros de operacións dadas de baixa do activo, total ou parcialmente, conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.

<b>C.3. DATOS DINÁMICOS FINANCIEROS DOS PRÉSTAMOS A PERSOAS XURÍDICAS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Importe transferido</b>	<p>Importe transferido da propiedade económica do activo financeiro polo axente observado a un terceiro.</p> <p>Este importe corresponde á parte do saldo vivo nominal que foi transferida pola entidade até a data de referencia, mediante unha titulización tradicional ou outro tipo de transferencia, independentemente de se o importe estaba recoñecido no balance da entidade.</p> <p>Se o axente observado transfire totalmente unha operación con importes falidos e xa non a xestiona, manterá a declaración á CIR até a fin do trimestre correspondente conforme a norma sexta, punto 7.</p> <p>Se non houber importes transferidos, declararase cero.</p>
<b>Situación de falta de pagamento (<i>default</i>) da operación</b>	<p>Situación de falta de pagamento da operación na data a que se refire a declaración. Esta dimensión declararase para todas as operacións conforme o artigo 178 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, incluídas aquelas que a entidade non teña recoñecidas no seu balance porque se xestionen por conta de terceiros ou estean integramente falidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen situación de falta de pagamento.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por mora superior a 90 días.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento e por mora superior a 90 días.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen situación de falta de pagamento: a operación non está en situación de falta de pagamento, conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento: a operación considérase en situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento, conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por mora superior a 90 días: a operación está en situación de falta de pagamento por mora superior a 90 días, conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento e por mora superior a 90 días: a operación está en situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento e por mora superior a 90 días, conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> <li>- Non aplicable: declararase este valor cando a operación se considere integramente falida ou cando a situación de falta de pagamento non se determine para cada operación senón respecto ao titular.</li> </ul>
<b>Data da situación de falta de pagamento (<i>default</i>) da operación</b>	<p>Data en que se produce calquera das situacións de falta de pagamento declaradas na dimensión «Situación de falta de pagamento da operación».</p> <p>Se a operación nunca estivo en situación de falta de pagamento, declararase a data de formalización da operación.</p> <p>Se a operación estivese declarada en situación de falta de pagamento, pero na data de referencia xa non o está, declararase a data en que se clasificou como «sen situación de falta de pagamento».</p> <p>Declararase «Non aplicable» cando o valor da dimensión «Situación de falta de pagamento da operación» sexa non aplicable.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>

<b>Importes vencidos da operación</b>	<p>Importe agregado de principal, xuros e comisións contractualmente vencidos incluídos no saldo vivo nominal e que están pendentes de pagamento na data de referencia.</p> <p>Este importe fai referencia á totalidade da operación, independentemente de que fose total ou parcialmente transferida.</p> <p>Declararanse todos os importes vencidos da operación, incluídos os importes transferidos a que se refire o punto 4 da norma segunda.</p> <p>Declararase cero se o saldo vivo nominal non ten ningún importe vencido e pendente de pagamento na data da declaración. Tamén se declarará cero cando a operación se considere integramente falida.</p>
<b>Saldo vivo nominal</b>	<p>Este saldo inclúe o principal vencido e non vencido, os xuros e comisións vencidos, e os gastos contractualmente exixibles na data de referencia, deducidos os importes contabilizados como falidos acumulados.</p> <p>Declararase todo o saldo vivo da operación, incluídos os importes transferidos a que se refire o punto 4 da norma segunda.</p> <p>Declararase cero en caso de que non houberse disposicións na data da declaración. Tamén se declarará cero cando a operación se considere integramente falida.</p>
<b>Saldo fóra de balance</b>	<p>Importe do límite actual do risco, asumido ou xestionado pola entidade, non disposto na data de referencia.</p> <p>Declararase todo o saldo fóra de balance, incluídos os importes transferidos a que se refire o punto 4 da norma segunda.</p> <p>En caso de que a operación non teña un límite dispoñible na data de referencia, declararase cero.</p> <p>Para as operacións que pola súa natureza non poidan ter saldos dispoñibles (por exemplo, descubertos, operacións de recompra inversa, etc.), declararase «Non aplicable». Este valor tamén se declarará cando a operación se considere integramente falida.</p>
<b>Xuro devindicado</b>	<p>O importe do xuro devindicado na data da declaración.</p> <p>Este importe calcularase conforme a normativa contable.</p> <p>Para as operacións non recoñecidas en balance, calcularase conforme as condicións estipuladas no contrato, excepto para as operacións que se consideren integramente falidas, para as cales se declarará cero.</p> <p>Para os préstamos que non devindiquen xuros porque non se aplica ningún xuro á operación, declararase o valor «Non aplicable». Este valor declararase tamén nas operacións de crédito comercial sen recurso.</p>
<b>C.4. DATOS DOS PRÉSTAMOS A PERSOAS XURÍDICAS SOBRE AS RESPONSABILIDADES CONXUNTAS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Código da persoa</b>	<p>Código asignado ao titular de risco directo cuxa natureza na intervención, no módulo B.1. Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións, é:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- titular de risco directo solidario distinto do 100 %, ou</li> <li>- titular de risco directo mancomunado solidario distinto do 100 % con outros titulares directos mancomunados.</li> </ul>
<b>Importe da responsabilidade conxunta</b>	Parte do «Saldo vivo nominal» declarado no módulo C.3. Datos dinámicos financeiros dos préstamos a persoas xurídicas, que corresponda ao titular solidario declarado na dimensión «Código da persoa».

<b>D. DATOS SOBRE GARANTÍAS RECIBIDAS</b>	
<b>D.1. DATOS BÁSICOS QUE RELACIONAN AS OPERACIÓNS COAS GARANTÍAS RECIBIDAS</b>	
<b>Código da operación</b>	<p>Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.</p> <p>Nas operacións mancomunadas, os datos das garantías asignaranse a cada unha das operacións do mesmo contrato declaradas no módulo B.2. aínda que estas garantías cubran todas as operacións declaradas do contrato.</p> <p>Nas pólizas de risco global-multiuso, liñas de avais, liñas de créditos documentarios e créditos por disposicións, os datos das garantías asignaranse tanto a estas operacións como ás operacións procedentes delas coas cales se vinculasen no módulo G.1. Datos básicos que vinculan códigos, aínda que estas garantías cubran todas as operacións declaradas do contrato.</p>
<b>Código da garantía recibida</b>	Código con que se identifica a garantía recibida no módulo D.1.1. Datos básicos das garantías recibidas.
<b>Garantía real principal asignada á operación</b>	<p>Indica se a garantía se considera como a que máis eficientemente garante a operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>No suposto de que a garantía real recibida se asigne a unha soa operación, declararase o valor «Si».</p> <p>En caso de que varias garantías reais se asignen a unha operación, indícarase o valor «Si» ao código da garantía que para efectos de xestión se considere que garante máis eficientemente a operación, e asignarase o valor «Non» ao resto dos códigos de garantía asignados á operación. En todo caso, asignarase o valor «Si» a unha garantía inmobiliaria ou garantía pignoratícia antes que ao resto das garantías reais.</p> <p>O valor «Non aplicable» asignarase cando a garantía recibida non sexa unha garantía real.</p>
<b>D.1.1. DATOS BÁSICOS DAS GARANTÍAS RECIBIDAS</b>	
<b>Código da garantía recibida</b>	<p>Código que identifica o activo recibido en garantía da operación, a garantía financeira recibida, o activo cedido en arrendamento financeiro ou o activo subxacente en préstamos de recompra inversa.</p> <p>Este código debe ser único para cada garantía ao longo de toda a súa vida e vincularse con todas as operacións garantidas por el, con independencia da data en que se formalicen.</p> <p>Cando o activo sexa un inmovible, o código será o que se declare no módulo D.2. Datos básicos dos inmovibles recibidos en garantía.</p> <p>Cando o activo sexa un activo financeiro, o código será o que se declare no módulo D.3. Datos básicos dos activos financeiros recibidos en garantía.</p>
<b>PARTE 1. DATOS DAS GARANTÍAS RECIBIDAS</b>	
<b>Tipo de garantía</b>	<p>Tipo de produto ou garantía con que, de ser o caso, conte a operación, calquera que sexa o <i>loan to value</i>:</p> <p>a) Garantías reais adicionais á do propio instrumento da operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Hipoteca inmobiliaria (primeira hipoteca)</li> <li>- Hipoteca inmobiliaria (resto das hipotecas)</li> <li>- Outras garantías inmobiliarias</li> <li>- Garantía pignoratícia (activos financeiros)</li> <li>- Hipoteca naval</li> <li>- Operación inscrita no Rexistro de Ventas a Prazo de Bens Mobles</li> <li>- Garantías reais distintas das anteriores</li> </ul> <p>b) Outras garantías distintas das garantías persoais</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Arrendamento financeiro de bens inmovibles</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arrendamento financeiro do resto dos bens</li> <li>- Activos financeiros adquiridos temporalmente en préstamos de recompra inversa</li> <li>- Outros activos materiais adquiridos temporalmente en préstamos de recompra inversa</li> <li>- Resto das garantías materiais ou inmateriais</li> </ul> <p>c) Garantías persoais</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantías financeiras recibidas</li> </ul> <p>A asignación dos valores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Para os valores da alínea a) Garantías reais adicionais á do propio instrumento da operación, utilizaranse os mesmos criterios que os correspondentes aos valores de idéntica denominación da dimensión «Tipo de garantía real principal» do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.</li> <li>- Arrendamento financeiro de bens inmobles: inmobles cedidos en arrendamento en operacións cuxo tipo de produto sexa un arrendamento financeiro.</li> <li>- Arrendamento financeiro do resto dos bens: activos diferentes de inmobles cedidos en arrendamento en operacións cuxo tipo de produto sexa un arrendamento financeiro.</li> <li>- Activos financeiros adquiridos temporalmente en préstamos de recompra inversa: activos financeiros subxacentes en operacións cuxo tipo de produto sexa o resto dos préstamos de recompra inversa.</li> <li>- Outros activos materiais adquiridos temporalmente en préstamos de recompra inversa: activos non financeiros subxacentes en operacións cuxo tipo de produto sexa o resto dos préstamos de recompra inversa.</li> <li>- Resto de garantías materiais ou inmateriais: outras garantías materiais ou inmateriais diferentes das garantías reais.</li> <li>- Garantías financeiras recibidas: contratos que exixen que o emisor efectúe pagamentos específicos para reembolsar ao acredor pola perda en que incorre cando un debedor específico incumpra a súa obrigaçión de pagamento de acordo coas condicións, orixinais ou modificadas, dun instrumento de débeda, con independencia da súa forma xurídica.</li> </ul>
<p><b>Tipo de activo ou garantía financeira</b></p>	<p>Para os bens inmobles:</p> <p>a) Edificios e elementos de edificios</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vivendas <ul style="list-style-type: none"> <li>• Protexida</li> <li>• Libre, de primeira residencia</li> <li>• Libre, de segunda residencia</li> </ul> </li> <li>- Oficinas</li> <li>- Locais comerciais</li> <li>- Naves polivalentes</li> <li>- Naves non polivalentes</li> <li>- Prazas de garaxe</li> <li>- Rochos</li> <li>- Hóteis</li> <li>- Residencias de estudantes ou da terceira idade</li> <li>- Resto dos edificios</li> </ul> <p>b) Outras construcións</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Outras construcións</li> </ul> <p>c) Terreos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solos urbanos ou urbanizables</li> <li>- Predios rústicos <ul style="list-style-type: none"> <li>• En explotación</li> <li>• Resto</li> </ul> </li> <li>- Resto dos terreos</li> </ul>

Para os activos financeiros:

- d) Activos financeiros
- Efectivo e depósitos pecuniarios
  - Valores representativos de débeda
  - Outros instrumentos de débeda
  - Instrumentos de capital distintos de participacións en fondos de investimento
  - Instrumentos de patrimonio diferentes dos instrumentos de capital
  - Participacións en fondos de investimento
  - Carteira comercial (efectos comerciais)
  - Outros activos financeiros

Para o resto dos activos materiais e inmateriais:

- e) Bens mobles
- Buques
  - Aeronaves
  - Automóbiles e outros vehículos de motor
  - Resto dos bens mobles
- f) Pólizas de seguros de vida peñoradas
- Pólizas de seguros de vida peñoradas
- g) Restantes activos materiais
- Mercadorías ou xustificantes de depósito destas
  - Ouro
  - Xoias e metais preciosos distintos do ouro
  - Resto dos activos materiais
- h) Resto dos activos
- Resto dos activos

Para as garantías financeiras recibidas:

- i) Garantías financeiras recibidas
- Derivados de crédito
  - Garantías financeiras distintas de derivados de crédito

A asignación dos valores para os bens inmobles realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Vivendas: vivendas unifamiliares ou que formen parte dun edificio composto por máis unidades, incluídas as súas prazas de garaxe e rochos, así como os edificios ou a parte deles que consistan en vivendas.
- Oficinas: oficinas individuais, así como os edificios ou a parte deles que consistan en oficinas.
- Locais comerciais: locais comerciais individuais, así como os edificios ou a parte deles que consistan en locais comerciais.
- Naves polivalentes: naves susceptibles de uso polivalente porque non incorporan características ou elementos construtivos ou normativos que limiten ou dificulten o seu uso para diferentes actividades, sen grandes transformacións ou cambios, o que pode posibilitar a súa fácil realización en efectivo.
- Naves non polivalentes: naves que non cumpran os criterios para cualificalas como de uso polivalente.
- Prazas de garaxe e rochos: prazas de garaxe e rochos individuais, así como os edificios que consistan neste tipo de inmobles.
- Hoteis e residencias de estudantes ou da terceira idade: edificios ou partes de edificios destinados ao dito tipo de actividades.
- Resto dos edificios: edificios ou partes de edificios que non se teñan que incluír ningún dos valores anteriores.

- Outras construcións: construcións que non sexan edificios ou elementos de edificios (por exemplo, amarres).
- Solo urbano ou urbanizable: solo clasificado urbanisticamente como urbano ou urbanizable.
- Predios rústicos: solo non urbano nin urbanizable autorizado para actividades de natureza agrícola, forestal, gandeira ou outros usos compatibles. Os predios clasificaranse no valor que lles corresponda en función de se están ou non en explotación.
- Resto dos terreos: terreos distintos de predios rústicos e solo urbano ou urbanizable, tales como canteiras, minas, etc.

Os inmobles clasificaranse como edificios ou elementos de edificios desde o momento en que se inicie a súa construción, aínda que con posterioridade esta se paralice; mentres non se inicie efectivamente a construción dos edificios, os inmobles clasificaranse como terreos, aínda que se dispoña dun proxecto para edificar sobre eles.

Cando se teña que modificar o tipo de activo por ter cambiado o seu estatus, comunicarse «reclasificación» como motivo do cambio.

A asignación dos valores para os activos financeiros realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Instrumentos de débeda: efectivo, depósitos pecuniarios en entidades de crédito, valores representativos de débeda e outros instrumentos de débeda (préstamos distintos dos depósitos a entidades de crédito).
- Instrumentos de capital distintos de participacións en fondos de investimento: instrumentos financeiros emitidos por outras entidades, tales como accións e participacións, que teñan a natureza de instrumentos de capital para o emisor, incluídas as participacións en entidades do grupo, multigrupo e asociadas, e que non sexan participacións en fondos de investimento.
- Instrumentos de patrimonio diferentes dos instrumentos de capital: instrumentos financeiros emitidos por outras entidades que, tendo a consideración de patrimonio neto segundo a normativa contable aplicable ás entidades de crédito, non se poidan rexistrar no balance como capital.
- Carteira comercial: efectos comerciais que serven de garantía para tipos de produto diferentes de «Crédito comercial».
- Outros activos financeiros: activos financeiros non clasificados nas outras categorías.

A asignación dos valores para o resto dos activos materiais e inmateriais realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Resto dos bens mobles: bens mobles distintos dos buques, aeronaves, automóviles e outros vehículos de motor.
- Pólizas de seguro de vida peñoradas: pólizas de seguro de vida peñoradas en favor da entidade de crédito acreedora, conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.
- Ouro: ouro conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013, é dicir, ouro en lingotes mantido en caixas fortes propias ou depositado en custodia, na medida en que estea garantido por pasivos en forma de lingotes de ouro.
- Resto dos activos materiais: outras garantías de natureza física conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013 e non incluídas nos valores anteriores.
- Resto dos activos: activos intanxibles e resto dos activos distintos dos materiais e financeiros.

	<p>A asignación dos valores para as garantías financeiras recibidas realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Derivados de crédito: inclúe os derivados de crédito que se axustan á definición de garantía financeira conforme o anexo V do Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014, así como os derivados de crédito distintos das garantías financeiras conforme o anexo V do Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014. Inclúense os derivados de crédito admisibles do artigo 204 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> <li>- Garantías financeiras distintas de derivados de crédito: garantías financeiras distintas de derivados de crédito conforme o Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014.</li> </ul>																								
<b>Alcance da garantía real</b>	<p>Indica se a garantía se constitúe para garantir unha operación concreta ou serve para garantir varias operacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía ordinaria.</li> <li>- Garantía de máximo.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía ordinaria: cando a garantía se constitúe para garantir unha operación concreta.</li> <li>- Garantía de máximo: cando a garantía serve para garantir unha ou máis operacións, presentes ou futuras, sen necesidade de pacto novatorio.</li> </ul>																								
<b>Código da garantía real de máximo</b>	<p>Para as garantías de máximo, código que identifica a garantía.</p> <p>Este código debe ser único para cada garantía ao longo de toda a súa vida e estar asociado con todas as operacións garantidas por ela, con independencia da data en que se formalicen.</p>																								
<b>Orde de prelación da garantía</b>	<p>Para as operacións con garantía hipotecaria, número que ocupa a hipoteca na orde de prelación (1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup>, etc.), unha vez descontadas as hipotecas canceladas economicamente.</p> <p>En caso de que o activo sirva como garantía hipotecaria para máis dunha operación concedida pola entidade, débese declarar a orde de prelación máis alta de entre todas as operacións.</p>																								
<b>PARTE 2. DATOS ADICIONAIS DAS GARANTÍAS RECIBIDAS PARA PRÉSTAMOS A PERSOAS XURÍDICAS</b>																									
<b>Código do provedor da garantía</b>	<p>Nesta dimensión declararase un só provedor de garantía aínda que os activos recibidos en garantía teñan varios propietarios ou as garantías financeiras sexan solidarias. Neste caso, a entidade declarará a persoa xurídica que considere máis relevante para efectos da análise do risco.</p> <p>En caso de que o provedor da garantía sexa unha persoa física, declararase o valor «Non aplicable».</p> <p>En función do tipo de activo ou garantía financeira, o provedor será:</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="text-align: left;">Tipo de activo ou garantía financeira</th> <th style="text-align: left;">Provedor da garantía</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Bens inmoables</td> <td>Propietario da garantía</td> </tr> <tr> <td>Efectivo e depósitos pecuniarios</td> <td>Propietario da garantía</td> </tr> <tr> <td>Valores representativos de débeda</td> <td>Tedor dos valores</td> </tr> <tr> <td>Outros instrumentos de débeda</td> <td>Acredor do préstamo</td> </tr> <tr> <td>Instrumentos de patrimonio</td> <td>Tedor das participacións</td> </tr> <tr> <td>Carteira comercial (efectos comerciais)</td> <td>Persoa que entrega os efectos ou facturas</td> </tr> <tr> <td>Pólizas de seguros de vida peñoradas</td> <td>Tomador</td> </tr> <tr> <td>Resto dos activos materiais</td> <td>Propietario da garantía</td> </tr> <tr> <td>Resto dos activos</td> <td>Determinarase con carácter individual</td> </tr> <tr> <td>Derivados de crédito</td> <td>Contraparte do derivado de crédito</td> </tr> <tr> <td>Garantías financeiras distintas de derivados de crédito</td> <td>Garante</td> </tr> </tbody> </table>	Tipo de activo ou garantía financeira	Provedor da garantía	Bens inmoables	Propietario da garantía	Efectivo e depósitos pecuniarios	Propietario da garantía	Valores representativos de débeda	Tedor dos valores	Outros instrumentos de débeda	Acredor do préstamo	Instrumentos de patrimonio	Tedor das participacións	Carteira comercial (efectos comerciais)	Persoa que entrega os efectos ou facturas	Pólizas de seguros de vida peñoradas	Tomador	Resto dos activos materiais	Propietario da garantía	Resto dos activos	Determinarase con carácter individual	Derivados de crédito	Contraparte do derivado de crédito	Garantías financeiras distintas de derivados de crédito	Garante
Tipo de activo ou garantía financeira	Provedor da garantía																								
Bens inmoables	Propietario da garantía																								
Efectivo e depósitos pecuniarios	Propietario da garantía																								
Valores representativos de débeda	Tedor dos valores																								
Outros instrumentos de débeda	Acredor do préstamo																								
Instrumentos de patrimonio	Tedor das participacións																								
Carteira comercial (efectos comerciais)	Persoa que entrega os efectos ou facturas																								
Pólizas de seguros de vida peñoradas	Tomador																								
Resto dos activos materiais	Propietario da garantía																								
Resto dos activos	Determinarase con carácter individual																								
Derivados de crédito	Contraparte do derivado de crédito																								
Garantías financeiras distintas de derivados de crédito	Garante																								

	<p>No caso dos arrendamentos financeiros, o provedor da garantía é o debedor, dono económico do ben arrendado.</p> <p>No caso das pólizas de seguro peñoradas, o provedor da garantía é o tedor do activo.</p> <p>Para as garantías financeiras distintas de derivados de crédito e os derivados de crédito, o provedor da garantía será algún dos titulares declarados no módulo B.1. como garantes.</p>																								
<b>Valor da garantía</b>	<p>Este importe é o valor da garantía resultante da estimación máis recente realizada conforme o «Tipo de valor da garantía». Consecuentemente, este importe actualizarase cada vez que a entidade valore de novo as garantías.</p> <p>Cando a garantía estea denominada en moeda diferente do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data da súa valoración. Este importe actualizarase con posterioridade como consecuencia da variación do tipo de cambio sempre que o valor declarado en «Tipo de valor da garantía» sexa «Importe nominal».</p>																								
<b>Tipo de valor da garantía</b>	<p>Identifica o tipo de valor que se está informando no atributo «Valor da garantía»:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor de mercado.</li> <li>- Valor sostible a longo prazo.</li> <li>- Importe nominal.</li> <li>- Valor razoable.</li> <li>- Outro valor da garantía.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor de mercado: valor de mercado dos bens inmoables conforme o artigo 4, número 1, punto 76, do Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> <li>- Valor sostible a longo prazo: «valor do crédito hipotecario» dos bens inmoables conforme o artigo 4, número 1, punto 74, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, é dicir, «o valor do ben inmobiliario determinado mediante unha avaliación prudente da posibilidade futura de comerciar co dito ben, tendo en conta os aspectos duradeiros a longo prazo deste, as condicións do mercado normais e locais, o seu uso no momento da taxación e os seus usos alternativos adecuados». Este valor só poderá usarse en caso de bens inmoables.</li> <li>- Importe nominal: é o valor nominal acordado contractualmente que se utiliza para calcular os pagamentos en caso de que se execute a garantía. No caso de pólizas de seguro de vida, o valor nominal é o valor de rescate.</li> <li>- Valor razoable: o prezo que se recibiría pola venda dun activo ou que se pagaría para transferir un pasivo, nunha operación ordenada entre participantes no mercado, na data de valoración. Este valor razoable non pode utilizarse para valorar bens inmoables.</li> <li>- Outro valor da garantía: outro valor da garantía non incluído en ningunha das categorías anteriores.</li> </ul> <p>A seguinte táboa presenta os distintos tipos de valoración admisibles segundo o tipo de activo ou garantía financeira:</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Tipo de activo ou garantía financeira</th> <th>Tipo de valor da garantía</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Bens inmoables</td> <td>Valor de mercado/valor sostible a longo prazo</td> </tr> <tr> <td>Efectivo e depósitos pecuniarios</td> <td>Importe nominal/valor razoable</td> </tr> <tr> <td>Valores representativos de débeda</td> <td>Importe nominal/valor razoable</td> </tr> <tr> <td>Outros instrumentos de débeda</td> <td>Importe nominal/valor razoable</td> </tr> <tr> <td>Instrumentos de patrimonio</td> <td>Valor razoable</td> </tr> <tr> <td>Carteira comercial (efectos comerciais)</td> <td>Importe nominal/valor razoable</td> </tr> <tr> <td>Pólizas de seguros de vida peñoradas</td> <td>Importe nominal</td> </tr> <tr> <td>Resto dos activos materiais</td> <td>Valor razoable</td> </tr> <tr> <td>Resto dos activos</td> <td>Importe nominal/valor razoable</td> </tr> <tr> <td>Derivados de crédito</td> <td>Importe nominal/valor razoable</td> </tr> <tr> <td>Garantías financeiras distintas de derivados de crédito</td> <td>Importe nominal/valor razoable</td> </tr> </tbody> </table>	Tipo de activo ou garantía financeira	Tipo de valor da garantía	Bens inmoables	Valor de mercado/valor sostible a longo prazo	Efectivo e depósitos pecuniarios	Importe nominal/valor razoable	Valores representativos de débeda	Importe nominal/valor razoable	Outros instrumentos de débeda	Importe nominal/valor razoable	Instrumentos de patrimonio	Valor razoable	Carteira comercial (efectos comerciais)	Importe nominal/valor razoable	Pólizas de seguros de vida peñoradas	Importe nominal	Resto dos activos materiais	Valor razoable	Resto dos activos	Importe nominal/valor razoable	Derivados de crédito	Importe nominal/valor razoable	Garantías financeiras distintas de derivados de crédito	Importe nominal/valor razoable
Tipo de activo ou garantía financeira	Tipo de valor da garantía																								
Bens inmoables	Valor de mercado/valor sostible a longo prazo																								
Efectivo e depósitos pecuniarios	Importe nominal/valor razoable																								
Valores representativos de débeda	Importe nominal/valor razoable																								
Outros instrumentos de débeda	Importe nominal/valor razoable																								
Instrumentos de patrimonio	Valor razoable																								
Carteira comercial (efectos comerciais)	Importe nominal/valor razoable																								
Pólizas de seguros de vida peñoradas	Importe nominal																								
Resto dos activos materiais	Valor razoable																								
Resto dos activos	Importe nominal/valor razoable																								
Derivados de crédito	Importe nominal/valor razoable																								
Garantías financeiras distintas de derivados de crédito	Importe nominal/valor razoable																								

<b>Método de valoración da garantía</b>	<p>Método utilizado pola entidade na última valoración da garantía. Este atributo débese actualizar cando cambie o método utilizado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ao prezo de mercado.</li> <li>- Estimación polo provedor da garantía.</li> <li>- Valoración polo acreedor.</li> <li>- Valoración por un terceiro.</li> <li>- Outro tipo de valoración.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ao prezo de mercado: método de valoración en virtude do cal o valor da garantía se basea en prezos cotizados sen axustar en relación cos activos e pasivos idénticos nun mercado activo.</li> <li>- Estimación polo provedor da garantía: método en virtude do cal o provedor da garantía efectúa a valoración.</li> <li>- Valoración polo acreedor: método en virtude do cal o acreedor efectúa a valoración. Esta valoración pode ser realizada tanto por un taxador interno da entidade como por un externo contratado por esta.</li> <li>- Valoración por un terceiro: método en que un taxador independente efectúa a valoración.</li> <li>- Outro tipo de valoración: outro tipo de valoración non incluído nas demais categorías. Declararase este valor se «Tipo de valor da garantía» é «importe notional».</li> </ul>
<b>Data do valor da garantía</b>	<p>Data en que se efectuou a última taxación ou valoración da garantía antes da data de referencia.</p> <p>Para as garantías cuxo valor declarado en «Tipo de valor da garantía» sexa «importe notional», declararase a data en que o importe notional cambiou por última vez.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Data de vencemento da garantía</b>	<p>Data de vencemento establecida no contrato da garantía.</p> <p>En caso de que un activo protexa máis dunha operación, a data de vencemento será a data de vencemento da operación que venza primeiro. Se a dita garantía non se utilizou cando venza a primeira operación, a data de vencemento haberá que actualizala coa data de vencemento da seguinte operación.</p> <p>Cando nin a operación garantida nin o contrato de garantía especifiquen unha data de vencemento, ou en caso de que o contrato de garantía expresamente indique que a garantía é por tempo ilimitado, declararase o valor «Non aplicable».</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Valor orixinal da garantía</b>	<p>Importe do valor da garantía ao inicio.</p> <p>Este valor non se modificará durante a vida da garantía. En caso de que unha garantía garanta varias operacións con distintas datas de alta, o valor orixinal da garantía será o que se indicou para a primeira operación.</p> <p>Cando a garantía estea denominada en moeda diferente do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data da súa valoración. Este importe non se actualizará con posterioridade como consecuencia da variación do tipo de cambio.</p> <p>Para as garantías formalizadas antes de setembro de 2018, se non se coñece o dato declararase o valor «Non aplicable».</p>
<b>Data da valoración orixinal da garantía</b>	<p>Data en que se efectuou a última taxación ou valoración antes da súa achega inicial como garantía.</p> <p>Para as garantías formalizadas antes de setembro de 2018, se non se coñece o dato declararase o valor «Non aplicable».</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>

<b>D.2. DATOS BÁSICOS DOS INMOBLES RECIBIDOS EN GARANTÍA</b>	
<b>Código da garantía recibida</b>	<p>Código con que se identifica a garantía recibida no módulo D.1.1. Datos básicos das garantías recibidas.</p> <p>Este código debe ser único para cada activo ou conxunto de activos que se declaren conxuntamente. Os activos declararanse unha soa vez neste módulo, incluso cando se utilicen como garantía en máis dunha hipoteca en que o acreedor sexa a entidade declarante.</p> <p>Nos edificios integrados por varios elementos, declararase de forma separada cada unha das unidades que os integran, salvo cando non se fíxese a división horizontal ou a entidade careza de información detallada, caso en que se asignará un código único ao inmovible. Tamén se asignará un único código para os terreos que se xestionen como unha unidade, con independencia de que estean integrados por varios predios rexistrados ou catastrais.</p>
<b>Consideración do inmovible na normativa europea aplicable para o cálculo do coeficiente de recursos propios</b>	<p>Indica a consideración do inmovible recibido en garantía na normativa europea aplicable para o cálculo do coeficiente de recursos propios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Residencial.</li> <li>- Oficinas e locais comerciais.</li> <li>- Resto dos inmoables comerciais.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os criterios establecidos na normativa europea aplicable para o cálculo do coeficiente de recursos propios.</p>
<b>Localización do inmovible. País</b>	Código ISO alfabético do país onde se localice o activo inmobiliario.
<b>Localización do inmovible. Código postal</b>	Cando o inmovible estea en España, código postal do enderezo en que estea situado. Cando o inmovible estea localizado noutro Estado membro informante, código postal dispoñible ou código NUTS, nivel 3, que corresponda á rexión onde estea localizado o inmovible.
<b>PARTE 1. DATOS PARA OS INMOBLES</b>	
<b>Inmovible integrado por varios predios</b>	<p>Indica se o inmovible está integrado por varios predios rexistrados ou catastrais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>Identificador único rexistral (IDUFIR/CRU)</b>	Código IDUFIR ou CRU asignado ao predio no Rexistro da Propiedade. Cando o inmovible estea integrado por dous ou máis predios rexistrados diferentes, non se facilitará este código.
<b>Identificador rexistral</b>	<p>Identificador do predio hipotecado ou cedido en arrendamento financeiro no Rexistro da Propiedade, composto por códigos do Instituto Nacional de Estatística da provincia e do municipio do rexistro, número do rexistro, tomo, libro e número de predio rexistral. Os datos serán os correspondentes á última inscrición do predio ao dispor da entidade.</p> <p>Só será necesario comunicar este código cando non se dispoña do «identificador único rexistral».</p> <p>Cando o inmovible estea integrado por dous ou máis predios rexistrados ou os activos estean localizados fóra de España, non se facilitará este código.</p>
<b>Referencia catastral</b>	<p>Referencia catastral do predio hipotecado ou cedido en arrendamento financeiro.</p> <p>Cando non se dispoña deste dato, non se declarará.</p> <p>Cando o inmovible estea integrado por dous ou máis predios con diferentes referencias catastrais ou os activos estean localizados fóra de España, non se facilitará este código.</p>
<b>Importe das cargas previas comprometidas con terceiros</b>	Para as operacións con garantía hipotecaria, ordinaria ou de máximo, cando os activos en garantía cubran hipotecas concedidas con anterioridade por outras entidades, importe das cargas previas. Non é necesario actualizar este importe.



<b>Importe da responsabilidade hipotecaria. Principal</b>	<p>Para activos que serven como garantía hipotecaria inmobiliaria ordinaria dunha operación, importe da responsabilidade hipotecaria do ben segundo a escritura da hipoteca que serve de garantía do principal da operación. No caso de que o activo sirva como garantía hipotecaria inmobiliaria ordinaria para máis dunha operación concedida pola entidade, débese declarar a suma dos importes da dita responsabilidade hipotecaria para cada unha das operacións garantidas.</p> <p>Para as operacións con hipoteca inmobiliaria de máximo, importe máximo da responsabilidade hipotecaria do ben segundo a escritura que serve de garantía do principal de todas as operacións que se poidan cubrir coa hipoteca. Este importe será idéntico para todas as operacións asociadas ao mesmo código de garantía e de activo recibido en garantía.</p>
<b>Importe da responsabilidade hipotecaria. Xuros e custas</b>	<p>Para activos que serven como garantía hipotecaria inmobiliaria ordinaria dunha operación, importe da responsabilidade hipotecaria do ben segundo a escritura da hipoteca que serve de garantía dos xuros e custas da operación. No caso de que o activo sirva como garantía hipotecaria inmobiliaria ordinaria para máis dunha operación concedida pola entidade, débese declarar a suma dos importes da dita responsabilidade hipotecaria para cada unha das operacións garantidas.</p> <p>Para as operacións con hipoteca inmobiliaria de máximo, importe máximo da responsabilidade hipotecaria do ben segundo a escritura que serve de garantía dos xuros e custas de todas as operacións cubertas pola hipoteca. Este importe será idéntico para todas as operacións asociadas ao mesmo código de garantía e de activo recibido en garantía.</p>
<b>Activos en garantía de financiamentos de promocións inmobiliarias</b>	<p>Para activos que serven como garantía dunha operación cuxa finalidade é a construción ou promoción inmobiliaria, incluído o financiamento de solo, indica se os activos recibidos en garantía son os mesmos activos obxecto da promoción financiada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul> <p>En caso de que o activo sirva como garantía de máis dunha operación, declararase "Si" sempre que algunha delas teña como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria e o activo recibido en garantía sexa o mesmo activo obxecto da promoción financiada.</p>
<b>Última taxación completa. Data da última taxación</b>	<p>Data de referencia da última taxación completa dos activos.</p> <p>Formato: AAAAMDD</p>
<b>Última taxación completa. Código da sociedade de taxación ou valoración</b>	<p>Código que identifica a entidade que realizou a taxación completa do activo inmobiliario.</p> <p>Cando sexa unha sociedade de taxación inscrita no Rexistro do Banco de España, o código de catro cifras dese rexistro.</p> <p>Se se trata dos servizos de taxación da entidade, o código da entidade no Rexistro de Entidades do Banco de España (código REN).</p> <p>Se se trata dun profesional estranxeiro recoñecido no país en que radique o activo para efectuar valoracións con fins hipotecarios, o código 9998.</p> <p>Se se trata doutro valorador, o código 9999.</p>
<b>Última taxación completa. Número de taxación</b>	<p>Número que lle asigne a sociedade de taxación ou valoración á taxación.</p>
<b>Última taxación completa. Conforme a Lei do mercado hipotecario</b>	<p>Indica se a última taxación completa cumpre cos requisitos que establece a Orde ECO 805/2003 para a finalidade do artigo 2.a), aínda que no informe se inclúan condicionantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>Última taxación completa. Método de valoración (valor)</b>	<p>Método e valor utilizados para determinar o valor de taxación do ben conforme o disposto na Orde ECO 805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Método do custo <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor de substitución neto</li> </ul> </li> <li>b) Método residual <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor residual dinámico</li> <li>- Valor residual estático</li> </ul> </li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>c) Método de comparación <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor de mercado por comparación</li> </ul> </li> <li>d) Método de actualización de rendas <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor por actualización de rendas de inmoables ligados a unha explotación económica</li> <li>- Valor por actualización de rendas de inmoable con mercado de alugueres</li> <li>- Valor por actualización de rendas doutros inmoables en arrendamento</li> </ul> </li> <li>e) Outros métodos <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valor máximo legal</li> <li>- Valor catastral</li> <li>- Outro criterio</li> </ul> </li> </ul> <p>Cando concorran diversos métodos para valorar un mesmo inmoable, declararase só o valor que predomina na determinación do valor de taxación.</p>
<b>Última taxación completa. Condicionantes</b>	<p>Indica se na última taxación completa existe algún condicionante dos mencionados no artigo 10 da Orde ECO 805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>Última taxación completa. Advertencias</b>	<p>Indica se na última taxación completa existe algunha advertencia das mencionadas no artigo 11 da Orde ECO 805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>Última taxación completa. Visita ao interior do inmoable</b>	<p>Indica se na última taxación completa se efectuou unha visita ao interior do inmoable:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>Última taxación completa. Tipo de datos utilizados de inmoables comparables</b>	<p>Indica a fonte maioritaria dos datos de inmoables similares (comparables) que se utilizaron na última taxación completa:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Transaccións recentes.</li> <li>- Datos de oferta.</li> </ul>
<b>Última taxación completa. Método residual dinámico. Tipo de actualización (%)</b>	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, tipo de actualización utilizado no seu cálculo, definido como a rendibilidade media anual do proxecto, sen ter en conta o financiamento alleo que obtería un promotor medio nunha promoción das características da valorada.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
<b>Última taxación completa. Método residual dinámico. Taxa anualizada homoxénea (%)</b>	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, taxa anualizada homoxénea que se utilizase no seu cálculo.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
<b>Última taxación completa. Método residual dinámico. Taxa anual media de variación do prezo de mercado do activo (%). Importe positivo</b>	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, taxa anual media de variación do prezo de mercado do tipo de activo que se prevé promover que se utilizase no cálculo do valor de taxación, se esa taxa é positiva.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
<b>Última taxación completa. Método residual dinámico. Taxa anual media de variación do prezo de mercado do activo (%). Importe negativo</b>	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, taxa anual media de variación do prezo de mercado do tipo de activo que se prevé promover que se utilizase no cálculo do valor de taxación, se esa taxa é negativa.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
<b>Última taxación completa. Método residual dinámico. Prazo máximo para finalizar a construción (meses)</b>	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, prazo máximo estimado en número de meses para o último fluxo de caixa correspondente á construción ou rehabilitación, incluídas, de ser o caso, a xestión urbanística e a execución da urbanización, que se utilizase no cálculo do valor de taxación.</p>

<b>Última taxación completa. Método residual dinámico. Prazo máximo para finalizar a comercialización (meses)</b>	Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, prazo máximo estimado en número de meses para o último fluxo de caixa correspondente á comercialización que se utilizase no cálculo do valor de taxación.
<b>Última taxación completa. Método residual estático. Marxe de beneficio do promotor (%)</b>	Cando o valor de taxación sexa o valor residual estático, marxe do beneficio do promotor utilizada no cálculo do valor de taxación.  Formato: porcentaxe con dous decimais.
<b>Última taxación completa. Valor de taxación</b>	Valor de taxación da última taxación completa.
<b>Última taxación completa. Valor hipotecario</b>	Valor hipotecario da última taxación completa.
<b>Última taxación completa. Valor en hipótese de edificio rematado</b>	Para os edificios en construción, en rehabilitación ou en proxecto, valor do inmovible en hipótese de edificio rematado que figura no último informe de taxación completa.
<b>Última taxación completa. Valor do terreo</b>	Para os edificios en construción, en rehabilitación ou en proxecto, importe do valor de taxación do terreo sobre o cal se está construíndo ou se vai construír o edificio.
<b>Última taxación por métodos estatísticos. Data da taxación</b>	Cando se realizase unha valoración por métodos estatísticos, data de referencia da última taxación.  Formato: AAAAMDD
<b>Última taxación por métodos estatísticos. Código da sociedade de taxación ou valoración</b>	Cando se realizase unha valoración por métodos estatísticos, código da sociedade de taxación ou valoración. Utilizaranse os mesmos valores que para o dato «Última taxación completa. Código da sociedade de taxación ou valoración» deste módulo.
<b>Última taxación por métodos estatísticos. Número de taxación</b>	Cando se realizase unha valoración por métodos estatísticos, número que asigne a sociedade de taxación ou valoración á taxación.
<b>Última taxación por métodos estatísticos. Método de valoración</b>	Cando se realizase unha valoración por métodos estatísticos, método estatístico utilizado na valoración:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelos automáticos de valoración.</li> <li>- Procedemento de mostra.</li> </ul>
<b>Última taxación por métodos estatísticos. Valor de taxación</b>	Cando se realizase unha valoración por métodos estatísticos, valor de taxación da última taxación.
<b>PARTE 2. DATOS ADICIONAIS PARA OS EDIFICIOS E ELEMENTOS DE EDIFICIOS</b>	
<b>Data da construción</b>	Para os edificios rematados, data en que se terminou de construír o edificio.  Para os edificios en construción, data en que se iniciaron as obras.
<b>Data da última rehabilitación integral</b>	Para os edificios rematados, data en que, de ser o caso, se terminou a última rehabilitación integral.  Para os edificios en rehabilitación, data en que se iniciaron as obras.
<b>Estado da construción</b>	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Licenza</b>	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Vivenda habitual do prestameiro</b>	Cando o activo sexa unha vivenda, indica se é a vivenda habitual do prestameiro:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>Valor do terreo axustado</b>	Cando o edificio estea en construción ou en rehabilitación integral coa obra parada, importe do valor do terreo máis, de ser o caso, o valor da edificación que se considere recuperable, ou menos os custos de demolición se a construción incorporada é irrecuperable.
<b>Número de vivendas</b>	Cando no edificio hai vivendas, número de vivendas, aínda que estean en construción.

<b>PARTE 3 DATOS ADICIONAIS PARA O SOLO URBANO E URBANIZABLE</b>	
<b>Tipo de solo</b>	<p>Tipo de solo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solo urbano consolidado.</li> <li>- Solo urbano non consolidado.</li> <li>- Solo urbanizable ordenado.</li> <li>- Solo urbanizable sectorizado.</li> <li>- Resto do solo urbanizable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solo urbano consolidado: solo que estea clasificado como urbano polo planeamento e conte con servizos urbanísticos, e se poida obter licenza urbanística directa sen necesidade de realizar obras de urbanización nin de tramitar ningún instrumento de planeamento ou xestión urbanística, e non se encontre nalgunha das situacións de solo urbano non consolidado.</li> <li>- Solo urbano non consolidado: solo clasificado como urbano polo planeamento pero que necesita executar obras de urbanización, ou o planeamento prevé a súa reurbanización ou un cambio de uso, ou precisa equidistribuír beneficios e cargas mediante a aprobación dun proxecto de reparcelación. Adoita estar incluído en unidades de actuación ou execución.</li> <li>- Solo urbanizable ordenado: solo clasificado polo planeamento como urbanizable, que conta coa ordenación pormenorizada aprobada definitivamente a través dun plan parcial ou equivalente, de forma que están determinados os usos e parámetros construtivos finais de cada nova parcela.</li> <li>- Solo urbanizable sectorizado: solo clasificado polo planeamento como urbanizable sectorizado ou programado sen que se aprobase o planeamento de desenvolvemento ou ordenación pormenorizada.</li> <li>- Resto do solo urbanizable: solo clasificado como urbanizable non sectorizado ou programado (nas súas diferentes modalidades e denominacións autonómicas) que pode requirir a aprobación dun plan de sectorización ou programa de actuación urbanística (segundo a nomenclatura autonómica).</li> </ul>
<b>Desenvolvemento do planeamento</b>	<p>Fase de desenvolvemento en que se encontra o planeamento urbanístico do solo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Urbanización recibida polo Concello</li> <li>- Urbanización finalizada non recibida polo Concello</li> <li>- Proxecto de urbanización aprobado</li> <li>- Planeamento de desenvolvemento <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprobado definitivamente</li> <li>• Aprobado inicialmente</li> <li>• Non redactado ou non aprobado</li> </ul> </li> </ul>
<b>Sistema de xestión</b>	<p>Forma xurídica pola cal se vai desenvolver a urbanización do terreo e, chegado o caso, a súa posterior edificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Licenza.</li> <li>- Axente urbanizador ou concerto.</li> <li>- Compensación.</li> <li>- Cooperación.</li> <li>- Expropiación.</li> <li>- Sen xestión/non necesita xestión.</li> </ul>
<b>Fase de xestión</b>	<p>Fase acadada na xestión do solo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Parcelas resultantes inscritas.</li> <li>- Aprobación definitiva da equidistribución.</li> <li>- Aprobación inicial da equidistribución.</li> <li>- Constitución de xunta/asociación.</li> <li>- Pendente de delimitación de unidade de execución.</li> </ul>
<b>Paralización da urbanización</b>	<p>Indica se a urbanización do solo non se iniciou ou está paralizada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>

<b>Porcentaxe da urbanización executada (%)</b>	Porcentaxe da urbanización que se executou respecto do proxecto total de urbanización. Formato: porcentaxe sen decimais.
<b>Porcentaxe do ámbito valorada (%)</b>	Porcentaxe sen decimais que representa o solo en garantía (ámbito valorado) sobre o ámbito total de que forma parte.  O ámbito total é o conxunto total de terreos da figura asociativa urbanizadora (como son as xuntas de compensación, sectores, programas de actuación urbanística e similares) de que forma parte o solo en garantía.  Formato: porcentaxe sen decimais.
<b>Proximidade respecto do núcleo urbano</b>	Indica a proximidade do solo con respecto ao núcleo urbano:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Solo urbano.</li> <li>- Solo urbanizable estremeiro con urbano.</li> <li>- Solo urbanizable non estremeiro con urbano, pero con infraestruturas de acceso.</li> <li>- Solo urbanizable non estremeiro con urbano, sen infraestruturas de acceso.</li> </ul>
<b>Proxecto de obra</b>	Indica se se dispón dun proxecto para edificar sobre o terreo:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>Superficie do terreo (m<sup>2</sup>)</b>	Número de metros cadrados que ten o solo en garantía.
<b>Aproveitamento (m<sup>2</sup>)</b>	Aproveitamento sobre rasante en metros cadrados útiles do ámbito, parcela ou sector en que se localiza o terreo valorado, independentemente da superficie deste. Sumaranse todos os usos lucrativos, independentemente da tipoloxía.
<b>Produto que se prevé desenvolver</b>	Tipo de produto que se prevé desenvolver no solo:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Residencial (vivendas protexidas).</li> <li>- Residencial (vivendas libres, de primeira residencia).</li> <li>- Residencial (vivendas libres, de segunda residencia).</li> <li>- Oficinas.</li> <li>- Locais comerciais.</li> <li>- Uso industrial.</li> <li>- Uso hoteleiro.</li> <li>- Residencias de estudantes ou da terceira idade.</li> <li>- Aparcadoiro.</li> <li>- Recreativa.</li> <li>- Outros.</li> </ul> Cando se vaian desenvolver varios tipos de produto, declararase só o que predomine entre todos.
<b>PARTE 4. DATOS ADICIONAIS PARA OS PREDIOS RÚSTICOS</b>	
<b>Predio rústico con expectativas urbanísticas</b>	Indica se a entidade considera o predio con expectativas urbanísticas:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> </ul>
<b>PARTE 5. DATOS DO VALOR DAS GARANTÍAS</b>	
<b>Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i>. Importe da garantía</b>	Importe do valor da última taxación dispoñible do inmovible menos o «Importe das cargas previas comprometidas con terceiros», coas seguintes precisións:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Para os inmovibles rematados, o valor de taxación será o da última taxación.</li> <li>- Para os edificios en construción coa obra en marcha, o valor de taxación será o valor da taxación actualizado a valor de substitución neta.</li> </ul>
<b>Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i>. Forma de obtención</b>	Forma de obtención do importe da dimensión «Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i> . Importe da garantía»: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Última taxación completa.</li> <li>- Última taxación por métodos estatísticos.</li> </ul>
<b>Valor da garantía para efectos do cálculo da</b>	Importe asignado á garantía para efectos do cálculo da cobertura por deterioración.

<b>deterioración. Importe da garantía</b>	Este dato débese declarar cando algunha das operacións garantidas polo activo estea cualificada como dubidosa; nos demais casos, é opcional.
<b>Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Percentaxe de desconto (%)</b>	Porcentaxe de desconto aplicada para determinar o valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Este dato débese declarar cando algunha das operacións garantidas polo activo estea cualificada como dubidosa; nos demais casos, é opcional.
<b>D.3. DATOS BÁSICOS DOS ACTIVOS FINANCIEROS RECIBIDOS EN GARANTÍA</b>	
<b>Código da garantía recibida</b>	Código con que se identifica a garantía recibida no módulo D.1.1. Datos básicos das garantías recibidas.  Este código debe ser único para cada activo.
<b>Código do emisor dos activos financeiros recibidos en garantía</b>	Código da entidade en que se efectuaron os depósitos ou que emitiu os instrumentos recibidos en garantía, aínda que sexa a propia entidade declarante.
<b>Código do valor</b>	Cando os valores representativos de débeda ou instrumentos de patrimonio teñan asignado código ISIN, este código.
<b>Cotización</b>	Indica se os activos financeiros cotizan nun mercado regulado:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valores cotizados, con mercado activo.</li> <li>- Valores cotizados, sen mercado activo.</li> <li>- Valores non cotizados.</li> </ul> <p>A definición de mercado activo é a que se utiliza para efectos da elaboración da información financeira conforme o disposto na normativa contable.</p>
<b>Nominal</b>	Nominal dos activos financeiros recibidos como garantía. Para as participacións en fondos de investimento, declararase o número de participacións.
<b>D.4. DATOS DINÁMICOS QUE RELACIONAN AS OPERACIÓNS COAS GARANTÍAS RECIBIDAS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Código da garantía recibida</b>	Código con que se identifica a garantía recibida no módulo D.1.1. Datos básicos das garantías recibidas.  Na parte 1 deste módulo declararanse todas as garantías recibidas declaradas nos módulos D.2. e D.3.  Na parte 2 deste módulo declararanse todas as garantías recibidas declaradas no módulo D.1.1. sempre que garantan préstamos a persoas xurídicas.  Cando unha operación teña varias garantías, declararanse de forma separada todas as garantías que a entidade lle asigne para a súa cobertura.
<b>PARTE 1. DATOS PARA AS OPERACIÓNS GARANTIDAS CON INMOBLES E ACTIVOS FINANCIEROS</b>	
<b>Importe da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i> atribuído á operación</b>	Importe do valor do activo en garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i> que se atribúa á operación concreta.  Para os inmobles, o valor do activo en garantía é o que se declare como «Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i> . Importe da garantía» no módulo D.2. Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía.  Para as garantías pignoraticias de valores representativos de débeda e instrumentos de patrimonio, o valor dos activos en garantía é o seu valor razoable na data a que se refiran os datos.  Para as garantías pignoraticias sobre depósitos e outros instrumentos de débeda distintos dos valores representativos de débeda, o valor dos activos en garantía é o seu valor actual na data a que se refiran os datos, tendo en conta a deterioración de valor por risco de crédito do obrigado ao pagamento, descontado ao tipo de xuro de mercado para operacións co mesmo prazo residual.

	Cando o mesmo activo sirva como garantía de varias operacións da propia entidade, o importe que declarar será o que lle asigne a entidade á operación concreta, para o cal se porá especial atención a que as asignacións sexan realizadas con criterios lóxicos e prudentes, e que en ningún caso a suma dos importes atribuídos a todas a operacións sexa maior que o valor da garantía.
<b>PARTE 2. DATOS ADICIONAIS SOBRE AS GARANTÍAS DOS PRÉSTAMOS A PERSOAS XURÍDICAS</b>	
<b>Valor asignado á garantía</b>	<p>Importe máximo do valor da garantía que pode considerarse garantía crediticia para a operación. Este importe pode ser superior ao importe do saldo vivo nominal da operación.</p> <p>Ao asignar a cada operación o valor da garantía, a entidade debe ter en conta as posibles reducións do valor da garantía derivadas da calidade crediticia do emisor dos valores, a calidade do mercado e a recuperabilidade do ben, e as limitacións que puidese impoñer o provedor da garantía, entre outros. Ademais, o importe de todos os dereitos de cobramento preferentes existentes de terceiros contra a garantía debe excluírse do valor asignado á garantía.</p> <p>Se a garantía se asigna a varias operacións, a entidade deberá repartir o valor da garantía entre todas e cada unha das operacións garantidas.</p>
<b>Dereitos de cobramento preferentes de terceiros contra a garantía</b>	<p>Importe máximo de calquera dereito de cobramento preferente en vigor contra a garantía que corresponda a terceiros distintos da entidade.</p> <p>Declararase o importe dos dereitos de cobramento de terceiros cuxa orde de prelación sexa anterior ao da garantía que a entidade ten sobre a operación. Os dereitos de cobramento da propia entidade con prelación anterior non se considerarán ao calcular este importe.</p>
<b>D.5 DATOS DINÁMICOS DOS EDIFICIOS EN CONSTRUCCIÓN E DAS PROMOCIÓN INMOBILIARIAS RECIBIDOS EN GARANTÍA</b>	
<b>Código da garantía recibida</b>	Código que identifica o activo recibido en garantía no módulo D.2. Datos básicos dos inmoables recibidos en garantía.
<b>Edificios en construción ou rehabilitación. Data do último grao de avance estimado</b>	<p>Data do último grao de avance estimado.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Edificios en construción ou rehabilitación. Código da sociedade de taxación ou valoración que estimou o grao de avance</b>	Código da entidade que realizase a estimación do grao de avance. Utilizaranse os mesmos criterios que en «Última taxación completa. Código da sociedade de taxación ou valoración» do módulo D.2. Datos básicos dos inmoables recibidos en garantía.
<b>Edificios en construción ou rehabilitación. Porcentaxe construída (%)</b>	Porcentaxe que representa o custo da parte edificada sobre o custo total da construción segundo a última certificación.
<b>Edificios en construción ou rehabilitación. Importe dos gastos de desenvolvemento</b>	Importe da suma de todos os gastos necesarios e nos cales efectivamente se incorreu para a construción do edificio, distintos do custo de adquisición do solo, excluídos os gastos financeiros e comerciais, máis os custos de construción ou outros gastos que se poidan considerar custo do ben de acordo coa normativa aplicable.
<b>Promocións inmobiliarias. Porcentaxe de vendas formalizadas (%)</b>	Para as operacións cuxa finalidade sexa a promoción inmobiliaria, porcentaxe que supón o importe bruto das vendas realizadas sobre o importe bruto estimado de venda para o conxunto da promoción inmobiliaria.
<b>Promocións inmobiliarias. Porcentaxe de subrogacións ou cancelacións por entrega de vivenda a comprador final (%)</b>	Para as operacións cuxa finalidade sexa a promoción inmobiliaria, porcentaxe que representa o valor dos activos cuxo préstamo foi subrogado ou cancelado sobre o valor total dos activos inicialmente hipotecados.



<b>E. DATOS SOBRE TIPOS DE XURO DOS PRÉSTAMOS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Modalidade de tipo de xuro</b>	<p>Indica a modalidade do tipo de xuro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fixo.</li> <li>- Variable.</li> <li>- Mixto.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fixo: plan de definición dos tipos de xuro durante a vida da operación que só inclúe tipos constantes (é dicir, un tipo constante numérico coñecido con certeza ao inicio da operación) e no cal os tipos se aplican a toda a exposición (sen considerar o tipo de xuro de demora). O plan pode incluír máis dun tipo de xuro constante que debe aplicarse a distintos períodos durante a vida da operación.</li> <li>- Variable: plan de definición dos tipos de xuro durante a vida da operación que só inclúe tipos de xuro baseados na evolución doutra variable (tipo de referencia) e en que o tipo de xuro se aplica a toda a exposición (sen considerar o tipo de xuro de demora).</li> <li>- Mixto: outra modalidade de tipo de xuro non incluída nas categorías anteriores.</li> <li>- En caso de que ningún dos valores anteriores sexa aplicable, indicárase «Non aplicable».</li> </ul>
<b>Frecuencia de revisión do tipo de xuro</b>	<p>Para os préstamos, frecuencia con que o tipo de xuro se revisa despois do período de tipo fixo inicial, de ser o caso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non revisable.</li> <li>- Diaria.</li> <li>- Mensual.</li> <li>- Trimestral.</li> <li>- Semestral.</li> <li>- Anual.</li> <li>- Á discreción do acredor.</li> <li>- Outra frecuencia.</li> </ul> <p>Para as operacións con tipo de xuro fixo, indicárase o valor «Non revisable».</p>
<b>Tipo de referencia</b>	<p>Tipo de referencia utilizado para calcular o tipo de xuro real.</p> <p>O código do tipo de referencia é unha combinación do valor do tipo de referencia e do valor do vencemento.</p> <p>Os valores para o tipo de referencia serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Euríbor</li> <li>- Líbor en dólares estadounidenses</li> <li>- Líbor en libras esterlinas</li> <li>- Líbor en euros</li> <li>- Líbor en iens</li> <li>- Líbor en francos suízos</li> <li>- Míbor</li> <li>- €STR</li> <li>- SOFR</li> <li>- Outros tipos de referencia múltiple</li> <li>- Outros tipos de referencia única <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito en España</li> <li>• Tipo medio dos préstamos á vivenda entre un e cinco anos concedidos polas entidades de crédito na zona euro</li> </ul> </li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos</li> <li>• Permuta de xuros / <i>Interest Rate Swap (IRS)</i> ao prazo de cinco anos</li> <li>• Resto dos tipos de referencia única</li> </ul> <p>- Non aplicable, en caso de operacións con tipo de xuro fixo</p>
<b>Tipo de referencia. Vencemento</b>	<p>Vencemento para calcular o tipo de xuro de referencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Diario.</li> <li>- Unha semana.</li> <li>- Dúas semanas.</li> <li>- Tres semanas.</li> <li>- Un mes.</li> <li>- Dous meses.</li> <li>- Tres meses.</li> <li>- Catro meses.</li> <li>- Cinco meses.</li> <li>- Seis meses.</li> <li>- Sete meses.</li> <li>- Oito meses.</li> <li>- Nove meses.</li> <li>- Dez meses.</li> <li>- Once meses.</li> <li>- Doce meses.</li> <li>- Non aplicable, en caso de operacións con tipo de xuro fixo ou con tipo de referencia €STR ou SOFR.</li> </ul>
<b>Tipo de referencia substitutivo</b>	<p>Para os préstamos e créditos a tipo de xuro variable e mixto, previsión contractual en caso de desaparición do índice de referencia principal da operación.</p> <p>Os valores que se deben utilizar serán algúns dos previstos para a dimensión «Tipo de referencia» e, adicionalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O último valor do índice de referencia aplicado ao contrato antes da desaparición do índice.</li> </ul> <p>Utilizarase o valor «Non aplicable» cando non exista «Tipo de referencia substitutivo».</p>
<b>Diferencial/marxe do tipo de xuro</b>	<p>Marxe ou diferencial en termos absolutos que se engade ao tipo de referencia que se utiliza para calcular o tipo de xuro en puntos básicos.</p> <p>Se á operación non se lle aplica un diferencial de xuro, declararase «Non aplicable».</p>
<b>Signo do diferencial/marxe do tipo de xuro</b>	<p>Indica se a marxe ou diferencial do tipo de xuro é positivo ou negativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Positivo.</li> <li>- Negativo.</li> </ul>
<b>Tipo de xuro máximo</b>	<p>Para os préstamos, máximo valor do tipo de xuro cargado.</p> <p>Nas operacións en que non exista un tipo de xuro máximo, declararase «Non aplicable».</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
<b>Tipo de xuro mínimo</b>	<p>Para os préstamos, mínimo valor do tipo de xuro cargado.</p> <p>Nas operacións en que non exista un tipo de xuro mínimo, declararase «Non aplicable».</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
<b>Data final do período de só xuro</b>	<p>Data final do período de carencia. Nas operacións en que no contrato se establecese un período de carencia, durante o que só se pagan xuros, data en que conclúe o período de pagamento de só os xuros da operación.</p> <p>Para o resto das operacións, declararase o valor «Non aplicable».</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>

<b>F. DATOS DE TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS DE ACTIVOS FINANCEIROS</b>	
<b>PARTE 1. DATOS QUE IDENTIFICAN AS TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS</b>	
<b>Código da transferencia</b>	Código con que se identifica o contrato polo cal se transfiren ou titulizan sinteticamente as operacións.  Nas titulización, é o «código interno» que se asigne á titulización no estado sobre información individualizada de titulización da normativa de solvencia.
<b>Código do cesionario ou vendedor de protección</b>	Código con que se declara no módulo A.1. Datos que identifican as persoas, o cesionario das operacións transferidas ou a contraparte que vende a protección crediticia nas titulización sintéticas.
<b>Data da transferencia</b>	Data en que se realiza a transferencia ou titulización sintética.  Formato: AAAAMMDD
<b>Tipo de transferencia</b>	Tipo de transferencia ou titulización:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Titulización tradicional.</li> <li>- Resto das transferencias.</li> <li>- Titulización sintética.</li> </ul>
<b>Forma xurídica da transferencia</b>	Forma xurídica da transferencia:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación hipotecaria emitida.</li> <li>- Certificado de transmisión de hipoteca emitido.</li> <li>- Resto das formas xurídicas.</li> </ul>
<b>Operacións transferidas. Tratamento contable</b>	Indica como está rexistrado o importe transferido das operacións no balance da entidade:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dadas integramente de baixa do balance.</li> <li>- Mantidas integramente no balance.</li> <li>- Dadas parcialmente de baixa do balance.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dadas integramente de baixa do balance: cando se dea de baixa do activo integramente o importe transferido das operacións, con independencia de que non se transfirise a totalidade do seu importe.</li> <li>- Mantidas integramente no balance: cando se mantén a totalidade do importe transferido das operacións rexistrado no activo da entidade declarante. As operacións titulizadas sinteticamente decláranse con este valor.</li> <li>- Dadas parcialmente de baixa do balance: cando se continúen recoñecendo as operacións no activo exclusivamente por un importe igual á exposición da entidade aos seus cambios de valor, é dicir, polo seu compromiso continuo.</li> </ul>
<b>Operacións transferidas. Tratamento para efectos de recursos propios</b>	Indica como se trata o importe transferido ou titulado sinteticamente das operacións para efectos do cálculo de recursos propios:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Posicións en titulización.</li> <li>- Cálculo individualizado de recursos propios.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Posicións en titulización: cando os importes dos riscos titulizados non se inclúen de forma individualizada no cálculo de requirimentos de recursos propios porque as posicións orixinadas como consecuencia da transferencia ou titulización sintética se tratan no dito cálculo como «Elementos que representan posicións en titulización».</li> <li>- Cálculo individualizado de recursos propios: cando as operacións transferidas ou titulizadas sinteticamente se inclúen individualmente no cálculo de requirimentos de recursos propios porque as posicións orixinadas como consecuencia da transferencia ou titulización sintética non se tratan no dito cálculo como «Elementos que representan posicións en titulización».</li> </ul>

	- Non aplicable: cando a entidade declarante sexa unha sucursal dunha entidade de crédito con sede noutro país do Espazo Económico Europeo ou os importes transferidos das operacións non constitúan exposicións para efectos do cálculo de recursos propios porque se dean de baixa integramente do activo por unha transferencia distinta dunha titulización.
<b>PARTE 2. DATOS QUE VINCULAN AS TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS COAS OPERACIÓNS</b>	
<b>Código da transferencia</b>	Código con que se identifica o contrato polo cal se transfiren ou titulizan sinteticamente as operacións na parte 1 deste módulo.
<b>Código da operación transferida</b>	Código con que se identifica no módulo B.2. Datos básicos das operacións, cada unha das operacións que se transferiron no mesmo contrato.
<b>Porcentaxe transferida da operación (%)</b>	Porcentaxe transferida ou titulizada sinteticamente da operación. Formato: porcentaxe con dous decimais.

<b>G. VINCULACIÓN DE CÓDIGOS</b>	
<b>G.1. DATOS BÁSICOS QUE VINCULAN CÓDIGOS</b>	
<b>Tipo de código que se vincula</b>	<p>Indica o tipo de código que se vincula:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Código da operación.</li> <li>- Código do valor.</li> <li>- Código da transferencia.</li> <li>- Código da garantía real de máximo.</li> <li>- Código da garantía recibida.</li> <li>- Código da promoción inmobiliaria.</li> <li>- Código do expediente de adxudicación.</li> <li>- Código do activo adxudicado.</li> <li>- Código do contrato.</li> </ul>
<b>Código que se vincula</b>	<p>Código que a entidade declarante vincula con outro código.</p> <p>Cando se vincula un código co declarado por outra entidade, este código é o asignado pola entidade que envía o módulo.</p> <p>Cando se vinculan códigos da mesma entidade, aplicarase o seguinte criterio:</p> <p style="padding-left: 40px;">a) Código das operacións</p> <p>O «Código que se vincula» é o da nova operación declarada.</p> <p>Non obstante, indicarse como «Código que se vincula» o das pólizas de risco global-multiuso, as liñas de avais, as liñas de créditos documentarios e os créditos por disposicións cando se vinculen cos códigos das operacións nas cales se dispoñan os importes.</p> <p>Nas operacións de refinanciamento, como «Código que se vincula» indicarse o código que se asigne ao refinanciamento, e como «Códigos vinculados» os de todas as operacións de refinanciamento e refinanciadas. O código que se asigne a cada refinanciamento será único e diferente do das operacións de refinanciamento ou refinanciadas na mesma transacción. Este código non se poderá utilizar para outros refinanciamientos nin operacións, e só se declarará neste módulo.</p> <p>Nas operacións con titulares mancomunados, como «Código que se vincula» indicarse o código que se asigne á operación, e como «Códigos vinculados» os diferentes códigos de operación que se utilicen para vincular cada un dos titulares no módulo B.1. Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións, para atribuírlles o risco que lles corresponda. O código que se declare como «Código que se vincula» será distinto dos códigos que se asignen para vincular a operación cos diferentes titulares mancomunados.</p> <p>Nas operacións segregadas doutra operación, como «Código que se vincula» indicarse o código da operación que se segrega, e como «Código vinculado» os códigos das operacións nas cales se segrega.</p> <p style="padding-left: 40px;">b) Código do contrato</p> <p>O contrato é o acordo xurídico vinculante entre unha ou máis partes conforme o cal se crean unha ou varias operacións. Este código é único para cada contrato e non se pode reutilizar para outros contratos. O código débese manter invariable durante a vida do contrato.</p> <p>Cando a entidade indicase no módulo B.2. Datos básicos das operacións, que o código de contrato é distinto do código da operación, coa excepción mencionada na norma décimo primeira, 2 bis), indicarse como «Código que se vincula» o do contrato e como «Código vinculado» os das operacións declaradas no módulo B.2.</p> <p>Nas operacións con titulares mancomunadas, o código de contrato asignado a cada un dos diferentes códigos de operación que se utilicen para vincular cada un dos titulares no módulo B.1. Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións, para atribuírlles o risco que lles corresponda debe ser o mesmo.</p> <p>Esta vinculación permanecerá invariable durante a vida da operación.</p>

	<p>c) Resto dos códigos</p> <p>O código que se debe declarar é o novo código que asigne a entidade declarante ao valor, transferencia, activo recibido en garantía, promoción inmobiliaria, expediente de adjudicación ou activo adjudicado.</p>
<b>Tipo de vinculación</b>	<p>Motivo polo cal se vincula o código con outro código da propia entidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Subrogación do debedor.</li> <li>- Refinanciamento.</li> <li>- Renovación.</li> <li>- Activos procedentes de operacións fóra de balance.</li> <li>- Operación procedente dun crédito documentario irrevogable.</li> <li>- Operación procedente dunha póliza de risco global-multiuso.</li> <li>- Operación procedente dunha liña de avais.</li> <li>- Operación procedente dunha liña de créditos documentarios.</li> <li>- Operación procedente dun crédito por disposicións.</li> <li>- Operación con titulares mancomunados.</li> <li>- Operación segregada.</li> <li>- Cambio de código por razóns de xestión.</li> <li>- Código de contrato asignado ás operacións.</li> </ul> <p>Motivo polo cal se vincula o código co doutra entidade declarante que pertenza ao mesmo grupo económico que a entidade que envía o módulo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía financeira outorgada.</li> <li>- Avais e caucións non financeiros prestados.</li> <li>- Adquisición de operacións á entidade que mantén a xestión fronte ao titular.</li> <li>- Fusión ou traspaso da actividade financeira.</li> <li>- Outras adquisicións de negocio.</li> <li>- Subrogación do acreedor.</li> <li>- Refinanciamento.</li> </ul> <p>Motivo polo cal se vincula o código co doutra entidade declarante que non pertenza ao mesmo grupo económico que a entidade que envía o módulo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía financeira outorgada.</li> <li>- Avais e caucións non financeiros prestados.</li> <li>- Adquisición de operacións de entidade que mantén a xestión fronte ao titular.</li> <li>- Fusión ou traspaso da actividade financeira.</li> <li>- Outras adquisicións de negocio.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fusión ou traspaso da actividade financeira: cando a entidade adquira a operación como consecuencia dunha fusión ou traspaso da actividade financeira que supoña a baixa no Rexistro de Entidades do código REN con que declaraba a entidade cedente.</li> <li>- Outras adquisicións de negocio: cando a entidade adquira unha ou máis operacións dunha entidade que continúe inscrita no Rexistro de Entidades co mesmo código REN con que declaraba a actividade cedida.</li> <li>- Cambio de código por razóns de xestión: cando a entidade modifique calquera tipo de código exclusivamente por razóns de xestión interna, como que se modifique a sucursal encargada da súa administración ou que se produza un cambio na codificación informática.</li> </ul>
<b>Código REN da entidade declarante do código vinculado</b>	Código REN da entidade que declare ou declarase o código que se vincula, mesmo cando o «Código vinculado» fose declarado pola propia entidade declarante.
<b>Código vinculado</b>	Código declarado á CIR pola propia entidade ou outra entidade declarante con que se vincule o código declarado como «Código que se vincula».
<b>G.2. DATOS BÁSICOS DAS OPERACIÓNS QUE SE DEBEN COMUNICAR A OUTRAS ENTIDADES</b>	
<b>Código REN da entidade con que se vincula a operación</b>	Código no Rexistro de Entidades do Banco de España (código REN) da entidade coa cal se realice a operativa declarada.

<b>Tipo de vinculación</b>	<p>Motivo polo cal se vincula a operación con outra entidade declarante:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía financeira recibida.</li> <li>- Contraaval dun aval ou caución non financeiro.</li> <li>- Cesión de operacións cuxa xestión mantén fronte aos titulares.</li> <li>- Outras cesións de negocio.</li> <li>- Subrogación do acredor.</li> <li>- Refinanciamento.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantía financeira recibida: cando a entidade recibise unha garantía financeira doutra entidade declarante.</li> <li>- Contraaval dun aval ou caución non financeiro: cando a entidade recibise un contraaval dun aval ou caución non financeiro doutra entidade declarante.</li> <li>- Cesión de operacións cuxa xestión mantén fronte aos titulares: cando a entidade transfira a outra entidade declarante operacións que se desen de baixa do activo total ou parcialmente, pero continúa coa súa xestión fronte aos titulares. Con este valor declararanse as operacións que a entidade comunicase no módulo F. Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros, como transferidas a nome dun cesionario que sexa unha entidade declarante.</li> <li>- Outras cesións de negocio: cando a entidade ceda a outra entidade declarante unha ou máis operacións que non sexan valores representativos de débeda, sempre que non continúe coa xestión fronte aos titulares e permaneza inscrita no Rexistro de Entidades do Banco de España co mesmo código REN con que declaraba a actividade cedida.</li> <li>- Subrogación do acredor: cando a entidade deixe de ser prestamista da operación porque o debedor faga unha subrogación do acredor e o novo prestamista pase a ser outra entidade declarante que pertenza ao seu mesmo grupo económico.</li> <li>- Refinanciamento: cando a operación da entidade fose refinanciada por unha operación doutra entidade declarante que pertenza ao seu mesmo grupo económico.</li> </ul>
<b>Código da contraparte directa</b>	Código do titular de risco directo da operación que a entidade considera contraparte directa da operación para efectos contables.
<b>Nome da contraparte directa</b>	Nome do titular do risco directo cuxo código se declara como «Código da contraparte directa» neste módulo.
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Tipo de produto</b>	Tipo de produto con que se declara a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Data de formalización ou emisión</b>	<p>Data de formalización da operación, que é aquela coa cal se declara a operación no dato «Data de formalización ou emisión» do módulo B.2. Datos básicos das operacións.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Data de vencemento</b>	<p>Data do vencemento final da operación, que é aquela coa cal se declara a operación no dato de igual nome do módulo B.2. Datos básicos das operacións.</p> <p>Formato: AAAAMMDD</p>
<b>Principal ou nocional ao inicio da operación</b>	Cando como «Tipo de vinculación» se declare «Garantía financeira recibida» ou «Contraaval dun aval ou caución non financeiro», importe declarado para a operación garantida no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Porcentaxe transferida da operación (%)</b>	<p>Cando como «Tipo de vinculación» se declare «Cesión de operacións cuxa xestión mantén fronte aos titulares», porcentaxe transferida da operación.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>



<b>G.3. DATOS DINÁMICOS DAS OPERACIÓNS QUE SE DEBEN COMUNICAR A OUTRAS ENTIDADES</b>	
<b>Código REN da entidade con que se vincula a operación</b>	Código do Rexistro de Entidades do Banco de España (código REN) da entidade que garante ou contraavala a operación.
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Principal garantido. Importe non vencido</b>	Importe do principal non vencido garantido pola entidade a que se comunican os datos.
<b>Principal garantido. Importe vencido</b>	Importe do principal vencido garantido pola entidade a que se comunican os datos.
<b>Xuros e comisións vencidos garantidos</b>	Importe dos xuros e das comisións pendentes de cobramento garantido pola entidade a que se comunican os datos.
<b>Xuros de demora garantidos</b>	Importe dos xuros de demora garantido pola entidade a que se comunican os datos.
<b>Gastos exixibles garantidos</b>	Importe dos gastos exixibles pendentes de cobramento garantido pola entidade a que se comunican os datos.
<b>Límite actual do risco garantido</b>	Importe do límite actual do risco garantido pola entidade a que se comunican os datos.
<b>Risco dispoñible garantido. Dispoñibilidade inmediata</b>	Importe do risco dispoñible con dispoñibilidade inmediata garantido pola entidade a que se comunican os datos.
<b>Risco dispoñible garantido. Dispoñibilidade condicionada</b>	Importe do risco dispoñible con dispoñibilidade condicionada garantido pola entidade a que se comunican os datos.
<b>Data do primeiro incumprimento</b>	Data do incumprimento máis antigo da operación garantida ou contraavalada pola entidade a que se comunican os datos, pendente de resolución na data dos datos.  Esta data declararase utilizando os mesmos criterios que no dato de idéntico nome do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.
<b>Data do último incumprimento</b>	Data do último incumprimento da operación garantida ou contraavalada pola entidade a que se comunican os datos, pendente de resolución na data dos datos.  Esta data declararase utilizando os mesmos criterios que no dato de idéntico nome do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.

<b>H. INFORMACIÓN PRUDENCIAL COMPLEMENTARIA</b>	
<b>H.1. DATOS CONTABLES DOS PRÉSTAMOS A PERSOAS XURÍDICAS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación no módulo B.2. Datos básicos das operacións.
<b>Clasificación contable das operacións</b>	<p>Carteira contable en que está clasificada a operación para efectos de valoración e rexistro de resultados, con independencia de que no balance se presente na partida «Activos non correntes e grupos alleables de elementos que se clasificaron como mantidos para a venda»:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Saldos en efectivo en bancos centrais e outros depósitos á vista.</li> <li>- Activos financeiros mantidos para negociar.</li> <li>- Activos financeiros non destinados a negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados.</li> <li>- Activos financeiros designados a valor razoable con cambios en resultados.</li> <li>- Activos financeiros a valor razoable con cambios noutro resultado global.</li> <li>- Activos financeiros a custo amortizado.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase aplicando os criterios que se utilicen para efectos contables.</p> <p>As operacións que se presentan no balance como «Activos non correntes e grupos alleables de elementos que se clasificaron como mantidos para a venda» asignaranse á carteira cuxo criterio de valoración e rexistro de resultados se utilizou na confección do balance.</p> <p>O valor «Non aplicable» asignaríase ás operacións transferidas ou titulizadas tradicionalmente cando a entidade as dese de baixa do seu balance de acordo coas normas contables e ás operacións non recoñecidas no balance por outras razóns, como operacións clasificadas integramente como falidas, operacións xestionadas pola entidade que non fosen orixinadas por ela, préstamos concedidos a outros axentes observados da mesma entidade, préstamos fiduciarios e préstamos a sociedades e fondos de titulización aos cales a entidade transferise economicamente activos financeiros.</p>
<b>Activos non correntes en venda</b>	<p>Indica se os préstamos se presentan no balance como «Activos non correntes e grupos alleables de elementos que se clasificaron como mantidos para a venda»:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si.</li> <li>- Non.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>As operacións que se consideren integramente falidas declararanse co valor «Non aplicable».</p>
<b>Recoñecemento no balance</b>	<p>Indica como está rexistrada a operación no balance da entidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Integramente recoñecida.</li> <li>- Recoñecida en función da implicación continuada da entidade.</li> <li>- Integramente non recoñecida.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase aplicando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Integramente recoñecida: operación integramente recoñecida no balance da entidade. Este valor tamén se utilizará para declarar os préstamos considerados parcialmente falidos, así como os préstamos parcialmente transferidos cando a entidade non continúe declarando ningún importe transferido porque os novos acredores sexan axentes observados residentes nun Estado membro informador.</li> <li>- Recoñecida en función da implicación continuada da entidade: operación recoñecida en función da implicación continuada da entidade conforme o Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014. Este valor tamén se utilizará para declarar as operacións transferidas parcialmente cando a entidade teña que continuar declarando a parte transferida porque o novo acredor sexa unha persoa xurídica distinta dun axente observado residente nun Estado membro informador.</li> </ul>

	<p>- Integralmente non recoñecida: operación integralmente dada de baixa do balance. Este valor asignaríase ás operacións transferidas ou titulizadas tradicionalmente cando a entidade as dese de baixa integralmente do seu balance de acordo coas normas contables, así como ás operacións non recoñecidas no balance por outras razóns, como operacións clasificadas integralmente como falidas, operacións xestionadas pola entidade que non fosen orixinadas por ela, préstamos concedidos a outros axentes observados da mesma entidade, préstamos fiduciarios e préstamos a sociedades e fondos de titulización aos cales a entidade transferise economicamente activos financeiros.</p>
<b>Falidos acumulados</b>	<p>Importe acumulado de toda operación que a entidade xa non recoñeza no activo por consideralo incobrable, independentemente da carteira contable en que estea ou estivese clasificada a operación.</p> <p>En caso de que a operación non teña importes falidos acumulados na data de referencia, declararase cero.</p> <p>O valor «Non aplicable» asignaríase ás operacións declaradas como «Integralmente non recoñecidas» por razóns diferentes de estaren integralmente falidas e sempre que a entidade declarante non sexa o acreedor da operación.</p>
<b>Deterioración do valor acumulado</b>	<p>Importe das correccións de valor por perdas asignadas á operación na data de referencia da información, calquera que sexa a fase en que estea incluída para efectos do cálculo da deterioración.</p> <p>Cando a operación estea incluída nunha carteira contable susceptible de deterioración de valor, declararase cero se a operación non ten constituída ningunha provisión por este motivo.</p> <p>As operacións non susceptibles de deterioración por non estaren recoñecidas no balance da entidade ou por estaren valoradas a valor razoable con cambios en resultados declararanse co valor «Non aplicable».</p>
<b>Tipo de deterioración do valor</b>	<p>Fase en que estea clasificada a operación para efectos do cálculo da deterioración no balance da entidade na data de referencia conforme a normativa contable:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fase 1.</li> <li>• Fase 2.</li> <li>• Fase 3.</li> <li>• Non aplicable.</li> </ul> <p>As operacións non susceptibles de deterioración por non estaren recoñecidas no balance da entidade ou porque estean valoradas a valor razoable con cambios en resultados declararanse co valor «Non aplicable».</p>
<b>Método de avaliación da deterioración do valor</b>	<p>Método polo cal se avalía a deterioración de valor se a operación é susceptible de deterioración conforme a normativa contable:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación individual.</li> <li>- Avaliación colectiva.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación individual: operación susceptible da deterioración de valor conforme a norma contable cuxa deterioración do valor se avalía individualmente.</li> <li>- Avaliación colectiva: operación susceptible de deterioración do valor conforme a norma contable cuxa deterioración do valor se avalía colectivamente agrupándoa con outras operacións de análogos características de risco crediticio.</li> <li>- Non aplicable: operación non susceptible de deterioración por non estar recoñecida no balance da entidade ou por estar valorada a valor razoable con cambios en resultados.</li> </ul>
<b>Fontes de carga</b>	<p>Indica se a operación está suxeita a cargas de conformidade co Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014. Un activo considerarase con cargas se foi peñado ou se está suxeito a calquera tipo de acordo, do cal non poida subtraerse libremente, en</p>

virtude do cal se destine a servir de garantía, en calquera operación, ou a mellorar a súa calidade crediticia:

- Financiamento de bancos centrais.
- Derivados negociados en mercados organizados.
- Derivados OTC.
- Depósitos pactos de recompra que non son con bancos centrais.
- Depósitos distintos de pactos de recompra.
- Valores representativos de débeda emitidos. Bonos garantidos.
- Valores representativos de débeda emitidos. Bonos de titulización de activos.
- Valores representativos de débeda emitidos distintos de bonos garantidos e bonos de titulización de activos.
- Outras fontes de carga.
- Sen cargas.
- Non aplicable.

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Financiamento de bancos centrais: financiamento de bancos centrais (de todo tipo, incluídos os pactos de recompra) conforme as normas técnicas de execución da Autoridade Bancaria Europea (ABE) sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.
- Derivados negociados en mercados organizados: derivados negociados en mercados organizados conforme as normas técnicas de execución da ABE sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.
- Derivados OTC: derivados OTC conforme as normas técnicas de execución da ABE sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.
- Depósitos-pactos de recompra que non son con bancos centrais: pactos de recompra que non son con bancos centrais conforme as normas técnicas de execución da ABE sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.
- Depósitos distintos de pactos de recompra: depósitos distintos de pactos de recompra conforme as normas técnicas de execución da ABE sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. Este valor non inclúe as operacións titulizadas que permanecen no balance, que deben ser informadas como «Valores representativos de débeda emitidos. Bonos garantidos», aínda que a entidade non emita os valores representativos de débeda e recoñeza un depósito no seu balance.
- Valores representativos de débeda emitidos. Bonos garantidos: bonos garantidos emitidos conforme as normas técnicas de execución da ABE sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.
- Valores representativos de débeda emitidos. Bonos de titulización de activos: bonos de titulización de activos emitidos conforme as normas técnicas de execución da ABE sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. Este valor será utilizado para informar dos activos titulizados aínda que a entidade non emitise valores representativos de débeda e informe no balance dos fondos recibidos como depósitos.
- Valores representativos de débeda emitidos distintos de bonos garantidos e bonos de titulización de activos: valores representativos de débeda emitidos distintos de bonos garantidos e bonos de titulización de activos conforme as normas técnicas de execución da ABE sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.
- Outras fontes de carga: outras fontes de carga conforme as normas técnicas de execución da ABE sobre presentación de información de activos con cargas a que se refiren o artigo 99, punto 5, e o artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen cargas: unha operación que non fose peñorada ou que non estea suxeita a calquera tipo de acordo, do cal non poida subtraerse libremente, en virtude do cal se destine a servir de garantía en calquera operación ou a mellorar a súa calidade crediticia.</li> <li>- Non aplicable: operacións declaradas como «Integramente non recoñecidas» por razóns diferentes de estaren integramente falidas e sempre que a entidade declarante non sexa o acreedor da operación.</li> </ul> <p>As operacións declararanse como con cargas aínda que estean suxeitas a cargas parcialmente.</p> <p>Cando unha operación estea suxeita asemade a varias fontes de carga, declararase a fonte de carga a que corresponda o maior importe da operación.</p> <p>En caso de carteiras de operacións suxeitas conxuntamente a cargas en que só unha parte do importe da carteira está suxeito a cargas, se o importe suxeito a carga se pode asignar a operacións concretas, a asignación da carga farase no nivel de operación. En caso contrario, se ese importe non se pode asignar a operacións concretas, considerarase que todas as operacións da carteira están suxeitas a cargas.</p>
<b>Cambios acumulados no valor razoable debidos ao risco crediticio</b>	<p>Cambios acumulados no valor razoable debidos ao risco crediticio rexistrados no balance na data de referencia. Este importe só se indicará se o cambio acumulado é negativo, caso en que se indicará en valor absoluto.</p> <p>Se os cambios acumulados no valor razoable foren positivos ou non houberse cambios, indicarase cero.</p> <p>As operacións non recoñecidas no balance da entidade, así como as que non se valoren a valor razoable con cambios en resultados, declararanse co valor «Non aplicable».</p>
<b>Clasificación da operación en función do risco de crédito</b>	<p>Clasificación da operación en función do risco de crédito na data de referencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dubidosa.</li> <li>- Non dubidosa.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dubidosa: operación clasificada como dubidosa conforme o Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014.</li> <li>- Non dubidosa: operación clasificada como non dubidosa conforme o Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014.</li> </ul> <p>Esta dimensión debe indicarse para todas as operacións, aínda que non estean recoñecidas no balance e calquera que sexa a súa clasificación contable para efectos de valoración e rexistro de resultados.</p> <p>As operacións clasificadas como falidas declararanse co valor «Dubidosas».</p>
<b>Data da clasificación da operación en función do risco de crédito.</b>	<p>Data en que o atributo «Clasificación da operación en función do risco de crédito» cambia de clasificación.</p> <p>Esta dimensión debe indicarse en todas as operacións.</p> <p>Para as operacións que non cambiasen a súa clasificación desde a súa formalización ou adquisición, declararase a data de formalización ou emisión indicada no módulo B.2. Datos básicos das operacións.</p> <p>Para as operacións que actualmente se clasifiquen como «Non dubidosa», pero que previamente se declarasen como «Dubidosa», declararase a data en que cambiou a clasificación de «Dubidosa» a «Non dubidosa».</p> <p>Formato: AAAAMDD</p>
<b>Provisións asociadas a exposicións fóra de balance</b>	<p>Importe das provisións constituídas na data de referencia para cubrir o importe declarado na dimensión «Saldo fóra de balance» do módulo C.3. Datos dinámicos financeiros dos préstamos a persoas xurídicas.</p> <p>O valor «Non aplicable» asignarase ás operacións non recoñecidas no balance, así como cando ese mesmo valor se declarase na dimensión «Saldo fóra de balance» do módulo C.3. Datos dinámicos financeiros dos préstamos a persoas xurídicas.</p>

<p><b>Estado de reestruturación ou refinanciamento e renegociación</b></p>	<p>Indica o estado de reestruturación, refinanciamento ou renegociación en que está clasificada a operación na data de referencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reestruturadas ou refinanciadas. Operacións con tipo de xuro modificado por debaixo das condicións de mercado.</li> <li>- Reestruturadas ou refinanciadas. Operacións con outros termos e condicións modificados.</li> <li>- Reestruturadas ou refinanciadas. Débeda total ou parcialmente refinanciada.</li> <li>- Operacións renegociadas sen medidas de reestruturación ou refinanciamento.</li> <li>- Nin reestruturadas ou refinanciadas nin renegociadas.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reestruturadas ou refinanciadas. Operacións con tipo de xuro modificado por debaixo das condicións de mercado: aplícanse medidas de reestruturación ou refinanciamento a operacións con termos e condicións modificados, incluída a modificación do tipo de xuro por debaixo das condicións de mercado conforme o Regulamento (UE) 1072/2013 (BCE/2013/34).</li> <li>- Reestruturadas ou refinanciadas. Operacións con modificación doutras condicións: aplícanse medidas de reestruturación ou refinanciamento a operacións con termos e condicións modificados, excluída a modificación do tipo de xuro por debaixo das condicións de mercado conforme o Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014.</li> <li>- Reestruturadas ou refinanciadas. Débeda total ou parcialmente refinanciada: aplícanse medidas de reestruturación ou refinanciamento a débeda refinanciada conforme o Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014.</li> <li>- Operación renegociada sen medidas de reestruturación ou refinanciamento: operación cuxas condicións financeiras se modificaron e á cal non se aplican medidas de reestruturación ou refinanciamento de conformidade co Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014. Cando, como consecuencia dunha renegociación das condicións financeiras dun instrumento, se substitúa por outro, o novo instrumento declarárase con este valor se non se aplican medidas de refinanciamento. As operacións prolongadas automaticamente sen intervención activa do debedor que non supoñan a renegociación das condicións financeiras non se consideran operacións renegociadas.</li> <li>- Nin reestruturadas ou refinanciadas nin renegociadas: operación que non foi renegociada nin á cal se aplican medidas de reestruturación ou refinanciamento conforme o Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014. Esta dimensión débese indicar para todas as operacións, aínda que non estean recoñecidas no balance.</li> </ul> <p>Para as operacións recoñecidas no balance, o valor que se debe declarar corresponderase co que se teña que indicar nos estados contables na data de referencia, e para as operacións non recoñecidas no balance, o que lles tería correspondido de estaren recoñecidas. As operacións que fosen reestruturadas ou refinanciadas, cando xa non proceda identificalas como tales nos estados contables, reclasifícaranse como «Nin reestruturadas ou refinanciadas nin renegociadas».</p> <p>As operacións cuxo valor sexa «Operación renegociada sen medidas de reestruturación ou refinanciamento» manteranse con este valor salvo que cumpran os requisitos para se clasificaren como «Reestruturadas ou refinanciadas»; nese caso, aplicarase o criterio sinalado no parágrafo anterior.</p>
<p><b>Data do estado de reestruturación ou refinanciamento e renegociación</b></p>	<p>Data en que se produciu a situación de reestruturación ou refinanciamento e renegociación declarada en «Estado de reestruturación ou refinanciamento e renegociación».</p> <p>As operacións que, tendo estado en situación de reestruturadas ou refinanciadas, pasan a estar en situación de «Nin reestruturadas ou refinanciadas nin renegociadas» declararanse na data en que a operación foi reclasificada á nova situación.</p> <p>En caso de que a operación non fose reestruturada, refinanciada ou renegociada en ningún momento desde a súa formalización ou emisión, declararase a «data de formalización ou emisión» indicada no módulo B.2. Datos básicos das operacións.</p> <p>Formato: AAAAMDD</p>

<b>Importes recuperados acumulados desde a situación de falta de pagamento</b>	<p>Importe total recuperado desde a data en que a operación ou o seu titular entraron por última vez nalgunha situación de falta de pagamento distinta de «Sen situación de falta de pagamento» até que volva ser declarado «Sen situación de falta de pagamento».</p> <p>Co fin de recoller a totalidade dos importes recuperados, este atributo tamén se declarará, conforme o parágrafo anterior, no trimestre en que cambia dalgunha situación de falta de pagamento a «Sen situación de falta de pagamento».</p> <p>En caso de que a operación fose declarada sempre desde a súa formalización ou emisión «Sen situación de falta de pagamento» na dimensión «Situación de falta de pagamento» do módulo C.3. Datos financeiros dos préstamos a persoas xurídicas, e/ou o debedor da operación fose declarado sempre pola entidade «Sen situación de falta de pagamento» na dimensión «Situación de falta de pagamento» do módulo H.3. Datos sobre a situación de falta de pagamento dos titulares de préstamos que sexan persoas xurídicas e contrapartes en préstamos, declararase «Non aplicable».</p>
<b>Carteira prudencial</b>	<p>Clasificación das exposicións pertencentes á carteira de negociación conforme o artigo 4, número 1, punto 86, do Regulamento (UE) n.º 575/2013.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Carteira de negociación.</li> <li>- Carteira de investimento.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Carteira de negociación: operacións pertencentes á carteira de negociación conforme o artigo 4, número 1, punto 86, do Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> <li>- Carteira de investimento: operacións non pertencentes á carteira de negociación conforme o artigo 4, número 1, punto 86, do Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> <li>- O valor «Non aplicable» asignarase ás operacións non recoñecidas no balance da entidade.</li> </ul>
<b>Importe en libros</b>	<p>Importe en libros polo cal está rexistrada a operación no balance da entidade declarante na data de referencia.</p> <p>Nas operacións de arrendamento financeiro tamén se inclúen o valor residual comprometido por terceiros e o non garantido.</p> <p>As operacións non recoñecidas no balance da entidade declararanse co valor «Non aplicable».</p>
<b>H.2. DATOS SOBRE O RISCO DOS TITULARES DOS PRÉSTAMOS QUE SEXAN PERSOAS XURÍDICAS</b>	
<b>Código da persoa</b>	Código asignado á persoa no módulo A.1.
<b>Probabilidade de falta de pagamento (default)</b>	<p>Probabilidade de falta de pagamento dos titulares de risco durante un ano, determinada conforme os artigos 160, 163, 179 e 180 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.</p> <p>Formato: porcentaxe con catro decimais.</p>
<b>H.3. DATOS SOBRE A SITUACIÓN DE FALTA DE PAGAMENTO (DEFAULT) DOS TITULARES DE RISCO DOS PRÉSTAMOS QUE SEXAN PERSOAS XURÍDICAS</b>	
<b>Código da persoa</b>	Código asignado aos titulares de risco no módulo A.1.
<b>Situación de falta de pagamento (default) da persoa</b>	<p>Situación de falta de pagamento dos titulares de risco na data de referencia conforme o artigo 178 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen situación de falta de pagamento.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por mora superior a 90 días.</li> <li>- Situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento e por mora superior a 90 días.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen situación de falta de pagamento: os titulares de risco que non están en situación de falta de pagamento conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"><li>- Situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento: os titulares de risco que se consideran en situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li><li>- Situación de falta de pagamento por mora superior a 90 días: os titulares de risco que están en situación de falta de pagamento por mora superior a 90 días conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li><li>- Situación de falta de pagamento por improbabilidade de pagamento e por mora superior a 90 días: os titulares de risco que están en situación de falta de pagamento simultaneamente por improbabilidade de pagamento e por mora superior a 90 días conforme o Regulamento (UE) n.º 575/2013.</li></ul>
<b>Data da situación de falta de pagamento (<i>default</i>) da persoa</b>	Data en que se considera que ocorreu a situación de falta de pagamento ( <i>default</i> ) declarada na dimensión «Situación de falta de pagamento da persoa».  Formato: AAAAMMDD

<b>I. DATOS DINÁMICOS SOBRE A ACTIVIDADE DAS ENTIDADES SUXEITAS A DECLARACIÓN REDUCIDA</b>	
<b>PARTE 1. DATOS DOS RISCOS DIRECTOS E INDIRECTOS</b>	
<b>Código da operación</b>	Código con que se identifica a operación. Para a súa formalización utilizaranse os criterios establecidos na dimensión «Código da operación» do módulo B.2. Datos básicos das operacións, excepto no relativo ás operacións con titulares mancomunados.
<b>Código do titular de risco</b>	Código do titular de risco que intervéñ na operación declarado no módulo A.1. Datos que identifican as persoas.
<b>Natureza da intervención na operación</b>	<p>Natureza con que intervéñ o titular na operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Titular de risco directo único.</li> <li>- Titular de risco directo solidario.</li> <li>- Titular de risco directo mancomunado.</li> <li>- Garante solidario.</li> <li>- Garante non solidario.</li> <li>- Compromiso de sinatura en efectos.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Titular de risco directo (único, solidario ou mancomunado): titulares de operacións que sexan prestameiros, avalados ou contrapartes directas da entidade declarante ou emisores de valores propiedade desta. Indicarase que o titular é único cando a operación teña un só titular; que é solidario, cando a operación teña dous ou máis titulares que respondan solidariamente da totalidade do risco, e que é mancomunado, cando a operación teña dous ou máis titulares que respondan mancomunadamente do risco.</li> <li>- Garante (solidario ou non solidario): persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de riscos indirectos porque avalaron, afianzaron ou contraavalonaron a operación no propio contrato garantido, salvo que a operación consista en efectos financeiros ou comerciais, ou noutros contratos, sempre que, neste último caso, a garantía a paguen directamente aos garantes os titulares dos riscos directos, ou a entidade declarante a contratase con coñecemento dos ditos titulares (por exemplo, todas as garantías recibidas de sociedades de garantía recíproca, CESCE ou outras empresas públicas cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito, con independencia de como se instrumenten). Indicarase que o garante é solidario cando avale solidariamente con outra ou outras persoas a totalidade ou parte do risco, e non solidario, cando responda de forma individual de todo ou parte do risco. Unha mesma operación pode ter asemade varios garantes non solidarios e mesmo garantes que sexan solidarios entre si.</li> <li>- Compromiso de sinatura en efectos: titulares de risco indirecto que comprometesen a súa sinatura nos efectos financeiros ou comerciais en que se instrumenta a operación.</li> </ul>
<b>Tipo de produto</b>	<p>Tipo básico de produto a que pertence a operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Crédito comercial con recurso.</li> <li>- Crédito comercial sen recurso.</li> <li>- Crédito financeiro.</li> <li>- Arrendamento financeiro para o arrendatario.</li> <li>- Préstamos de recompra inversa.</li> <li>- Valor representativo de débeda.</li> <li>- Aval financeiro.</li> <li>- Depósitos a futuro.</li> <li>- Avais e caucións non financeiros prestados.</li> <li>- Créditos documentarios irrevogables.</li> <li>- Dispoñible noutros compromisos.</li> <li>- Valores prestados.</li> </ul> <p>Para a súa formalización utilizaranse os criterios establecidos para conceptos equivalentes na dimensión «Tipo de produto» do módulo B.2. Datos básicos das operacións.</p>
<b>Moeda</b>	<p>Moeda en que está denominada a operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Euro.</li> <li>- Libra esterlina.</li> <li>- Coroa sueca.</li> <li>- Coroa danesa.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coroa norueguesa.</li> <li>- Dólar estadounidense.</li> <li>- Dólar canadense.</li> <li>- Ien.</li> <li>- Franco suízo.</li> <li>- Outras.</li> </ul>
<b>Prazo residual</b>	<p>Prazo entre a data a que se refire a declaración e a de vencemento da operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Até tres meses.</li> <li>- Máis de tres meses e até un ano.</li> <li>- Máis dun ano e até cinco anos.</li> <li>- Máis de cinco anos.</li> <li>- Vencemento indeterminado.</li> </ul> <p>Para a súa formalización utilizaranse os criterios establecidos para conceptos equivalentes na dimensión «Prazo residual» do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.</p>
<b>Garantía real principal. Tipo de garantía real principal</b>	<p>Tipo de garantía real que cobre as operacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen garantía real.</li> <li>- Hipoteca inmobiliaria.</li> <li>- Garantía pignoratícia (activos financeiros).</li> <li>- Resto das garantías reais.</li> </ul> <p>Para a súa formalización utilizaranse os criterios establecidos para conceptos equivalentes na dimensión «Garantía real principal. Tipo de garantía real principal» do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.</p>
<b>Garantía real principal. Cobertura da garantía real principal</b>	<p>Para o tipo de garantía da dimensión «Tipo de garantía real principal», indica se a cobertura é:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Total.</li> <li>- Parcial.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>Para a súa formalización utilizaranse os criterios establecidos na dimensión «Garantía real principal. Cobertura da garantía real principal» do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.</p>
<b>Garantía persoal principal. Tipo de garantía persoal principal</b>	<p>Tipo de garantía persoal, adicional á dos titulares do risco directo, con que conte a operación facilitada por garantes ou comprometida nos efectos en que se instrumenta a operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen garantía persoal ou con garantía sen coñecemento do titular.</li> <li>- Garantía de administracións públicas.</li> <li>- Garantía de CESCE ou empresas públicas cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito.</li> <li>- Garantía de entidade declarante á CIR.</li> <li>- Resto das garantías persoais.</li> </ul> <p>Para a súa formalización utilizaranse os criterios establecidos para conceptos equivalentes na dimensión «Garantía persoal principal. Tipo de garantía persoal principal» do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.</p>
<b>Garantía persoal principal. Cobertura da garantía persoal principal</b>	<p>Para o tipo de garantía da dimensión «Tipo de garantía persoal principal», indica se a cobertura é:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Total.</li> <li>- Parcial.</li> <li>- Non aplicable.</li> </ul> <p>Para a súa formalización utilizaranse os criterios establecidos na dimensión «Cobertura da garantía persoal principal» do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.</p>
<b>Situación da operación</b>	<p>Situación que corresponde aos importes que se indican:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación en suspenso.</li> <li>- Operacións con incumprimentos de máis de catro anos.</li> <li>- Operacións con incumprimentos de entre máis de 90 días e catro anos.</li> <li>- Operación incluída nun convenio de acredores.</li> <li>- Operación reestruturada ou reunificada ao abeiro do Real decreto lei 6/2012.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación de refinanciamento, refinanciada ou reestruturada fóra do Real decreto lei 6/2012.</li> <li>- Resto das situacións.</li> </ul> <p>Para a súa formalización utilizaranse os criterios establecidos para conceptos equivalentes na dimensión «Situación da operación» do módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.</p>
<b>Garantía do Estado. COVID-19</b>	<p>Operación avalada ao abeiro do artigo 29 do Real decreto lei 8/2020 ou do artigo 1 do Real decreto lei 25/2020.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operación con aval RDL 8/2020.</li> <li>- Operación con aval RDL 25/2020.</li> </ul> <p>Esta dimensión facilitarana exclusivamente as entidades de pagamento e as entidades de diñeiro electrónico; as restantes entidades non declararán este dato.</p>
<b>Modificación dos termos das operacións. Real decreto lei 34/2020</b>	<p>Para as operacións avaladas ao abeiro dos reais decretos leis 8/2020 e 25/2020, indica se á operación se lle aplicou a extensión do prazo de vencemento e/ou o aumento do prazo de carencia na amortización do principal, previstos no artigo 1 do Real decreto lei 34/2020:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prazo de vencemento.</li> <li>- Prazo de carencia.</li> <li>- Prazo de vencemento e prazo de carencia.</li> </ul> <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prazo de vencemento: operación avalada ao abeiro do Real decreto lei 8/2020 á cal se lle aplicou a extensión do prazo de vencemento.</li> <li>- Prazo de carencia: operación avalada ao abeiro dos reais decretos leis 8/2020 e 25/2020 á cal se lle aplicou o aumento do prazo de carencia na amortización do principal.</li> <li>- Prazo de vencemento e prazo de carencia: operación avalada ao abeiro do Real decreto lei 8/2020 á cal se lle aplicou a extensión do prazo de vencemento e/ou o aumento do prazo de carencia na amortización do principal.</li> </ul> <p>Esta dimensión facilitarana exclusivamente as entidades de pagamento e as entidades de diñeiro electrónico; as restantes entidades non declararán este dato.</p>
<b>PARTE 2. DATOS DOS RISCOS DIRECTOS</b>	
Para a consignación das dimensións seguintes utilizaranse os criterios establecidos para conceptos equivalentes no módulo C.1. Datos dinámicos dos riscos directos.	
<b>Risco disposto. Total</b>	Importe do risco correspondente a principal vencido ou non, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento.
<b>Risco disposto. Total. Do cal: Importes vencidos</b>	Importe do risco correspondente a principal vencido, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento cando a data do primeiro incumprimento da operación teña unha antigüidade de máis de 90 días.
<b>Risco disposto. Total. Do cal: Xuros de demora e gastos exixibles</b>	Importe do risco correspondente a xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento cando a data do primeiro incumprimento da operación teña unha antigüidade de máis de 90 días.
<b>Risco dispoñible</b>	Importe do risco dispoñible, con dispoñibilidade tanto inmediata como condicionada.
<b>PARTE 3. DATOS DOS RISCOS INDIRECTOS</b>	
Para a consignación das dimensións seguintes utilizaranse os criterios establecidos para conceptos equivalentes no módulo C.2. Datos dinámicos dos riscos indirectos.	
<b>Risco disposto. Total</b>	Importe total do risco disposto garantido.
<b>Risco disposto. Total. Do cal: Importes vencidos</b>	Importe do risco disposto garantido vencido cando a data do primeiro incumprimento da operación teña unha antigüidade de máis de 90 días.
<b>Risco disposto. Total. Do cal: Xuros de demora e gastos exixibles</b>	Importe do risco disposto garantido correspondente a xuros de demora e gastos pendentes de cobramento cando a data do primeiro incumprimento da operación teña unha antigüidade de máis de 90 días.
<b>Risco dispoñible</b>	Importe do risco dispoñible, con dispoñibilidade tanto inmediata como condicionada, garantido.

## ANEXO 3

## Modificación do anexo 8 da Circular 5/2012

## ANEXO 8

**Tipos de xuro oficiais de referencia do mercado hipotecario: definición e proceso de determinación**

1. Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito en España. Defínese como a media simple dos tipos de xuro medios ponderados polos principais das operacións de préstamo con garantía hipotecaria de prazo igual ou superior a tres anos, para adquisición de vivenda libre, que fosen iniciadas ou renovadas polos bancos e polas caixas de aforros no mes a que se refire o índice.

Estes tipos de xuro medios ponderados serán os tipos anuais equivalentes declarados ao Banco de España para eses prazos polo colectivo de bancos e caixas de aforros, de acordo co punto 4 da norma décimo sexta. A fórmula de cálculo do dito tipo será:

$$I_c = \frac{\sum i_b + \sum i_{ca}}{n_b + n_{ca}}$$

Onde:

$I_c$  é a media dos tipos de xuro medios ponderados do conxunto de entidades.  
 $i_b, i_{ca}$  son os tipos de xuro medios ponderados dos préstamos de cada banco e caixa de aforros, respectivamente.  
 $n_b, n_{ca}$  é o número de bancos e de caixas de aforros declarantes.

2. Tipo medio dos préstamos á vivenda entre un e cinco anos concedidos polas entidades de crédito na zona euro. Defínese como a media aritmética ponderada polo volume de operacións dos tipos de xuro aplicados ás novas operacións de préstamo ou crédito á vivenda en que se prevexa un período de fixación do tipo de xuro inicial de entre un e cinco anos, realizadas en euros cos fogares residentes na zona do euro durante o mes de referencia, que será o segundo mes anterior a aquel en que teña lugar a publicación do dito valor.

Esta media será a calculada polo Banco Central Europeo conforme o establecido no Regulamento (UE) n.º 1072/2013 do Banco Central Europeo, do 24 de setembro de 2013, sobre as estatísticas dos tipos de xuro que aplican as institucións financeiras monetarias, publicada polo Banco Central Europeo na súa páxina web ou, na falta da dita publicación, en calquera medio electrónico ou físico polo cal difunda esa información.

O índice publicado na resolución do Banco de España non se corraxirá incluso en caso de que o Banco Central Europeo modifique posteriormente o tipo que publicase inicialmente.

3. Tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos. Defínese como a media ponderada por volumes nominais de negociación dos rendementos internos dos valores emitidos polo Estado con vencemento residual entre dous e seis anos, negociados en operacións simples ao contado nos seis meses inmediatamente anteriores. Esta media será a calculada mensualmente por Sociedad de Bolsas, S.A., pertencente ao grupo Bolsas y Mercados Españoles (BME).

4. Euríbor a unha semana, un mes, tres meses, seis meses e un ano. Para cada un dos prazos, defínese como a media aritmética simple mensual dos valores diarios do índice de referencia euríbor®, que figura no anexo do Regulamento de execución (UE) 2016/1368 da Comisión, do 11 de agosto de 2016, polo que se establece unha lista dos índices de referencia cruciais utilizados nos mercados financeiros, de conformidade co

Regulamento (UE) 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello. Os prazos do índice refírense ao euríbor<sup>®</sup> a unha semana, un mes, tres meses, seis meses e doce meses, respectivamente. Estas medias son calculadas polo *European Money Markets Institute* (EMMI) e publicadas no seu sitio web ou en calquera medio polo que difunda esa información. En caso de falta desa publicación por parte do EMMI, o Banco de España calculará e publicará as medias mensuais.

5. Permuta de xuros/*Interest Rate Swap* (IRS) ao prazo de cinco anos. Defínese como a media simple mensual determinada polo Banco de España dos tipos de xuro medios diarios do tipo anual para *swap* de xuros (expresado porcentualmente) para operacións denominadas en euros, con vencemento a cinco anos, calculados pola IBA (*ICE Benchmark Administration*) e publicados na súa páxina web baixo o identificador de serie EUR Rates 1200 ou, na súa falta, en calquera medio polo cal difunda esa información.

6. Tipo de xuro de referencia baseado no *Euro short-term rate* (€STR). Defínese como o tipo de xuro a distintos prazos que o Banco Central Europeo elabora baseado no tipo de xuro *Euro short-term rate* (€STR) e publica a través do seu *Statistical Data Warehouse* (SDW), ou en calquera outro medio polo cal difunda esa información.